



Manuel Colmeiro (1818-1894)

Profesor, científico social e activista

Edición a cargo de José Antonio Redondo López
e Juan Manuel Lema Rodicio

Editan: © Real Academia Galega de Ciencias, 2023
© Consello da Cultura Galega, 2023

Produce: GCiencia

Tradución do texto de Juan Ramón Quintás: Cristina Río López

Tradución e revisión lingüística: Beatriz Fariñas

Deseño: Araceli Jáuregui. A Estudio Gráfico

Imaxes: Arquivo Histórico Diocesano (Santiago de Compostela),
Biblioteca Nacional, Real Academia de Ciencias Morales y Políticas,
Senado de España, Universidade de Santiago de Compostela

Depósito legal: C 1983-2023

DOI: 10.17075/mcpcsa.2023



Manuel Colmeiro (1818-1894)

Profesor, científico social e activista



Índice

Manuel Colmeiro, un economista transformador Juan Manuel Lema Rodicio	7
Manuel Colmeiro y Penido, precursor no ámbito das ciencias económicas Rosario Álvarez	9
Limiar José Antonio Redondo López	13
Manuel Colmeiro y Penido, economista Juan Ramón Quintás Seoane	17
Manuel Colmeiro e a agricultura galega Xosé Cordero Torrón	81
Manuel Colmeiro y Penido, a historia da economía política María Cadaval Sampedro	107
Consideracións arredor da historia da economía e do pensamento económico na obra de Manuel Colmeiro María Xosé Rodríguez Galdo	117
A decisiva contribución de Manuel Colmeiro ao dereito administrativo Jaime Rodríguez-Arana	135
A pegada de Colmeiro na cidade de Santiago Margarita Barral Martínez	139
O papel dos economistas na sociedade actual Miguel A. Vázquez Taín	145

Manuel Colmeiro, un economista transformador

Manuel Colmeiro y Penido, elixido pola Real Academia Galega de Ciencias como científico galego do ano 2023, foi un polímata cuxo propósito básico ao longo da súa vida foi mobilizar os instrumentos económicos, administrativos e políticos para procurar unha transformación necesaria, a modernización da sociedade galega e española do século XIX.

Nunha época caracterizada por profundas transformacións sociais e paradigmas cambiantes, na que imperaban os monopolios, as políticas proteccionistas e as doutrinas económicas ortodoxas, Colmeiro atreveuse a cuestionar as prácticas convencionais. Os seus coñecementos (e as súas intuicións) sobre a dinámica do mercado, o papel do Goberno e a relación simbiótica entre o dereito e a economía sentaron as bases para unha evolución do modelo.

Unha interesante achega de Colmeiro ao mundo da economía reside na súa detallada análise dos factores económicos e sociais que influíron no desenvolvemento histórico de España. Foi un apaixonado defensor da idea de que a comprensión dos principios económicos é esencial para a toma de decisións políticas e sociais. O seu ininterrompido traballo docente influíu decisivamente na formación de varias xeracións de funcionarios, políticos e economistas, de creadores de opinión, o que lle permitiu potenciar a súa influencia e lograr unha moito maior repercusión.

Ademais das súas achegas no ámbito académico, Colmeiro avogou pola aplicación práctica das teorías económicas na xestión pública. A súa visión transcendeu as aulas e materializouse en propostas que buscaban mellorar as condicións económicas da súa época.

Nas seguintes páxinas mergullámonos nunha interesante viaxe pola vida e a mente de Manuel Colmeiro y Penido. O enfoque colectivo deste traballo indica claramente que o impacto de Manuel Colmeiro traspasa os límites da economía. Cada un dos capítulos, escrito por expertos en campos que van desde a economía ata a historia ou o dereito administrativo, ofrece unha perspectiva única que enriquece e contextualiza o seu traballo.

Mentres reflexionamos sobre o impacto das súas ideas, celebremos a valentía e a audacia de Manuel Colmeiro y Penido, cuxo espírito innovador segue inspirándonos para cuestionar, desafiar e imaxinar un mundo onde os principios económicos sirvan como motor transformador cara a unha sociedade máis xusta e solidaria.

Juan Manuel Lema Rodicio

Presidente da Real Academia Galega de Ciencias

Manuel Colmeiro y Penido, precursor no ámbito das ciencias económicas

No preámbulo da lei de creación do Consello da Cultura Galega, nacido seguindo o mandato do Estatuto de Autonomía «para a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego», anúnciase a gran diversidade das liñas de acción que competen ao novo órgano, pois, afirmase, «a acción cultural atinxe ás múltiples facetas da vida do home e das sociedades», ao tempo que se sostén «o dereito de todos a seren parceiros do cultivo do espírito, a asumir os seus valores vixentes, a gozar, xeración tras xeración, dos bens da memoria histórica e do acervo das creacións, a recibir a benfeitoría do progreso das ciencias e das súas aplicacións e da protección e defensa de canto lles é propio nos campos da lingua, das letras e das artes». Neste ano que andamos, ao celebrarmos o 40º aniversario da creación do Consello da Cultura Galega, tivemos ocasión de renovar o firme compromiso na defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, dos seus dereitos á cultura entendida do xeito abrangente antes enunciado, do seu dereito e obriga de arrequestrar e transmitir a herdanza cultural recibida.

Nesa liña enmárcase esta parzaría coa Real Academia Galega de Ciencias (RAGC), que xa se foi convertendo en tradición e que se vén unir á nutrida programación do Consello no ámbito científico e tecnolóxico, con formatos diversos que van desde o debate e a reflexión en distintos foros, aos documentos

de traballo e informes, ao fomento da transmisión interxeracional de saberes, á difusión da ciencia galega e en galego, á memoria dos nosos científicos e científicas, á disponibilización de recursos para o ensino en diversos niveis ou ás publicacións para diferentes públicos, entre as que non falta a banda deseñada.

É por iso unha obriga cumprida con moito agrado e recoñecemento a de contribuír a dar a lume esta publicación en memoria e homenaxe de Manuel Colmeiro y Penido (1818-1894) —xurista, político e historiador—, a quen a Real Academia Galega de Ciencias tomou a feliz decisión de dedicar a celebración do Día da Ciencia como científico galego lembrado no ano 2023. É do maior interese facer notar que, na brillante e prolífica traxectoria do homenaxeado, que percorre a maior parte do século XIX, a RAGC salienta a súa contribución como economista, con investigación propia e transcendente caracterizada polo rigor metodolóxico e o enfoque aplicado, motor transformador dunha sociedade á procura da modernización e da mellora das condicións sociais. Deste xeito, este acto de homenaxe permite tanto honrar a figura dun galego sobranceiro no campo do dereito administrativo e da *res publica* na España decimonónica coma desvelar a grandeza dun precursor dos estudos galegos no ámbito das ciencias económicas, que tanto desenvolvemento acadarían entre nós no século seguinte.

Rosario Álvarez

Presidenta do Consello da Cultura Galega



Manuel Colmeiro

Limiar

Na Xunta de Goberno da Real Academia Galega de Ciencias do 16 de xaneiro de 2023 foi elixido científico galego deste ano, entre un total de 13 candidatos, Manuel Colmeiro y Penido. É a primeira vez que se outorga este recoñecemento a un científico da Sección de Ciencias Económicas e Sociais. Para a Sección é unha honra que a proposta do noso compañeiro Juan Ramón Quintás Seoane tivese tan boa acollida entre os membros da Academia.

Nos traballos que compoñen este libro recóllese amplamente a brillante traxectoria de Manuel Colmeiro y Penido (Santiago de Compostela, 01.01.1818-Madrid, 11.08.1894) como xurista, historiador e economista. Da súa formación en Santiago de Compostela quero resaltar o que no século XIX supoñía ser bacharel e alcanzar o grao de Doutor en Leis, tal como recolle no seu currículo a Real Academia de la Historia: «Cursó Humanidades con el catedrático Pedro Losada. En 1829 comenzó su carrera universitaria en el General Estudio de Santiago de Compostela. Cursó tres años de Filosofía. El 14 de julio de 1832 obtuvo el grado de bachiller *nemine discrepante*. Se licenció y doctoró en Leyes por la Universidad de Santiago de Compostela, donde también fue catedrático de Economía Política».

Foi deputado e senador pola provincia de Pontevedra e pola Real Academia de la Historia, fiscal do Tribunal Supremo e tamén membro da Real Academia de la Historia e da Real Academia de Ciencias Morales y Políticas.

Do seu recoñecemento como administrativista sirva como exemplo unha das súas intervencións nunha sesión do Senado na que se expuña a prórroga da caducidade da concesión do tramo de ferrocarril Ourense a Tui, que acumulaba anos de atraso e importantes desviacións do orzamento inicial. A súa intervención foi respondida polo ministro de Fomento (conde de Torena): «Comprenderá el Senado cuán difícil me ha de ser discutir de asuntos administrativos con el Sr. Colmeiro, cuando tengo el gusto de declarar que fue mi antiguo profesor. Verdaderamente es atrevimiento el que el discípulo, siquiera ocupe la posición que yo ocupó en este momento, y se atreva a discutir asuntos administrativos con su antiguo y querido profesor».

Así como no ámbito do dereito administrativo se soubo recoñecer en Galicia as súas achegas, no ámbito económico temos unha débeda co seu legado, a pesar de que reputados historiadores galegos e economistas profundaron nas súas achegas á disciplina económica. As súas investigacións caracterizáronse polo seu rigor metodolóxico e o seu enfoque aplicado, o que as converteu en ferramentas útiles para entender a economía de España.

A súa *Memoria sobre el modo más acertado de remediar los males inherentes a la extremada subdivisión de la propiedad territorial de Galicia* resultou gañadora do concurso convocado pola Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago en 1842.

Das súas achegas económicas destacan a *Historia de la economía política en España* (1863) e a *Biblioteca de los economistas españoles de los siglos XVI, XVII e XVIII* (1880). A *Historia de la economía política en España* foi unha das primeiras e máis completas que se escribiron. Nela analiza o desenvolvemento das ideas e as institucións económicas en España desde a Idade Media ata o século XIX, con especial atención aos autores españois que contribuíron ao pensamento económico:

Suelen los enemigos de la Economía política acusarla de que despierta en el hombre la sed de las riquezas y alimenta el amor de los intereses mundanos y los placeres de la vida con menoscabo de todo lo bueno y lo justo. No: la Economía política no está reñida con la virtud, no menosprecia el deber, no somete el espíritu a la materia. La Economía Política es la ciencia de lo útil, como la moral es la ciencia de lo lícito y honesto. Lo útil general, o sea el bien público, nunca se opone a la pureza de las costumbres, ni a la severidad del derecho, ni al rigor de la justicia.

Colmeiro mostra como a economía política española estivo influída pola historia, a xeografía, a relixión, a política e a cultura de cada época, e como se relacionou co contexto europeo e internacional. Tamén critica os erros e os abusos que se cometeron en materia económica e propón reformas para mellorar a situación do país. A súa obra foi moi valorada polos economistas do seu tempo e posteriores, como Joseph Alois Schumpeter, que a citou con frecuencia na súa *Historia da análise económica*. A obra de Colmeiro segue sendo unha fonte imprescindible para

o estudo da historia e o pensamento económicos de España. O seu enfoque multidisciplinario e o seu compromiso coa excelencia académica deixáronnos un legado perdurable na comunidade económica e académica.

A súa obra continúa sendo relevante para entender a evolución económica de España e un referente para as futuras xeracións de profesionais da economía.

Hai anos e por iniciativa do académico Luis Caramés Viéitez (1949-2021) e varios profesores da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela, creouse o Grupo de Análise e Debate Manuel Colmeiro, que axudou a recoñecer e poñer en valor os traballos desta figura.

A Escola Galega de Administración Pública tamén contribuíu a enxalzar a súa traxectoria como un dos máis sobranceiros administrativistas de España coa creación do seu Premio Manuel Colmeiro de investigación —que xa vai pola súa XXVI edición—, unha aula co seu nome e un busto.

Só me resta agradecer ao presidente da Academia o seu apoio e impulso, que, coma sempre, foron fundamentais para concluír este libro, e, por suposto, a todos os autores e autoras que participaron na súa elaboración. O meu maior desexo é que o nomeamento de Manuel Colmeiro y Penido como científico do ano 2023 e esta publicación axuden a divulgar e recoñecer o traballo dun científico excepcional, fillo ilustre da cidade de Santiago de Compostela e de Galicia. Bo e xeneroso.

José Antonio Redondo López

Académico da Real Academia Galega de Ciencias



Manuel Colmeiro y Penido, economista

Juan Ramón Quintás Seoane
Real Academia Galega de Ciencias

Os anos xerminais

A familia Colmeiro: esforzo e talento

Manuel Colmeiro y Penido (1818-1894) veu ao mundo o 1 de xaneiro de 1818 en Santiago de Compostela e foi bautizado ao día seguinte na parroquia de Santa María do Camiño. O seu avó materno, un tenente de infantaría retirado, actuou como padriño.

Malia non se contar con moitos datos sobre a súa familia e devanceiros, a información existente (Murguía 1884; Vidal 2020) permite determinar que os Colmeiro proviñan dunha modesta orixe socioeconómica, ao tempo que se evidencia a súa perseverante e exitosa dedicación á mellora desa súa condición socioeconómica, así como un singular talento, clave explicativa do notable logro obtido nos seus empeños vitais.

O avó, Silvestre Colmeiro Pumeda, nado en 1730 en San Cibrao de Chapa, na xurisdición de Trasdeza, figura no catastro do marqués da Ensenada, en 1753, exercendo como oficial de carpinteiro na dita freguesía. O seu oficio debeu de proporcionarlle considerables ingresos, xa que entre 1753 e 1760 o seu patrimonio experimentou un crecemento significativo: comprou unha casa e varios predios, prados e montes, tal e como se recolle no expediente de comprobación de bens, rendas e cargas da freguesía de San Cibrao de Chapa (Trasdeza [Santiago]) efectuado por un decreto de decembro de 1760 para o establecemento dunha única contribución, conservado no Archivo General de Simancas. No mencionado expediente dise:

Silvestre Colmeiro, labrador, carpinteiro e mesoneiro, casado, de trinta e nove anos, ten dous fillos menores, de dez e de oito anos, un criado maior e unha irmá. Por cuxas industrias de carpinteiro se lle regulan vinte reais de utilidade e pola de mesoneiro igual cantidade ao ano, alén do seu persoal de labrador.

Silvestre Colmeiro foi un «hábil tallista», protexido polos Lemos de Deza (Murguía 1884: 203), que se fixo famoso non só polos altares, retablos, oratorios, custodias e camaríns que construíra, senón tamén polas súas papeleiras, mesas de escritorio e cadeiras á inglesa, así como polas súas camas salomónicas, cadeirados e demais mobiliario Luís XV. Os seus mobles acadaron «gran voga entre as persoas dalgún viso, que se apresuraban a encomendarlle estes e outros mobles de importancia» (Murguía 1884: 115). Persoeiros moi principais, como o arcebispo de Santiago, Cayetano Gil Taboada, ou a señora dona Josefa de Lemos, foron os seus clientes. En 1753 Silvestre Colmeiro presentou a información para que lle gardasen as exencións propias dos mestres de arquitectura e escultura, como el se denominaba, pois consta que daba trazas e dirixía obras arquitectónicas. En Santiago traballou bastante, logo de ser chamado para as obras interiores do palacio (Murguía 1884: 203), así como para as da sala chamada rexia do Hospital Real e a sala capitular (Vidal 2020).

Silvestre estivo casado con Juana Rodiño y Taboada; eran veciños de San Cibrao de Chapa, na xurisdición de Trasdeza, e foron pais de tres fillos, Ramón, Luis e José Carlos, e dunha filla, Manuela.

José Carlos Colmeiro Rodiño é o pai do protagonista da nosa historia. Co apoio do éxito laborioso do seu propio pai, Silvestre, José Carlos puido utilizar o seu esforzo e talento persoais para ascender socialmente: no canto de traballos manuais, como o seu pai, José Carlos logrou converterse en escribán notario na cidade de Santiago. Ademais, desempeñou o papel de apoderado e administrador de D. Miguel Gayoso Mendoza Caamaño y Lemos, dono e señor da Casa de Rubianes (Vilagarcía).

Un claro indicador do nivel social acadado por José Carlos Colmeiro é a súa condición de membro numerario da Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, na época en que esta agrupaba unha selecta vangarda da sociedade santiaguesa, integrada por nobres, universitarios e comerciantes, de claro carácter elitista, respectada polas autoridades e pola sociedade en xeral (*vid.* Lema 1996: 86-89; Fernández Casanova 1981). José Carlos «deixou sona de intelixente e honrado» (Salvá 1899: 7).

Estaba casado con Luisa Penido, que finou sendo aínda neno Manuel, e eran veciños da parroquia de Santa María do Sar (Santiago de Compostela) e pais dunha filla, María Dolores, e dous fillos, Miguel (1816-1901) e Manuel (1818-1894), que cursarán estudos universitarios.

Miguel fíxoos en Madrid, en cuxa Universidad Central seguiu as carreiras de Medicina e de Ciencias, nas que se doutorou en 1843 e 1846 respectivamente, e, tras unha brillante executoria docente e investigadora, situouse como un dos personaxes máis influentes na botánica española, importante bibliófilo e prolífico autor con sona de erudito (*vid.* Casado de Otaola 2018; Inza 1907; Lázaro e Ibiza 1901; Olmedilla y Puig 1890; Pedrol 2020).

Pola súa banda, Manuel, o noso protagonista, estudará na de Santiago de Compostela, onde, en 1841, recibe o grao de doutor en Leis e cursa unha fulgurante carreira universitaria. Este artigo ten como propósito explorar a súa vida e obra, atendendo principalmente á súa faceta de economista. A súa traxectoria vital, recalcando a súa actividade como xurista e como historiador, é abordada por outros autores nas páxinas deste mesmo libro.

A impregnación polos valores familiares

Para comprendermos ben a evolución do pensamento do noso personaxe ao longo de toda a súa proxección vital, é mester que nos refiramos primeiro á súa educación no seo familiar. Malia que na súa traxectoria influirán outros factores, é indubidable que os sistemas de valores familiares e do seu contorno social son cruciais para explicar o seu percorrido persoal e profesional, segundo nos indican estudos de variadas orientacións metodolóxicas (entre outros, Harkness / Super 1994; Super / Harkness 1986; Alfieri / Rosnati / Barni / Marta 2014; Whitbeck / Gecas 1988; tamén Tam / Lee / Kim / Li / Chao 2012; Knafo / Schwartz 2009).

Por iso, aínda que non existe moita información sobre a infancia do noso autor, semella razoable crer que as experiencias vitais do pai e do avó, cultivadores dunha poderosa cultura do esforzo, influísen nos valores e principios que condicionarían a conduta de adulto de Manuel con valores como o compromiso, a tenacidade, a convicción e a aplicación do esforzo ao servizo do talento e a creatividade.

En efecto, se se ten en conta que os Colmeiro pasaron en só dúas xeracións do modesto nivel de carpinteiro vilago ao de membro numerario da elitista Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela grazas, principalmente, ao seu talento e a unha prodixiosa laboriosidade, semella moi probable que no ambiente familiar se cultivase unha visión meritocrática da vida, unha verdadeira cultura na cal o esforzo, potenciado polo talento, debía correlacionarse positivamente co éxito e a fortuna.

A traxectoria vital dos irmáns Colmeiro, Manuel e Miguel, coa súa extraordinaria dilixencia e destreza, parece un excelente exemplo deste tipo de transmisión de valores. Ambos ascenderon brillantemente pola escala social, ata alcanzar elevados niveis de recoñecemento público: o primeiro, Miguel, como botánico, e o segundo, Manuel, como economista, historiador e xurista, que chegou a merecer con xustiza a consideración de ser un dos científicos sociais galegos máis brillantes do século XIX.

A adhesión de Manuel Colmeiro á cultura do esforzo, xa na súa fase de adulto, está ben documentada pola súa permanente e decidida oposición ás políticas orientadas por obxectivos igualitarios:

Un grao máis ou menos de forza ou de intelixencia fai o home máis ou menos disposto para o traballo e facilítalle ou dificultalle o acceso á riqueza. Non sería unha tiranía atallar a carreira do hábil so o pretexto de non adiantarse ao torpe, e despojar o home robusto, laborioso e parco da recompensa dun traballo enérxico e asiduo e dos aforros que achegaría coas súas economías e privacións [...] E advértase que este criterio habería ser o mesmo que medise a fortuna do home torpe, débil, pródigo e preguiceiro. Que estímulo lle ofrecería despois ao home un traballo cuxa recompensa non fose a omnímoda liberdade de dispoñer do froito das súas fatigas, é dicir, a propiedade dos bens que obtivo da natureza fecundándoa coa suor da súa fronte? Quen doutro modo inclinaría a súa cabeza cara á terra? (Colmeiro 1845, tomo II, 33-34)

O particular contorno social de cada familia tamén inflúe na temperá inculcación aos seus membros de valores e actitudes. No caso dos Colmeiro, unha circunstancia digna de consideración é a de que o seu ascenso social se realizase baixo a protección de nobres, fidalgos e eclesiásticos. En efecto, como se mencionou antes, o avó Silvestre gozou da protección dos Lemos de Leza, ao tempo que o

groso da súa fiel clientela, tanto como escultor e tallista como respecto das súas tentativas arquitectónicas, estivo fundamentalmente integrada por clero, nobres e fidalgos. Canto ao pai, José Carlos, a súa estreita vinculación coa casa de Rubianes mostra ás claras a protección de que gozou.

Todo isto permite supor que o contorno social puido favorecer a promoción no seo familiar dalgúns valores tradicionais, como a relixiosidade católica, o apego á orde e a posición social. Tamén cabe sospeitar que a súa orixe modesta puido movelos a subestimar, como fundamentos da dignidade persoal ou familiar, elementos tradicionais tales como a liñaxe e a pureza de sangue. O seu orgullo debeu de enraizarse máis ben no seu esforzo e talento profesional, valores estraños a aqueles que pertencían á «clase ociosa».

Unha anécdota, narrada por un seu exalumno e, máis tarde, compañeiro, o catedrático de Economía Política da Universidad Central Melchor Salvá, amósanos tanto a súa non-intimidación polos títulos da nobreza como a súa convicción de que a superioridade intelectual confire autoridade: referíndose ás experiencias de Colmeiro como mozo catedrático da Universidad Central, dinos que, «un día en que había folga, colleu o Marqués de Sardoal por un brazo, empurrouno ata o lintel da aula en que daba as súas leccións, dicindo: “Para dentro, vostede e os seus compañeiros”, e foi obedecido» (Salvá 1899: 15).

A educación formal

Manuel deu mostras desde a súa máis temperá xuventude dun singular aproveitamento dos estudos, unha notable vocación docente e unha precoz actividade investigadora. Antes de entrar na universidade, Colmeiro tivo a sorte de que se lle impartise unha preparación moi boa, pois recibiu leccións de excelentes profesores, entre eles o catedrático da Facultade de Filosofía Pedro Losada Rodríguez (Pedret 1950: 174).

Tras tres anos na Facultade de Filosofía (de 1829 a 1832), con catorce anos obtén nela, por unanimidade, o grao de bacharel e comeza a súa carreira como xurista na Facultade de Dereito da universidade compostelá, onde acadou magníficas cualificacións en todos os cursos e recibiu

o grao de licenciado o 23 de xullo de 1838. «Naquel momento —suxire Mínguez (1995: 38)— Colmeiro xa era alumno distinguido ata o punto de que substituíu varias cátedras en doenzas e ausencias dos propietarios, que desempeñou á satisfacción destes e dos seus discípulos» (información obtida por Mínguez do Archivo General de la Administración [Alcalá de Henares], fondos: Educación y Ciencia, sig. E e caixa 15.558, expedientes 1 e 2).

O propio Colmeiro deixounos un sumario autorretrato da súa identidade xuvenil naqueles anos universitarios nun contorno social marcado pola crispación e a inestabilidade (as «algaradas do 36»): «aos 18 anos cando os facciosos viñan chamar ás portas dos veciños de Santiago, sostíña eu publicamente e coa audacia da irreflexión xuvenil, vivas e encarnizadas polémicas combatendo o goberno absoluto e o tribunal do Santoficio [sic]» (Colmeiro 1842: 23).

Entre 1838 e 1840 completa a súa instrución universitaria, realizando os dous últimos cursos de materia canónica. No curso 1840-1841 recibe o grao de doutor en Leis e manifesta unha temperá vocación docente ao encargarse da substitución da cátedra de Economía Política, vacante de propietario.

Unha «ciencia perigosa»?

A aparición da economía política como unha disciplina diferenciada do resto das ciencias sociais ten lugar a finais do século XVIII. Considérase a obra *A riqueza das nacións* (1776), de Adam Smith, como a fundadora da ciencia económica e orixe dunha longa tradición de análise: a escola clásica.

Manuel Colmeiro atopouse por vez primeira coa economía mentres estudaba Dereito na facultade de Santiago de Compostela. O ensino da economía política era aínda relativamente recente en España, pois a primeira cátedra data de 1784, fundada pola Real Sociedad Aragonesa de Amigos del País de Zaragoza. A esta cátedra seguíronlle as creadas por outras sociedades do mesmo tipo, ou por xuntas e escolas de comercio. A súa introdución no ámbito universitario non se produciu ata 1807, e foi sempre dentro dos estudos xurídicos.

O desenvolvemento no marco universitario viuse dificultado porque a nova ciencia da economía política propoñía unha explicación da orde social «de abaixo arriba», desde os individuos ata o Estado, na que este último tiña un papel importante pero secundario. Isto puña en dúbida moitos principios tanto dos absolutistas como da Igrexa católica.

A entronización da liberdade individual pola economía e o principio das maiorías, así como a construción dun mercado baseado en liberdades individuais, limitadas unicamente pola lei, supoñía a severa coartación dos poderes do déspota. Como o mesmo Colmeiro lembra, «Bonaparte, o home máis celoso do seu poder, e máis inimigo de toda idea liberal, non temía as conspiracións e as intrigas e armas estranxeiras, tanto como aos ideolóxicos, en cuxa denominación comprendía os filólogos, políticos e economistas» (Colmeiro 1842: 23).

Por outra banda, o «pensamento social cristián», tanto católico como protestante, manifestouse inequivocamente hostil fronte ao humanismo liberal e á economía de mercado (*vid.* Fraile 1988: 150 e ss.; Fraile 2004: 69-78; Lasarte 2000: 239-268; Schwartz 2000: 177-195). Sen dúbida, a contundencia da oposición católica sempre superou a de inspiración protestante grazas á riqueza argumental, a unanimidade arredor dun único maxisterio e a organización metodolóxica da Igrexa católica na súa oposición á economía. A oposición católica obedece en boa parte á herdanza da tradición tomista. A cohesión social do mundo medieval tomista baseábase na aceptación xeneralizada dun sistema de deberes sociais xerarquicamente ordenado e presidido por Deus, no que había pouco espazo para os dereitos individuais e a liberdade económica. Neste contexto, a Igrexa católica expresou acerbas críticas cara ao enfoque individualista da economía política, o seu fincapé na maximización do beneficio e as consecuencias negativas que o auxe do liberalismo económico e a industrialización tiñan sobre os máis pobres e vulnerables (pauperismo). A produción española de doutrina social católica foi das máis completas e, sobre todo, dun grande impacto social e influencia. Como anécdota ilustrativa, téñase en conta que a Santa Inquisición considerou que *A riqueza das nacións* defendía o luxo e a riqueza, o cal xulgaba impío, calumnioso e materialista. Por este motivo, en 1792 prohíbea e inclúea no *Index librorum prohibitorum*.

A oposición católica á economía liberal converteuse nunha constante dentro e fóra do mundo universitario, especialmente tras a publicación en 1891 da encíclica *Rerum novarum*.

En resumo, a oposición dos absolutistas e a actitude crítica da Igrexa católica explican que a implantación do ensino da economía política na universidade española sufrise notables altibaixos: as Cortes de Cádiz impulsárona, pero a volta do absolutismo condicionouna adversamente e en 1818 eliminouna por completo, aínda que pouco despois, co Trienio Liberal (1820-1823), a materia se reincorpora ás ensinanzas xurídicas. Un novo retorno ao absolutismo, durante os dez anos seguintes, expulsouna outra vez do plan de estudos. Só tras a morte de Fernando VII, en 1833, foi posible a reintrodución con estabilidade da Economía Política.

A condición de materia «de quita e pon» e secundaria fronte ás disciplinas de natureza xurídica (Almenar 2000a: 57) fixo que a formación da maioría dos economistas españois (entre eles Colmeiro), xeralmente graduados en Leis ou Filosofía, se debese máis a unha voluntaria dedicación persoal aos asuntos económicos. Só algúns economistas gozaron dunha ensinanza especializada en economía de bo nivel, como as que se impartían desde a cátedra da Sociedad Económica Aragonesa (Almenar 2000a: 27).

Colmeiro xa manifestara en 1842 a súa pertenza ao movemento liberal —«os liberais non *temos* bula de pecar contra o pobo» (Colmeiro 1842: 23; a cursiva é miña)—, o cal permitía supoñer que miraría con simpatía a Economía Política. Engádase a isto que lle foi encomendado o desempeño da cátedra de Economía Política da Universidade de Santiago durante os cursos académicos de 1840-41 e 1841-42 e comprenderanse facilmente as razóns da súa especialización temperá na dita disciplina, que perduraría ata o final da súa vida, pese a que as circunstancias, como máis adiante veremos, pronto haberían levalo a limitar a súa actividade docente ás disciplinas xurídicas.

En outubro de 1842, un novo plan de estudos ampliou o contido da súa cátedra, para incluír tamén o «Dereito político-constitucional con aplicación a España», materia na cal se haberían tratar «os fundamentos teóricos da Constitución vixente» e as «leis administrativas» en vigor. Con isto, o espectro de intereses intelectuais preferentes de Colmeiro alargouse cara ao dereito político e o dereito administrativo, disciplinas ambas das que chegaría a ser un dos expertos españois máis ilustres do século XIX e, para algúns, tamén do XX.

Alzando o voo (1842-1847)

En 1842 viron a luz dúas publicacións de Colmeiro: unha crítica feroz, motivada por un escuro asunto do Concello de Santiago, e a tradución —achegando, ademais, un prólogo— dun pequeno tratado económico escrito por Joseph Droz. Tamén neste ano Colmeiro presentaría, ante a Real Sociedad de Amigos del País de Santiago, a súa primeira investigación: un estudo económico de temática galega.

Colmeiro por estas datas ha facer fronte, ademais, ás súas obrigas docentes e á elaboración do seu propio manual de economía política, que verá a luz tres anos máis tarde.

Con só 24 anos, Manuel Colmeiro deixa patente que a cultura familiar do esforzo o impregnara profundamente. Isto, ademais, fai moi probable que Mínguez atine de cheo cando, como explicación da ausencia de novas sobre as súas actividades políticas na inqueda Compostela destes anos, nos di que «seguramente Colmeiro estaba máis preocupado nestes momentos por labra-lo seu futuro profesional» (Mínguez 1995: 43).

Primeira publicación: unha crítica mordaz

A primeira publicación de Colmeiro é un opúsculo de tan curta extensión (24 páxinas) como longo título: *Ecsámen [sic] crítico del manifiesto del Ayuntamiento Constitucional de Santiago en 1841, de la contrata-Caula y de sus resultados económicos*. Trátase dunha crítica mordaz das explicacións dadas polo Concello de Santiago respecto dunha contratación (o convenio administrativo da dita municipalidade con D. Pedro Caula) que Colmeiro supoñía tinguida de corrupción. Lema (1996: 47), ante tal escrito, conclúe que Colmeiro «tiña unha certa participación, polo menos secundaria, na vida política santiaguesa».

A pesar de que o traballo de Colmeiro indica na portada a súa dignidade de «Catedrático substituto de Economía xeral e aplicada nesta Universidade», o estilo do texto dista moito do usual nos traballos académicos. Véxase, por exemplo, o modo en que Colmeiro descualifica o intendente da provincia da Coruña:

Sinto en verdade que a S. S. e eu esteamos tan pouco conformes en principios económico-administrativos; e síntoo tanto máis canto que vivo convencido de que os meus son os verdadeiros en todos os tempos e lugares, e os da S. S. se achán ao nivel dos coñecementos do *non entendido en letras e pseudo-economista* [a cursiva é de Colmeiro] redactor do informe-manifesto. (Colmeiro 1842: 21)

O ton panfletario do opúsculo de Colmeiro revélase en repetidas ocasións ao longo do texto, o cal nos informa de que aos vinte e catro anos Colmeiro aínda non saíra da súa fase de exaltación xuvenil. Seguramente por iso o noso protagonista repudiou de maneira implícita este traballo, ao non incluílo nas súas informacións bibliográficas ou relacións de méritos posteriores.

Pese a isto, hai algúns contidos do opúsculo dignos de ser aquí mencionados: a) a manifestación do anhelo de Colmeiro de formar parte do gremio de economistas: «aínda que non presumo de pertencer aos últimos [refírese aos economistas], polo menos pedín hábito na orde» (Colmeiro 1842: 23); b) a anticipación en varias décadas do concepto de «ben público» (Colmeiro 1842: 4-5), e c) a interesante afirmación de que «non hai liberdade sen benestar nin benestar *sen medios de existencia, con abundancia e baratura*» (Colmeiro 1842: 3).

A tradución de Droz como opción metodolóxica

Malia Smith ser o pai da economía para os docentes, realmente *A riqueza...* non foi moi lida en España e tivo poucas traducións se a comparamos coa rápida, extensa e prolongada difusión, ata finais dos anos 30 do século XIX, da obra de Jean-Baptiste Say. A explicación disto parece radicar no feito de que os elementos contidos n' *A riqueza...* que a enfrontaron ao mundo católico e á acción da monarquía española son ignorados ou non explicitados por Say, de tal xeito que este autor non tivo enfrontamentos directos en España e, por iso, a súa difusión neste país non debeu afrontar poderosos obstáculos.



Título de rexente de segunda clase da cátedra de Economía Política, expedido polo director xeral de Instrución Pública por delegación do Ministerio da Gobernación da Península (1846)

Say, alén de difundir as ideas de Smith, tamén introduce algunhas novidades intelectuais, como o estudo da utilidade do consumo e da teoría do empresario.

Ao avanzar o decenio de 1840, a pegada de Say en España dilúese rapidamente a favor dalgúns dous seus discípulos (como Storch, Blanqui, Granier, Rossi ou Droz), cuxa influencia se mantivo ata mediados dos anos cincuenta (*vid.* Fuentes / Perdices 1996: LXXXV-LXXXVI; Almenar 2000a: 33; Hernández / Tortorella 2017).

O mozo Colmeiro, que acaba de ser designado encargado da cátedra de Economía Política da universidade santiaguesa, vese influenciado por esta corrente de pensamento francés e moi en especial polas tendencias eclécticas (Droz) e de economía

social (Blanqui), plenamente compatibles co seu catolicismo, o cal o conduciu a un enfoque de catolicismo social, en versión moderada e ecléctica.

A «economía ecléctica» é unha corrente de pensamento xurdida como resposta aos debates e diverxencias entre as diferentes teorías económicas predominantes nese momento. A economía ecléctica caracterizábase polo seu enfoque pragmático e o seu intento de reunir elementos de diferentes teorías para construír unha visión máis integral e completa da economía. Esta corrente buscaba superar as limitacións e contradicións das escolas económicas existentes, combinando distintas ideas para atopar solucións máis realistas e aplicables aos problemas económicos da época.

Desexando dispoñer dun manual para os seus alumnos, Colmeiro decide traducir o libro de Droz titulado *Economía política, ó Principios de la ciencia de las riquezas*, obra publicada orixinalmente en 1829, co que realiza, así, unha explícita opción metodolóxica a prol da «economía ecléctica».

O eclecticismo manifestado por Colmeiro, igual que o de Droz, non rexeitaba o liberalismo de Adam Smith, senón que buscaba suavizalo ou corrixilo. Vía a economía como unha ciencia social que promove unha conxugación harmónica dos intereses materiais, éticos e intelectuais e que se ocupaba da «producción de riquezas», pero tamén da súa «distribución».

Como simpatizante do liberalismo, mais tamén fervente católico, a preferencia de Colmeiro pola economía ecléctica semella de todo razoable, pois en tal marco podía manter doadamente un enfoque inspirado polo liberalismo e, de xeito simultáneo, unha postura fronte á cuestión social próxima ao que habería denominarse con posterioridade «doutrina social da Igrexa». Noutras palabras, adoptar un liberalismo social católico.

Malia Droz non ser un dos economistas máis influentes ou destacados da época, a súa *Economía política* reeditouse a miúdo e contribuíu a que a Droz se lle abrisen as portas da Academia de Ciencias Morais e Políticas francesa.

Nesta obra, Droz presenta unha visión xeral dos principios económicos e analiza temas clave como o valor, a produción, o intercambio e a distribución da riqueza. Tamén aborda cuestións de política económica, como a regulación e o papel do Estado na economía.

Droz denuncia os «excesos» que, ao seu xuízo, legara o individualismo exacerbado dos Adam Smith ou David Ricardo e reclama reformas sociais e económicas que inclúan a protección dos dereitos dos traballadores, a regulación estatal da economía e a creación dunha sociedade máis xusta e equitativa. As súas ideas aliñábanse coa crítica á explotación laboral e a desigualdade que se estaba a xestar no contexto da industrialización do século XIX.

Colmeiro defende decididamente no seu prólogo o enfoque ecléctico, entendido como un distanciamento crítico tanto co «materialismo» e o dogmatismo teórico que el atribúe á «vella economía política» como coas novas correntes socialistas e reformadoras.

Colmeiro tamén manifesta a súa moderna visión da economía cando afirma que «os sistemas na Economía política serven para explicar, máis ou menos felizmente, os fenómenos económicos» e ao expresar o seu rexeitamento da «manía de xeneralizar e cinguir os feitos a un sistema no canto de pregar o sistema aos feitos» (en Droz 1842: V, VII e VIII), expresión primitiva, mais atinada, da necesidade de que as teorías se axusten aos feitos, que suxire o contraste empírico como determinante da evolución do pensamento económico.

Primeira investigación: Galicia e a Real Sociedad de Amigos del País de Santiago

Aínda que noutro dos artigos incluídos neste libro se estuda a obra de Colmeiro relacionada coa agricultura galega, coido obrigado referirme aquí ao seu traballo *Memoria sobre el modo más acertado de remediar los males inherentes a la extremada subdivisión de la propiedad territorial de Galicia* por se tratar da súa primeira investigación e porque foi motivo do establecemento dunha relación permanente do noso autor coa Real Sociedad de Amigos del País de Santiago.

A convicción de que a principal misión da ciencia económica era «facer o benestar tan xeral como for posible» animouno, tamén en 1842, a elaborar un estudo que presentou con éxito ao «programa de premios» da Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago e que foi finalmente publicado en 1843.

Colmeiro ten daquela só vinte e catro anos, mais con aquel estudo convértese no primeiro economista galego en enxergar a vía que debía seguir a agricultura galega para a súa modernización. Era esta unha vía de ruptura coa herdanza do Antigo Réxime e co xeito en que se desenvolvía en Galicia a revolución liberal. Colmeiro, partidario da redención foral e de que coincidisen nun mesmo individuo a propiedade e o cultivo das terras, xulgaba que a desamortización non influíra en mellorar a sorte dos labregos e soamente beneficiara un curtísimo número de especuladores.

Fronte a isto, defendía o alleamento a censo de parte dos bens nacionais e que se estipulase un canon en función do produto neto dos predios alleados, que sería redimible á vontade do censalista. Por outra banda, os bens comunais serían obxecto de repartición entre os veciños e terían un aproveitamento privado (*vid.* López Rodó 1950; Cordero 1989; Villares / Artiaga 2007).

Como ben apunta Cordeiro (1989), a quen sigo neste resumo, Colmeiro non foi o único en avogar pola redención dos foros. Tampouco foi o primeiro economista galego en defender a división dos comunais. Mais Colmeiro si foi o primeiro economista galego en concibir na súa globalidade o conxunto de medidas que se deberían adoptar para provocar un cambio na «constitución agraria» e, con isto, eliminar as causas do bloqueo do crecemento agrario e da economía no seu conxunto, pois, na súa opinión, a mudanza na estrutura da propiedade e o aumento da produción agraria alimentarían un incremento dos intercambios comerciais e unha expansión das actividades industriais. O cadro da transformación lenta e gradual da economía galega que enxergaba Colmeiro completaríaase coa instrución pública e as melloras nas vías de comunicación.

O problema máis serio co que se enfrontaba a opción de Colmeiro estaba na carencia dun substrato social que apoiase as súas teses. Descartados foristas e subforistas, interesados no mantemento do réxime foral, a burguesía comercial galega, que manifestara en repetidas ocasións o seu apoio ao réxime liberal, louvaba a desamortización, non cuestionaba o réxime foral e rexeitaba a vía alternativa proposta por Colmeiro.

A tenacidade infatigable de Colmeiro lévao a repetir a súa crítica do réxime foral no posterior *Tratado elemental de economía política ecléctica* e, así mesmo, nas sucesivas edicións dos *Principios de economía política*.

As crises de subsistencia e a necesidade de artellar a economía galega no mercado nacional español fan aflorar na década dos sesenta do século XIX a polémica sobre a necesidade dunha mudanza na estrutura da propiedade en Galicia, co que se retoman entón as ideas que expuxera Colmeiro na *Memoria*; mais os mesmos intereses económicos que se beneficiaban dos foros conseguiron neutralizar calquera medida reformista.

Coas medidas que propoñía, Colmeiro anticipouse en trinta anos á primeira lei de redención xeral de foros, que tería moi escasos resultados, e en preto de oitenta anos á definitiva lei de redención xeral de foros de 1926. Así mesmo, a división dos comunais iríana efectuando tempo despois, paulatina e espontaneamente, os campesiños galegos.

O 25 de decembro de 1842, a Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago outorgoulle a Manuel Colmeiro a distinción de socio de mérito. A partir deste recoñecemento, Colmeiro participou activamente en diversas comisións encargadas de analizar a reforma de pesos e medidas, o sistema monetario español, a renda do sal e a viabilidade de establecer unha fábrica de sedas e algodóns na cidade, así como as estratexias para impulsar a construción de múltiples estradas na provincia.

1845: o Tratado elemental de economía política ecléctica

No ano 1845, a literatura económica enriquecese coa publicación do *Tratado elemental de economía política ecléctica*, obra do profesor Colmeiro, quen, desde 1842, impartía leccións de Economía Política na Facultade de Dereito compostelá, nas que recomendaba aos seus alumnos a lectura do libro de Droz, á espera de lles ofrecer a súa propia obra, a cuxo desenvolvemento se dedicara cun fervor que se exteriorizaba no prefacio do mesmo *Tratado*:

Lanzado de repente na carreira da ensinanza, e comprometido a unha idade aínda non provecta a explicar a difícil ciencia da Economía política, procurei cultivar con froito un ramo do saber cara ao cal me chamaban a un tempo os meus deberes, a miña paixón polos estudos sociais e o meu amor propio: retirado ao pouco, chamado de novo e outra volta retirado, o meu espírito conservou, no entanto, por cariño a estas ciencias ingratas, a enerxía dabondo para perseverar nun traballo que ocupou todos os momentos e formou todas as delicias da miña vida. (Colmeiro 1845, tomo I, V-VI)

O *Tratado elemental de economía política ecléctica* desenvólvese en dous volumes, seguindo a distinción proposta por Karl Heinrich Rau, de 331 e 479 páxinas, extensión que, como mínimo, sorprende ante o cualificativo de «elemental» incluído no seu título.

O primeiro volume está destinado á teoría económica, constituída por proposicións positivas cuxa validez se basea na súa correspondencia cos feitos que tentan explicar. Pola súa banda, o segundo volume céntrase na política económica, que comprende proposicións normativas. Mentres

que a teoría económica se engloba dentro do ámbito científico, a política económica considérase compoñente da arte de gobernar.

Colmeiro avoga polo eclecticismo, entendido como unha actitude crítica e distante tanto fronte ao «materialismo» e o dogmatismo teórico da escola «crematística» (na que inclúe a maioría dos economistas clásicos) como fronte ás emerxentes correntes socialistas e reformadoras. Colmeiro admite abertamente a súa preferencia polos autores eclécticos Blanqui e Droz (Colmeiro 1845, tomo I, 17), aínda que tamén se perciben influencias de Garnier, Say, Rau e Rossi no seu traballo.

No *Tratado*, Colmeiro subliña certos temas; entre eles, a importancia da experiencia e a observación dos «feitos» nas ciencias sociais, e lamenta que «na investigación da verdade científica entrara por moito o raciocinio e por moi pouco a observación e a experiencia» (Colmeiro 1845, tomo I, VI).

Crítica outros autores por pasaren por alto os economistas españois antigos, precursores de moitas ideas. Expresa o seu rexeitamento á excesiva estilización ou vaguidade das nocións económicas herdadas dos primeiros economistas clásicos para abordar os problemas máis conflictivos e concretos das sociedades relativamente atrasadas, como a española, en comparación con Inglaterra ou Francia. Exhibe un escepticismo crítico respecto ao «interese propio» como regulador fundamental da economía, pois confía neste principio en termos xerais, mais non de forma absoluta.

O *Tratado* adopta unha postura crítica fronte aos efectos disruptivos dunha rápida acumulación de capital na produción, os prezos e o emprego, e recoñécense os importantes efectos socialmente negativos do capitalismo competitivo. Colmeiro propón un papel activo do Goberno na economía para corrir ou polo menos mitigar os «excesos» do capitalismo, un sistema no que, por outra banda, cre, como o demostra a súa defensa constante da propiedade privada e a liberdade. No entanto, malia considerar que a propiedade privada é a base do sistema económico e social, advirte que se deben previr os seus abusos, estudando a súa constitución para lograr unha produción abundante que se combine cunha distribución equitativa e favorable da riqueza. Só desta maneira se pode contrarrestar a perigosa ascendencia da propiedade sobre o traballo manual e limitar a subordinación do traballo asalariado (Colmeiro 1845, tomo II, 36 e 43-44).

Colmeiro logra conciliar o seu liberalismo económico cunha axenda governamental máis extensa do que a maioría dos seus correligionarios aceptarían, baseándose no principio de que «a liberdade é a regra, e a restrición son as excepcións, as cales, se han ter o carácter de xustiza, estarán apoiadas na necesidade, ou polo menos, na conveniencia pública: doutro xeito serán un mal sen compensación» (Colmeiro 1845, tomo II, 39).


a) O Goberno e a produción

Colmeiro asumiu unha postura contraria á regulación da industria por parte do Goberno (respecto á competencia dos traballadores, a categorización dos produtos e os métodos de produción), argumentando que «o interese privado é o único capaz de se adaptar ás necesidades do mercado». No entanto, malia esta postura, recoñeceu que era preciso establecer «xustos límites á liberdade da industria fabril» para contrarrestar certos «excesos» desta liberdade (Colmeiro 1845, tomo II, 75 e ss.), como as industrias insalubres ou os incentivos ás patentes de invención ou difusión que daban como resultado privilexios e monopolios, entre outros.

Na mesma liña, ao tratar o tema do asociacionismo industrial, Colmeiro reivindicou a liberdade de empresa, mais, no que respecta ás sociedades anónimas, defendeu a «intervención do goberno, suxeitándoas a formalidades e garantías especiais, a fin de que os interesados nelas non vexan talvez comprometidos os seus fondos e quizais malversada a súa facenda nas mans de tan sagaces, canto inmorais especuladores na confianza de honrados capitalistas» (Colmeiro 1845, tomo II, 289).

Defendía a existencia de sindicatos, que consideraba un dereito, para a negociación das condicións laborais e a resolución de conflitos (Colmeiro 1845, tomo II, 290). De igual forma, avogaba por unha lexislación que limitase o traballo infantil: propoñía a prohibición do traballo para menores de dez anos e limitar a súa xornada laboral a dez horas diarias.

Colmeiro non vía precisa a regulación dos salarios, pois sostiña que «a liberdade é a única organización do traballo» e que o nivel dos salarios estaba determinado pola lei da oferta e a demanda, independente de calquera acción governamental directa, a cal consideraba contraproducente.



Traducción francesa en homenaje á obra xurídica de Manuel Colmeiro

Non obstante, afirmaba: «Sálvese o principio da libre concorrancia e corríxanse os seus defectos». A acción governativa debería moderar os inxustos rigores da competencia en casos especiais, fomentando o desenvolvemento da industria agrícola, protexendo a industria verdadeiramente nacional e a pequena industria, diminuindo a vida da industria en grande que se arraiga nas esaxeracións de crédito, eliminando impostos sobre obxectos de primeira necesidade, difundindo a instrución na clase obreira, moralizando os obreiros aprendéndolles a beneficiarse das caixas de aforros e ilustrándoos verbo dos seus verdadeiros intereses e mantendo abertos os traballos e obradoiros públicos para recibir a poboación desaloxada das fábricas particulares por efecto dalgunha crise momentánea (Colmeiro 1845, tomo II, 315-316).

No tocante ás comunicacións, Colmeiro mostrábase partidario dunha rede viaria xestionada «pola conta do Estado» e opoñíase a que o Goberno cedese «as grandes vías de comunicación» a empresas privadas. Cría que xestionadas «pola conta do Estado» resultarían máis económicas (Colmeiro 1845, tomo II, 277-286).

b) A beneficencia como función governamental

Durante os tempos postremeiros do século XVIII, a falta dun sistema estatal de asistencia víase compensada por unha extensa infraestrutura caritativa liderada por entidades eclesiásticas (dioceses, capítulos catedralicios, mosteiros, conventos, parroquias etc.) e complementada por unha nutrida rede de asociacións benéficas. Existía un conxunto de hospitais que proporcionaban atención clínica e abeiro, ofrecendo servizos aos doentes desfavorecidos e apoio ás vítimas de crises. O financiamento deste mecanismo proviña de capital xerado especificamente para este fin, xestionado por padroádegos instituídos polos fundadores, así como a través de esmolos, doazóns e legados piadosos. Todos estes estaban supervisados pola xerarquía eclesiástica. No entanto, ao avanzar a última década do século XVIII, a base financeira deste sistema empezou a debilitarse por mor da crecente fiscalidade e a presión dunha pobreza en aumento, o que impedía que a Igrexa e as súas asociacións de beneficencia puidesen soste-lo sistema. A prolongación da crise, a diminución das esmolos, a necesidade da Igrexa de achegar donativos voluntarios para a redución da débeda e o inicio dos procesos de desamortización culminaron no colapso do sistema de asistencia caritativa (Martínez 2018: 110-111).

O establecemento do Estado liberal marcou o comezo dun período de mudanza que afastaría a asistencia do enfoque da caridade e a idea de mutualidade gremial de base relixiosa como forma de previsión cara á beneficencia pública e a filantropía.

Paralelamente ao proceso de industrialización e desenvolvemento da moderna economía en Europa, a antiga visión da pobreza deu paso á do pauperismo, que poñía o acento na magnitude da miseria no seo da nova sociedade industrial e urbana. A nova orde económica de propiedade privada e liberdade de empresa e de mercado resultaba insatisfactoria polas súas consecuencias sobre o benestar do proletariado urbano e amplas masas de campesiños, o pauperismo ou a «cuestión social».

Froito amargo das fraquezas da natureza humana, dos erros e abusos da lexislación e tamén da viciosa organización do traballo, é esa chaga inmunda do pauperismo que corroe as entrañas da sociedade moderna, presentándose máis recruada e máis fedorenta alí onde é maior o desenvolvemento da industria. (Colmeiro 1845, tomo II, 334)

O noso autor «foi probablemente, con Canga Argüelles e Ramón de la Sagra, o científico social que na primeira metade do século XIX prestou nas súas obras unha maior atención [á beneficencia]» (Vallejo 2014: 13).

Colmeiro inclúe a beneficencia entre os gastos ordinarios do Estado, por considerala unha das funcións governativas xerais que debía asumir:

É un deber de humanidade e un precepto de xustiza e de política fundar asilos de caridade onde recoller os pobres, os doentes, os anciáns e os nenos faltos de todo recurso, inútiles para o traballo e sen outro apoio no mundo que a tutela da sociedade. O goberno deberá, pois, inxerir nos gastos xerais da nación unha partida tan grande, como for precisa, con destino ao sostemento dos establecementos públicos de beneficencia, contando con que canto máis graven os desvalidos sobre a caridade social, menos haberán oprimir a caridade privada exercida polo conduto da esmola: contribución desigual porque pesa, non por causa das fortunas, senón da sensibilidade dos corazóns. (Colmeiro 1845, tomo II, 356)

Esta nova pobreza ligada á industrialización tamén tiña difícil solución, segundo Colmeiro. A acción governativa debía enfocarse, neste caso, «primeiro a evitar o mal, e se non alcanzar a evitalo, haberá esforzarse despois por corríxilo». Os medios para esa corrección atopábaos na filantropía (a «virtude do amor ao próximo») e na caridade cristiá, mais unha caridade non espontánea, senón regularizada en forma de «caridade pública». Colmeiro dá-lle prioridade á caridade pública sobre a privada, se ben non postulaba a desaparición desta, senón a súa modificación para encher as lagoas que un «sistema completo de socorros públicos» non alcanzase a encher; isto é, debía ter un carácter subsidiario (Colmeiro 1845, tomo II, 339).

Colmeiro manifestou unha preocupación social ante a pobreza non só das persoas desvalidas, senón tamén das válidas, dos obreiros industriais e as súas familias. A beneficencia non era a solución ao desvalemento dos indixentes e aos problemas sociais dos traballadores válidos; entre outras razóns, porque Colmeiro tiña en conta os posibles problemas de desincentivo ao traballo.

Colmeiro compartía a prevención ante a pobreza falsa, que derivaba en galbana, mendicidade e perigo para a orde social e o progreso económico, segundo a súa análise. Por iso distinguía entre os suxeitos posibles da beneficencia: os «desvalidos», o «pobre desgraciado» e o «pobre culpable», e recomendaba para os aptos para o traballo recollidos en casas de misericordia disciplina, moralidade e traballo regulamentado.

c) Política comercial

Colmeiro baséase na teoría das industrias incipientes e propón un proteccionismo selectivo e temporal, vencellado ao fomento da educación e o progreso técnico. En certos casos excepcionais, inclúe algunhas prohibicións, como, por exemplo, a importación de cereais.

Tras unha extensa discusión do tema, cuxa prolixidade desculpa «en graza da importancia nacional do asunto», conclúe que

a organización do comercio exterior fundada na liberdade omnímoda das transaccións, é o belo ideal da economía política, a cuxa perfección é preciso achegarse todo o posible. Dedúcese tamén que mesmo para aproximarse ao termo dos desexos da escola do libre comercio, é preciso camiñar moitas veces por rodeos, e algunhas en dirección, ao parecer oposta, a fin de protexer o desenvolvemento desa mesma división do traballo contrariada ou en-

torpecida polos efectos da concorrència, pois mentres unha nación for superior a outra, «xa pola natureza dos seus produtos, xa pola habilidade dos operarios, ou ben polo moderado dos impostos, por ter un bo goberno, ou pola súa maior ilustración e adianto na civilización, exercerá no comercio unha preponderancia irresistible sobre aqueles pobos que non gozan de iguais vantaxes... Así que, tanta imprudencia é o excluír os produtos estranxeiros do mercado nacional, como abrílles unha concorrència libre e ilimitada».

Que temos, pois, que facer para conseguir o máis alto grao de riqueza e de felicidade, e chegar máis tarde (se chegar é posible) e sen fortes sacudidas ao fin indicado pola ciencia pura? Fomentar todos os xéneros de industria nacional que ofrecesen porvir: difundir entre todas as clases do pobo unha instrución non vaga ou inconducente, senón concreta e facultativa: multiplicar e estender as escolas especiais de artes e oficios: premiar liberalmente as invencións e adiantos útiles: pugar sen descanso por obter a perfección e baratura de todos os obxectos de cambio: baixar despois gradualmente e á medida dos nosos progresos as barreiras que nos separan aínda dos demais pobos; e cando puidésemos marchar emparellados cos máis adiantados na carreira da industria, daquela tamén eu pediría para a miña patria que se derribasen os obstáculos á fusión xeral de todas as nacións do globo para non formar de alí adiante senón unha soa familia. (Colmeiro 1845, tomo II, 143-144)

d) Sistema monetario

Colmeiro avogaba por un sistema monetario mixto que incluíse tanto o diñeiro metálico como o crédito. Non obstante, subliñaba a necesidade de que as autoridades públicas tivesen a capacidade de autorizar, inspeccionar e esixir responsabilidade e garantías de solvencia (Colmeiro 1845, tomo II, 263-268, 326-327).

1847: o «ano triunfal»

En setembro de 1845 aprobouse outro plan de estudos que reformaba o ensino do dereito e o estatuto do profesorado. Como a nova organización da universidade dispoñía a división do profesorado en «Rexentes e Catedráticos», Colmeiro solicitou e obtivo en 1846 o recoñecemento da súa categoría como rexente en Economía Política e, independentemente, como rexente na materia de Dereito Político e Administrativo. Ao cabo de apenas un ano, en abril e maio de 1847,



Título de rexente de segunda clase
para a materia de Dereito Político (1847)

Colmeiro remite unha solicitude e concorre ás oposicións para prover as cátedras das dúas materias das que era rexente, nas universidades de Santiago e Madrid.

Logo de gañar a primeira e ser nomeado, o 5 de maio de 1847, catedrático numerario de Economía Política e Dereito Político e Administrativo na Universidade de Santiago, concorre á segunda. No Archivo General de la Administración de Alcalá de Henares consérvase un manuscrito orixinal, asinado por Colmeiro en Madrid o 13 de maio de 1847. Consta de vinte follas de papel escritas por ambas as caras e o seu título, *Discurso que en las oposiciones a la cátedra de Administración*

y Derecho Político de esta Corte leerá ante el Tribunal de Censura el Dr. D. Manuel Colmeiro, Catedrático de Economía Política en la Universidad de Santiago (Colmeiro 1847), revela con claridade a súa natureza. O interese do documento radica fundamentalmente en ser unha formulación temperá de ideas sobre importantes temas verbo dos cales Colmeiro volvería reflexionar en ocasións posteriores: concepción da Administración, política comercial e, sobre todo, sistemas de comunicacións.

Con tan só vinte e nove anos, o 14 de xuño obtén o seu segundo nomeamento como catedrático: esta vez de Dereito Político e Administrativo da Facultad de Jurisprudencia da Universidad Central de Madrid.

Deste xeito, o noso protagonista tiña a opción de ocupar a cátedra da Universidade de Santiago, o que lle permitiría seguir a ensinar Economía, ou ben renunciar a ela en favor da cátedra da Universidad Central, que o situaba no núcleo intelectual de España.

Colmeiro opta por marchar a Madrid, probablemente atraído por un contorno cultural, social e político que lle facilitase a influencia na formación de elites, así como o acceso a variadas plataformas de interacción profesional ou de difusión de ideas.

Para Nieto (1995: 13), «Manuel Colmeiro é un exemplo característico de burgués provinciano do século XIX que, trasladándose a Madrid en busca dos honores e fortuna que a súa terra de orixe non lle podía ofrecer, logrou plenamente o seu obxectivo sen outro apoio que o da súa intelixencia e esforzo». Coincido de todo coas últimas palabras, pois é o rotundo recoñecemento de que a vida de Manuel Colmeiro se orientou de cheo polo lema familiar dos Colmeiro: «Ao éxito polo talento e o esforzo». En troques, non podo identificarme tanto coa primeira parte da frase, porque é doado comprobar que Colmeiro puido acadar honores e fortuna maiores segundo o que cabe supoñer que sería o criterio dun «burgués provinciano do século XIX», pero que para un intelectual e activista social como Colmeiro serían menos interesantes.

É importante destacar que Colmeiro, malia que tivo que deixar de lado o ensino académico da economía, non abandonou xamais o seu estudo e divulgación; autodefiníase con frecuencia como «economista». Por outra banda, o seu *Tratado elemental de economía política ecléctica* seguiu a ser utilizado como texto en varias universidades e a gozar de boa sona e mercado e, posteriormente, os seus *Principios* tiveron un enorme prestixio e influencia.

Un lugar baixo o sol

Na Universidad Central

Manuel Colmeiro, docente vocacional, desempeñou a súa cátedra madrileña ata o 24 de febreiro de 1881, é dicir, trinta e tres anos sen outra interrupción que a obrigada pola incompatibilidade legal dalgún dos cargos que exerceu ao longo da súa vida activa. Desde 1871 ata a súa xubilación, foi decano da Facultad de Derecho da Universidad Central e o seu retrato figura na Sala de Juntas da dita Facultad.

Os seus primeiros momentos como catedrático da materia de Dereito Público e Administrativo non estiveron exentos de incomodidade, pois, segundo nos informa Salvá, «como era de creación recente, os escolares recibiron o mozo profesor con algunha hostilidade, que se trocou pronto en gran respecto e estimación», o cal fixo a súa autoridade indiscutible (Salvá 1899: 11).

O mesmo profesor Salvá, que fora alumno de Manuel Colmeiro na Facultad de Derecho de Madrid, descríbennos así as súas características como docente:

Metódico, claro na exposición, conténdose nos límites da preparación e desenvolvemento intelectual dos seus alumnos, ben que profundando o tema peculiar de certas leccións, sen se deter nunca con exceso en puntos determinados con relación ao conxunto das doutrinas propias da súa materia, como fan moitos catedráticos con prexuízo dos escolares, Colmeiro, sen alarde ningún, sen o saberen os seus oíntes, introducía nas súas explicacións, a ciencia adquirida no exame atento e prolixo dos manuscritos, das obras antigas e case ignoradas, e, por necesario contraste, dos autores máis recentes, os estudos das súas frecuentes vixilias, non abondando para o seu propósito indagar nos escritores do tema, nun e noutro ano, novos datos á confirmación do aprendido, senón que facía investigacións propias con afán e perseveranza. (Salvá 1899: 10-11)

En 1853 dividiuse a súa ensinanza en dúas partes, nun curso de Dereito político e administrativo, e outro de ampliación do segundo para os que seguían a carreira de Administración, nós escoitamos as súas leccións nos dous períodos, no último dilucidaba con amplitude, con erudición, con xuízo e crítica difíciles de superar, as máis amplas doutrinas e asuntos de controversia, a poboación como as subsistencias, os ferrocarrís como os montes, foron tratados maxistralmente naquelas oracións académicas, que iamos dicir é mágoa que non se escribisen por taquígrafos e se desen á estampa. (Ibídem)

A escolla de Colmeiro a favor da cátedra na Universidad Central madrileña tivo grande importancia en relación coa evolución a longo prazo da súa carreira académica e da súa eficacia como reformador, pois permitiulle acceder a un lugar privilexiado en termos de contacto con outros investigadores, tanto economistas como xuristas, nacionais ou estranxeiros, o cal ampliou notablemente a súa influencia e os seus horizontes no referido a investigación e á proxección das súas ideas (en Salvá 1899: 62-65 coméntase parte da correspondencia que mantivo con expertos europeos). Ademais, en Madrid creábanse importantes medios de difusión das ideas económicas, como *El Economista*, *La Tribuna de los Economistas* e a *Gaceta Economista*.

Todo isto proporcionoulle «un lugar baixo o sol».

A fin de perfeccionar a súa formación como economista e xurista, Colmeiro decidiu ampliá-la no estranxeiro, actitude esta excepcional naqueles tempos. Para manter a súa dedicación docente, houbo sacrificar a esta formación adicional as vacacións estivais dos anos de 1851 e 1855. Grazas a estas estadias, Colmeiro forma excelentes relacións con eminentes xuristas e economista en varios países de Europa e inicia a súa integración nos circuítos institucionais da ciencia económica, política e xurídica europea. Este *networking* bríndalle a oportunidade de aprender de expertos de todo o mundo, compartir os seus coñecementos e técnicas con outros investigadores e establecer conexións e colaboracións con colegas. En Salvá (1899: 62-65) coméntanse algunhas das cartas xurdidas destas relacións.

Froito da súa proxección internacional foi a súa incorporación como membro de relevantes institucións europeas. En 1856 foi nomeado correspondente do Instituto Nacional de Xenebra e en 1857 foino do Instituto Imperial de Francia (Academia de Ciencias Morais e Políticas). En 1881 incorpórase á Real Academia de Ciencias e Belas Artes de Bélxica e en 1883 é designado socio estranxeiro da Real Academia dos Linceos de Roma (Salvá 1899: 8).

Tamén, en calidade de profesor honorario, foino das universidades de Cracovia e Khárkiv. Ao comunicárselle a Colmeiro, en 1859, que fora elixido profesor honorario desta última universidade, foille dito: «Agrádame pensar que sodes (se non me engano) o primeiro sabio español que ten relacións directas coas Universidades rusas. A nosa elección foi unánime e débevos probar a nosa estimación» (Salvá 1899: 63).

Foi nomeado decano da Facultad de Derecho no 25 de novembro de 1871, conselleiro re-lator de Instrución Pública no 2 de novembro de 1865 e inspector xeral de Instrución Pública no 19 de xuño de 1874.

Por outra banda, a súa situación económica foi desafogada, aínda que non excesivamente, «acumulando ó seu soldo de funcionario ingresos procedentes do exercicio, máis ben esporádico, da profesión de avogado, das súas publicacións e dalgunhas administracións patrimoniais de pou-ca importancia» (Nieto 1995: 13).

Volvamos agora aos primeiros momentos de Manuel Colmeiro en Madrid porque no seu contorno se porán en marcha dous acontecementos moi distintos, mais que conxuntamente ha-

berían causar unha importante transformación da perspectiva como economista do noso protagonista: a Revolución de 1848 e o triunfo da «escola economista» ou «optimista» en España. Tal transformación, sufrida polo «primeiro Colmeiro», adóitase chamar a «conversión» de Colmeiro.

A Revolución de 1848

O ano de 1848 é considerado un dos grandes puntos de inflexión da historia contemporánea. O inicio en Francia da Revolución de 1848, coñecida tamén como a «primavera das nacións» ou «primavera dos pobos», case coincidiu co traslado de Colmeiro a Madrid. Esta revolución foi resultado dunha amálgama de factores políticos, sociais e económicos que espertaron unha crecente insatisfacción na poboación francesa.

Desde o punto de vista político, o réxime monárquico encabezado por Luís Filipe I xerara un gran descontento por mor do seu carácter autoritario e das restricións impostas ás liberdades civís. Ademais, o Goberno era percibido como moi favorable aos intereses da burguesía e pouco propicio para as clases traballadoras.

No ámbito social, a sociedade francesa atopábase sumida nunha axitación xeneralizada ocasionada polas precarias condicións de vida, a falta de emprego e a crecente desigualdade económica. Estas circunstancias xeraron un ambiente conveniente para o descontento e a protesta.

O 22 de febreiro de 1848, unha serie de disturbios en París culminaron coa caída do réxime de Luís Filipe I e o establecemento dun Goberno provisional, coñecido como a Segunda República francesa, dirixido por líderes republicanos e socialistas.

Durante o curso da revolución, promulgáronse diversas medidas progresistas, como a abolición da escravitude nas colonias francesas, a implementación do sufraxio universal masculino e a protección dos dereitos laborais. Estas reformas estimularon a emerxencia dunha ondata de revolucións políticas e sociais que tiveron lugar noutras partes de Europa ao longo dese ano. Destacan, en especial, os casos de Alemaña, Italia e o Imperio Austrohúngaro. Estas revolucións compartiron a demanda de reformas liberais, democráticas, nacionalistas e, nalgúns casos, tamén de carácter social.

No tocante á súa influencia en España, a Revolución de 1848 non tivo transcendencia revolucionaria. A clave para entender a diferenza en resultados das barricadas de febreiro en París e as que se formaron durante o 27 de marzo e o 7 de maio en Madrid e o 13 de maio en Sevilla radica na enorme rapidez e durísima acción represiva do Goberno de Narváez, o «espadón de Loja». Durante os días que seguiron á chegada a España da nova da revolución parisiense, puxo en marcha unha Lei de poderes extraordinarios que lle permitía clausurar as Cortes e suspender as garantías constitucionais. As insurreccións urbanas non foron senón a punta do iceberg e a fuxida cara adiante dun movemento máis amplo que foi desmantelado desde o inicio polas autoridades gobernamentais, armadas co poder que lles outorgaba a Lei de poderes extraordinarios. Os intentos insurreccionais de Madrid non fixeron senón acrecentar a represión do Goberno de Narváez sobre a oposición progresista e demócrata, que non se cinguiu só ás grandes capitais, senón que se estendeu tamén ao ámbito provincial e rural.

Os detidos eran encarcerados, desterrados ás provincias limítrofes ou enviados en longas cordas de prisioneiros aos portos para ser mandados a ultramar, xeralmente ás illas Filipinas. O férreo control da policía e o exército nas grandes cidades levou a oposición demócrata a mudar a súa estratexia, que pasou da insurrección urbana á formación de partidas de guerrilleiros no ámbito rural.

As barricadas de Madrid, contemporáneas ás de Viena, París, Milán ou Berlín, puideron ser menos intensas que as súas análogas —debido, como xa vimos, á prematura reacción goberamental—, mais non por iso carentes do mesmo significado discursivo e ideolóxico ou de idéntica base social. No caso español podemos constatar, alén diso, a existencia dun intenso movemento revolucionario nas provincias e no rural, que estará en constante comunicación cos expatriados residentes en París. Xunto a esta efervescencia social atopamos ademais un movemento carlista, a guerra dos *matiners*, froito da crise de 1846.

En xeral, a Revolución de 1848 xerou un gran temor entre as clases dirixentes e intelectuais españolas. Este temor debíase á posibilidade de que as ideas revolucionarias contaxiasen a sociedade española, nun contexto xa marcado pola crise de 1847-1848 e un malestar social alimentado pola miseria das clases obreiras, con consecuencias desastrosas tanto para a economía como para

a poboación, así como o seu potencial para xerar liderados autoritarios. A efervescencia no ámbito rural e as partidas de republicanos e carlistas a percorrer os campos «colmou o vaso» (García 2017: 185-205).

Como resultado, moitos economistas críticos co capitalismo e a economía liberal abandonaron as súas argumentacións reprobatorias do capitalismo «para non botar máis leña ao lume» e entregáronse con ou sen reservas á ideoloxía liberal.

O proceso narrado de afastamento de tendencias progresistas e achegamento a posicións moderadas ou conservadoras ten unha gran semellanza co percorrido efectuado por Colmeiro na súa «conversión». Malia que Colmeiro nunca admitiu que fosen os ditos temores os que o levaron a mitigar as súas críticas ao capitalismo en desenvolvemento, a súa «conversión» ten unha alta similitude co camiño emprendido pola maioría dos seus antigos compañeiros de ideoloxía ecléctica (Vallejo 2014: 30).

Tres anos antes da Revolución, Colmeiro xa expresara abertamente o seu temor de que a crítica social ao capitalismo puidese desencadear unha revolución:

[...] eu non quería que o escuro gabinete do filósofo se convertese nos nosos días en fragua de Vulcano; porque así como este deus do paganismo forxaba o raio e armaba a destra poderosa de Xúpiter co terrible instrumento das súas iras e vinganzas, así hoxe sucede con demasiada frecuencia que tal sabio distinguido por explorar o mundo ideal, perde enteiramente de vista o mundo positivo. E como adoita acontecer que a teoría demostrada se ache en oposición e en guerra coa práctica admitida, os intereses crúzanse e chocan, a verdade encóntrase coa verdade, a opinión filtra, esténdese e invade, os dereitos existentes resisten, o horizonte político cárgase e escurécese, as tempestades fórmanse, roxen ao lonxe, e por último, brilla o relampo e estala o trono das revolucións. (Colmeiro 1845, tomo I, X-XI)

Nótese que, en 1842, na súa introdución ao Droz, Colmeiro formulou un consello de signo oposto e, na miña opinión, máis atinado, respecto a como afrontar o risco de revolución: non enmudecendo a crítica, senón realizando reformas. Di Colmeiro que, ante «o fúnebre cortexo da miseria e a depravación da clase obreira», estes modernos escravos poderían verse impulsados a

**PRESIDENCIA
DEL
CONSEJO DE MINISTROS.**

CONS. DE E. 20

4 Marzo 1880

Enterado

Excmo. Sr.
S. M. el Rey (q. D. g.)
se ha servido expedir el
Real Decreto siguiente:
"Tengo en nombrar
Consejero de Estado á don
Manuel Labraña y Posada,
Senador del Reino, como
comprendido en el artículo
séptimo de la Ley orgánica
del mismo Consejo, y destinarte á la Sección
de Fomento del
expressado cuerpo. Dado
en Palacio á veinticuatro
de Febrero de mil
ochocientos ochenta

Nomeamento como conselleiro de Estado (1880)

rebelarse nunha revolución que lle arrincaríaa á sociedade concesións de forma violenta e mortal para a civilización. Tales concesións serían moito máis perturbadoras que as que, outorgadas por vontade propia, serían suficientes para rexenerar a sociedade e evitar a revolución. Deste xeito, a sociedade, non só polo respecto aos principios da xustiza, senón polo seu propio interese de conservación, debería anticiparse a aquela catastrófica eventualidade mediante a implementación das reformas precisas (en Droz 1842: XXV). Neste sentido, Colmeiro destaca aquí o seu aprecio polo gradualismo e o pragmatismo, poñendo a reforma en contraposición á revolución.

A «escola economista» e a «conversión» de Colmeiro

En paralelo a estas mudanzas decorren outras que, para un incansable estudoso da economía como era Colmeiro, non podían deixar de afectarlle.

Ao finalizar a década dos anos corenta advértense novas orientacións no pensamento económico en Europa. En Gran Bretaña, os *Principios* de Stuart Mill impoñen a súa hexemonía. En Francia, a escola «economista», relacionada con Say, consolida a súa dominancia doutrinal e política, e en Alemaña a *Nationalökonomie*, e o desenvolvemento da escola histórica, marcan o camiño. Xunto a estes tres eixos principais do pensamento económico europeo cabe situar as correntes críticas socialistas. De todas estas orientacións, será o grupo ou escola «economista» o que goce de maior influencia en España, a gran distancia de todas as outras (Lluch / Almenar 2000: 135).

A imitación da de Francia, no decenio de 1850 creouse a Escola Economista ou Optimista de España (Román 2003), que se orientaba predominantemente á defensa do libre cambio. A súa consolidación iníciase a mediados da década de 1850-1860, seguindo, en xeral, os padróns doutriniais e organizativos do grupo francés.

Son moitos os autores que, encadrados previamente nas filas proteccionistas, se moven, en maior ou menor medida, cara ao librecambismo por influencia, ou no marco, da Escola Economista. Colmeiro é un dos que experimenta, polo menos parcialmente, un de tales cambios, que, xunto coa moderación das súas críticas ao sistema capitalista, comentada na epígrafe anterior, constitúe

a «conversión» de Colmeiro e dá razón da maioría das mudanzas que se aprecian entre o seu *Tratado* de 1845 e o novo libro, titulado *Principios de economía política*, que publica catorce anos máis tarde.

1859: os Principios de economía política

En 1859, logo de contraer matrimonio dous anos antes con M^a Paz Isabel Salvá y Hormaechea, orixinaria de Pamplona e de 23 anos (Mínguez 1995: 46), Colmeiro publica a súa obra *Principios de economía política*. Este traballo de 373 páxinas pon de relevo, tal e como sinala Caínzos (1995: 35 e ss.), a persistencia do seu interese pola economía no medio dunha carreira profesional esencialmente xurídica. Engádanse a isto as tres reedicións posteriores, en 1865, 1870 e 1873, cos correspondentes labores de actualización, así como as súas innumerables actividades como investigador e polemista na área da economía, e terase a máis contundente proba da firmeza da vocación de economista do noso autor.

Por se quedase algunha dúbida, o propio Manuel Colmeiro, o 18 de decembro de 1864, no seu discurso de resposta a Santiago Diego Madrazo, co gallo da súa recepción pública como numerario da Real Academia de Ciencias Morales y Políticas, confesa aquela vocación dicindo: «Eu, señores, malia que indigno, pertenzo ao honrado gremio dos economistas» (Colmeiro 1864: 57).

En *Principios de economía política* fica patente o movemento de Colmeiro desde o eclecticismo exhibido na súa anterior obra, o *Tratado*, cara a unha visión nitidamente influída pola Escola Economista, máis próxima ao liberalismo individualista. A diferenza do seu *Tratado*, nos *Principios* Colmeiro xa non ten a obsesión de reformar o capitalismo desde unha perspectiva social. Agora describe e explica o sistema desde a súa perspectiva liberal e proporciona argumentos sólidos e ben fundamentados academicamente para o lexitimar. No entanto, Colmeiro mantén a conveniencia da intervención estatal para compensar problemas sociais graves creados polo emerxente capitalismo e para garantir o gradualismo na implementación da orde liberal en economías problemáticas como a española.

A aproximación aos postulados da Escola Economista motiva que existan algunhas importantes diferenzas entre as opinións ofrecidas en 1845 e as expresadas en 1859, o que o move a tentar xustificalo dicindo que,

[c]omo non se lle esconden os defectos daquel libro, primicias dos seus estudos, nin pechou os ollos e os oídos ao progreso ulterior da ciencia económica, nin menosprezou a ensinanza das reformas contemporáneas, dos congresos de persoas doutas e experimentadas, das grandes exposicións dos produtos da agricultura e das artes e doutros sucesos importantes que todos os días contribúen a mudar a face do mundo, considerou preciso emendar e corrixir a súa doutrina en moitos puntos capitais, e variar esencialmente o plan da obra[,]

polo que, no canto dunha reedición do *Tratado*, pese ao seu éxito no mercado, decidiu escribir uns *Principios* (Colmeiro 1859: II-III). Esta obra foi «un dos tratados de economía política mellor coñecidos e usados en España» (Fraile 2004: 11).

Consideremos detidamente as diferenzas máis notorias de enfoque entre o *Tratado* e os *Principios*.

a) Goberno e produción

Pódese observar unha diminución significativa da atención de Colmeiro cara ás condicións laborais dentro das empresas, un aspecto que no *Tratado* adoitaba abordar con intensidade. En 1859, desde unha perspectiva de liberalismo individualista, argumenta que a autoridade non debía inmiscirse na determinación dos salarios, senón que estes debían establecerse mediante un acordo mutuo entre o obreiro e o empregador (Colmeiro 1859: 267), unha postura contraria á que manifestara en 1845, cando defendía o dereito dos traballadores sindicalizados a acordar colectivamente as condicións laborais. En 1859 móstrase moi escéptico verbo da eficacia das «coalicións de obreiros» para mellorar as condicións laborais destes, malia admitir que, «[s]endo as coalicións dos obreiros pacíficas e respectando a liberdade individual, deben ser toleradas polo goberno, maiormente se se consente e autoriza a liga dos fabricantes» (Colmeiro 1859: 267).

Canto ás comunicacións, Colmeiro abandona a súa antiga preferencia polo protagonismo estatal na construción e xestión das grandes vías para pasar á posición contraria:

Por regra xeral convén preferir o sistema de construción e explotación a cargo de particulares; e dicimos por regra xeral, considerando que pode haber certas liñas políticas ou militares que o estado reserva para si como instrumentos de goberno, con tanta máis razón, canto que, non sendo dun modo directo lucrativas, semella escusado agardar a que solicite a súa concesión ningunha persoa ou compañía. (Colmeiro 1859: 241)

b) A beneficencia como función governamental

Nos *Principios*, desaparecen as referencias ao pauperismo xerado pola industrialización e prevalecen os argumentos máis estritos da ortodoxia liberal doutrinaria de mediados do século XIX para xustificar a beneficencia.

En materia de asistencia social, os desvalidos foron o colectivo obxecto de atención prioritaria. Para eles exclusivamente estaba concibida a beneficencia configurada como servizo financiado polos orzamentos das administracións públicas. Colmeiro xustificou este servizo como un deber moral (ou social) dos poderes públicos e non como un deber xurídico que respondese a un dereito social de cidadanía. Para os demais, para os traballadores «válidos», quedaban a responsabilidade individual, a previsión privada e a asistencia informal no seo da familia ou a solidariedade das comunidades locais (Vallejo 2014).

c) Política comercial (comercio exterior)

Colmeiro experimentou unha significativa evolución no seu pensamento e, así, moveuse desde o proteccionismo de 1845 cara ao librecambismo. No entanto, nunca chegou a ser plenamente librecambista, pois na práctica defendía un librecambismo «gradual»:

A ciencia aspira á abolición perpetua dos dereitos protectores; mais a prudencia recomenda dar tempo ao tempo, e proceder dun modo lento e gradual para non ferir os intereses creados á sombra das leis. Polo mesmo que existen, merecen respecto [...]. A reforma debe chegar tarde ou cedo; pero convén traela con suavidade [...], afastando os perigos de toda mudanza repentina. (Colmeiro 1859: 129)

O debate sobre os aranceis tivo unha enorme importancia na época de Colmeiro, e el prestoulle grande atención. É por iso polo que resulta sorprendente a ausencia da análise ricardiana nos capítulos XX, XXI e XXII da primeira edición dos seus *Principios*, dedicados ao comercio internacional, colonial e de grans, respectivamente, xa que a dita análise foi crucial na discusión proteccionismo *versus* librecambio (*vid.* Colmeiro 1859: 105-159). Só desculpa en parte esta lagoa o feito de que tal debilidade fose compartida pola inmensa maioría dos economistas da época (con moi poucas excepcións, como Álvaro Flórez Estrada), o que reflicte o retraso da chegada da análise ricardiana ao noso país (*vid.* Cabrillo 1977).

d) Cuestións arancelarias, monetarias e financeiras

Mesmo logo da súa «conversión», Colmeiro conservou certas características distintivas que o diferenciaban da gran maioría dos seus compañeiros da Escola Economista. Dúas das máis notables son o mantemento dun papel para a acción estatal e a defensa do «gradualismo» na aplicación dos criterios xerais á política económica, tanto en cuestións monetarias como arancelarias ou financeiras. A diferenza do liberalismo doutrinario, Colmeiro avogou nos seus *Principios de economía política* por reformas «meditadas e prudentes» neste tipo de asuntos.

O gradualismo de Colmeiro é evidente noutro tema moi controvertido, como é o monopolio do banco emisor.

Un científico social polifacético

A obra e a actuación de Colmeiro non só foron brillantes, senón tamén polifacéticas, con extraordinarias achegas nos ámbitos xurídico e histórico.

Malia este esbozo biográfico centrar a súa atención no perfil económico do noso autor, recoñecemos que, como nos lembra Nieto (1996: 12), «non hai un Colmeiro xurista, un Colmeiro economista e un Colmeiro historiador e tantos outros, senón que o autor é unha soa persoa». Por iso, se ben razóns de vantaxe comparativa poden xustificar que neste libro se aborde en artigos

separados cada unha das vertentes, sería inescusable non referirse neste, sequera brevemente, á achega de Colmeiro aos outros campos nos que o seu talento produciu obras de enorme mérito.

Canto á súa obra como xurista, deu ao prelo, en 1850, o seu *Derecho Administrativo Español*, en dous volumes (que alcanzou a cuarta edición en 1876).

Tras o seu breve *Manual de Derecho Político*, publicado en 1852, ve a luz en 1855 *De la constitución y del gobierno de los reinos de León y Castilla*, a súa obra fundamental en materia histórico-política, igualmente distribuída en dous tomos, reeditada e corrixida en 1873 como *Curso de derecho político*, según la historia de León y Castilla, que consolidará o seu liderado na materia xurídico-política.

En 1858 publica o seu exitoso *Elementos de derecho político y administrativo*, cuxa sétima edición ten lugar en 1887. No ano de 1858 dá ao prelo o seu *Derecho constitucional de las repúblicas hispano-americanas*.

O lector interesado na obra xurídica de Colmeiro pode atopar diferentes valoracións dela en Gallego (1995), López Rodó (1993), López Rodó (1995), Lema (1996), Nieto (1995), Rodríguez-Arana (1995), Fontes (2002) e Pro (2016). Como apertado resumo do xuízo deste último, que comparo, cómpre lembrar, primeiro, que, durante os anos trinta e corenta do século XIX, os pensadores españois acollían con fervor a visión dun potente e unificado Estado español, competente para intervir en todos os aspectos da sociedade. Este anhelo resultaba especialmente comprensible nun contexto onde as estruturas burocráticas da antiga monarquía colapsaran; a facenda estaba en bancarrota; as oligarquías locais exercían un control inquebrantable sobre a vida social, tanto no ámbito rural como nas cidades de tamaño pequeno e mediano; as guerras e a inestabilidade política freaban calquera intento por impoñer orde nos asuntos públicos e existía un clamoroso déficit de recursos para despregar unha forza de funcionarios modernos, cuantiosa e ben preparada. Este desexo de establecer un Estado forte, unificado, artellado e eficiente reflicte a rotunda convicción destes pensadores de que era factible e preciso transformar as estruturas administrativas e sociais da época.


Como afirma Pro, foi mérito de Colmeiro, «xurista de cabeceira do administrativismo español do XIX», culminar a sistematización xurídica de tal novo Estado, cuxa esencia residía na

«súa identificación coa Administración, unha Administración pública numerosa, centralizada e intervencionista que levase a acción do Goberno ata todos os recantos do territorio. Tal visión ideal [...] orientou a grandes trazos a construción do Estado español contemporáneo» (Pro 2016), e mesmo cabe falar da existencia, en tempos non moi remotos, dun movemento a prol da «volta a Colmeiro» (*vid.* López Rodó 1993: 302).

Administrar é equivalente a gobernar, é dicir, a exercer o poder executivo. Colmeiro defíneo como un poder dotado de todas as facultades precisas para facer cumprir a lei, mais sen atribucións con respecto á lexislación e á xustiza. Para Colmeiro, a teoría de Montesquieu debe ser de limitación de poderes e non de separación; segundo el, con independencia da organización política dun Estado, os seus poderes públicos limitaríanse reciprocamente, porque todo poder ilimitado é en si un poder absoluto e indefinido, que destrúe os dereitos individuais ou pode arrebatarse a súa precaria existencia.

Porén, non hai dúbida de que máis dun xefe de Goberno gustaría de contar cun executivo cos poderes que se asignan no modelo de Colmeiro, xa que a súa preeminencia probablemente poñería en risco a independencia da xustiza e do mesmo poder lexislativo. Por este motivo, é razoable pensar que un Estado-Administración como o descrito violaría os criterios definitorios dunha democracia avanzada.

Non obstante, tal e como nos lembra Rodríguez-Arana, «[c]ertamente, como froito do seu tempo, non é xusto nin lícito a nivel metodolóxico querer atopar en Colmeiro aproximacións ó sistema democrático propio do século xx» (Rodríguez-Arana 1995: 196), nin tampouco ignorar as circunstancias nas que Espa-



Manuscrito de Manuel Colmeiro
con selo da Real Academia
de Ciencias Morales y Políticas (1842-1844)

ña e a súa Administración se atopaban a mediados do século XIX. Con palabras do propio Colmeiro: «os seus erros son os erros do século en que viviron» (Colmeiro 1942: V-VI); «Hai avós na ciencia, di Blanqui, como os hai na natureza, e é unha proba de mal gusto ou de malos principios o ofendelos co noso desprezo» (ibídem).

Nesta revisión do carácter polifacético da obra científica de Colmeiro, é obrigado lembrar tamén que el é brillante pioneiro no eido da historia da economía e dos economistas españois, e autor dalgunhas das máis importantes investigacións en tales ámbitos.

Motívao o seu desexo de obter o recoñecemento xeral das achegas científicas dos precursores que descobre como afortunada consecuencia da súa obsesiva análise dos feitos económicos, actuais ou do pasado, na procura da descuberta ou contraste de hipóteses e teorías. O seu interese polos autores españois en economía, xeralmente descoñecidos e por veces aínda desprezados, foi alén do uso ocasional de citas e pasaxes. Logo se converteu en asunto monográfico de estudo.

Tratábase de autores que, chamando a atención sobre «a ineficacia das prohibicións e os medios seguros de fomentar a industria nacional» e avogando por incentivar «o traballo dos labregos, artesáns e mercadores» e pola «moderación dos gastos públicos», tentaban coas súas obras promover a «riqueza e felicidade dos pobos». Isto diferenciábaos completamente doutros autores coetáneos, os chamados «arbitristas» ou «proxectistas», que a Colmeiro lle parecían «curandeiros da república», «inventores de quimeras» e «alquimistas da Real Facenda».

Tres estudos de Colmeiro forman un sólido conxunto que constitúe unha reivindicación crítica daqueles economistas ignorados ou menosprezados:

1. O seu discurso de recepción na Academia de la Historia en 1857, cuxo tema foi «Los políticos y arbitristas españoles de los siglos XVI y XVII y su influencia en la gobernación del Estado», dedicado aos «precursores da ciencia económica» española. Nel rescata a obra dalgúns «sabios e prudentes conselleiros» dos séculos XVI e XVII, críticos cos habituais «erros económicos» dos gobernantes.

2. *Historia de la economía política en España*, en dous volumes, que publicou en 1863 e que foi reeditada por Taurus en 1965 e 1984 e pola Fundación Banco Exterior en 1988. Ninguén mellor que o propio Colmeiro para nos explicar a xénese e os propósitos desta magnífica obra:

A particular inclinación que sempre tiveron ás ciencias morais e políticas, xunto coa curiosidade de saber as cousas pasadas para mellor entender e vulgar as presentes, fixeron que case sen sentilo me fose enfrascando na lectura dos moitos libros tocantes a diversas materias de goberno que entre nós se publicaron nos tres últimos séculos. Logo que me vin dono dun mediano caudal de novas económicas, concibín o pensamento de sacar á luz do mundo aquel tesouro, ordenándoo en forma dunha *Historia de la economía política en España*.

Eran os meus desexos salvar tantos nomes ilustres dun inxusto esquecemento, amosar a parte que tomou a nación española no progreso da ciencia das riquezas, escribir un tratado práctico ou experimental de economía política onde as súas verdades máis fecundas aparecesen comprobadas coa ensinanza dos tempos, poñer de manifesto as causas interiores da decadencia desta monarquía no século XVII e da súa restauración no XVIII, e en fin, ofrecer á administración do Estado exemplos de boa e mala xestión dos negocios públicos, lembrando a máxima de que a historia é mestra da vida. (Colmeiro 1863, tomo I, V-VI)

Nesta obra Colmeiro realiza unha exposición completa e detallada tanto das doutrinas como das estruturas económicas existentes na antigüidade fenicia e grega, a época romana e cartaxinesa, a España visigoda, a España árabe e a Reconquista. No segundo volume examina os períodos correspondentes aos reinados da casa de Austria e Borbón ata o século XVIII.

A obra presenta un duplo interese: polo seu contido en si e polo pensamento do autor reflectido nela.



BIBLIOTECA
DE LOS
ECONOMISTAS ESPAÑOLES
DE LOS
SIGLOS XVI, XVII Y XVIII

por el Excelentísimo señor
Don Manuel Colmeiro Penido (+)
ACADEMICO DE NUMERO



PUBLICACIONES
DE LA
REAL ACADEMIA DE CIENCIAS MORALES Y POLITICAS
MADRID
1953-1954

En relación co seu contido, Colmeiro non só se basea no traballo dos nosos economistas dos séculos XVI, XVII e XVIII, senón tamén nunha ampla bibliografía que inclúe historiadores e xeógrafos romanos, foros medievais, actas das xuntanzas das Cortes e pragmáticas e regulamentos.

Canto ás reflexións de Colmeiro, o seu liberalismo está presente en todo momento na obra. Para el, a prosperidade dunha nación fundaméntase en dous piares: a propiedade privada e a ausencia de intervencionismo estatal, e neste último é onde Colmeiro ve a orixe de todos os males da historia de España.

Con todo iso, Colmeiro pretende ofrecerlle «á administración do Estado exemplos [históricos] de boa e mala xestión dos negocios públicos».

Anes afirma que «[s]orprende [...] que, nun momento en que a Escola Histórica alemá aínda non producira os seus froitos, formula-

se Colmeiro, en España, o estudo da nosa Historia económica nunha forma tan ambiciosa» (en Colmeiro 1965: 25).

3. *Biblioteca de los economistas españoles de los siglos XVI, XVII y XVIII*, Madrid, Real Academia de Ciencias Morales y Políticas, 1880, cuxa quinta edición foi publicada o ano 1979.

Existe, ademais, unha edición de 2005, de 324 páxinas, cun estudo introdutorio a cargo de L. Perdices de Blas e John Reeder, titulado «Manuel Colmeiro y la recuperación del pensamiento económico español de los siglos XVI, XVII y XVIII».

A súa dedicación á historia foi amplamente recoñecida desde un punto de vista institucional. Foi destacado socio numerario da Real Academia de la Historia desde febreiro de 1857 e tomou parte «con perseveranza e afán» nas tarefas desta corporación; son de destacar os informes Colmeiro (1879) e Colmeiro (1883).

A positiva valoración internacional da obra histórica de Colmeiro pódese apreciar nos comentarios que lle dedica o gran Schumpeter na súa monumental *Historia del análisis económico* (Schumpeter 1954: 161, 196 e 360).

Activista social

A remodelación de mentalidades

Certo é que «[c]onsagrou a súa vida D. Manuel Colmeiro á ciencia e ao ensino» (Salvá 1899: 6) e tamén o é que «Colmeiro vivía máis na súa biblioteca e nas alleas, que nos lugares en que adoitan atopar favor e alento a ambición e a cobiza» (ib., 9-10).

Mais, por riba de todo, Manuel Colmeiro foi un fervoroso defensor da modernización económica de España, convencido da imperiosa necesidade de abordar con éxito as mudanzas económicas e sociais xurdidas da crise do Antigo Réxime, a emerxencia dunha economía capitalista e a nova posición internacional de España fronte á industrialización europea.

Ora ben, como lembra Anes (en Colmeiro 1965: 22), «por non existir unha burguesía operante no país e polo feble do proceso de industrialización, as ideas liberais carecían de efectividade social e política e, por esta razón, o liberalismo español do século XIX presenta un aire irreal e mítico».

Consciente disto, bo coñecedor, pola súa experiencia galega, de que as reformas só poden triunfar e consolidarse se se apoian nun sólido conglomerado de intereses, para evitar, así, ser arrastradas polas distintas oscilacións políticas que ameazaban con sacudir o país, Colmeiro comprendeu a necesidade de contar cun apoio social suficiente. A historia demostrálle que as reformas carentes deste soporte, aínda que puidesen ser impostas baixo a autoridade dun «espadón» ou outra figura influente, non eran capaces de se manter ante a inestabilidade constante da sociedade española.

Lembrando Salvá as discusións que os alumnos mantiñan nos claustros da Universidad Central verbo das contrapostas opinións dos seus profesores Aguirre e Colmeiro, relátanos que, a xuízo deste último,

a vida das institucións non tanto depende da súa bondade absoluta, canto da súa bondade relativa; que importa pouco poñer a unha constitución un selo da máis alta filosofía, se, por outra banda, non responde ás necesidades, desexos e mesmo caprichos do tempo en que se dita e debe executarse [...]. Que hoxe se improvisan constitucións como Platón imaxinou unha república, pero que o vento que as trae as leva coa mesma facilidade que varía de rumbo a soberanía nacional ou a vontade do pobo, sempre veleidosa. (Salvá 1899: 34-35)

Analizando as propostas de Colmeiro, adoito semella que o seu propósito era acadar unha transformación o máis rápida e transcendental posible, sempre e cando fose compatible coa súa perdurabilidade no tempo. Neste aspecto, é plausible falar dun «pragmatismo» que saturaba as ideas de renovación propugnadas por Colmeiro.

Colmeiro pensaba que o seu obxectivo era remodelar as mentalidades. Por esta razón, gran parte dos seus esforzos como economista centráronse na difusión das ideas que consideraba axeitadas para España, no canto de procurar unha investigación orixinal no eido das teorías e modelos económicos. Así, manifestábase máis como un activista (cun excelente e pouco habitual nivel académico) que como un investigador teórico (malia, xa ora, dedicar unha grande atención ao estudo do contido e os efectos das reformas que defendía).

No seu afán por formar correntes de opinión favorables, Colmeiro esforzouse por ofrecer á sociedade española unha clara explicación dos posibles beneficios das reformas que propugnaba, despregando unha ampla actividade pedagóxica, intelectual e política, na que facía uso de diversos instrumentos.

Por unha banda, exerceu a súa influencia no ámbito universitario. As súas notables obras en dereito administrativo e dereito político convertérono en mestre de numerosas promocións de xuristas, ao tempo que os seus *Principios de economía política* se tornaron nun referente utilizado nas cátedras de Economía Política durante moitos anos en distintas universidades españolas.

Alén diso, participou activamente en diversos foros, como o Ateneo e o Círculo Mercantil e Industrial, ou a elitista Real Academia de Ciencias Morales y Políticas.

Colmeiro non se limitou a estes ámbitos académicos e culturais, senón que tamén colaborou con asociacións liberais especializadas, como a Asociación para la Reforma de los Aranceles e a Sociedad Libre de Economía Política. Estableceu contactos permanentes e positivos cos grupos e organismos sociais implicados e difundiu as súas ideas a través de artigos en medios importantes, como *El Economista* e a *Revista Universal de la Administración*.

Ademais, promoveu a organización de debates públicos, aproveitando a ampla gama de foros e medios de comunicación dispoñibles. Con todas estas accións, Colmeiro buscaba transformar a economía do país, mediante o cambio da mentalidade da sociedade española, fomentando novas perspectivas, favorables respecto das reformas propostas.

Os grandes debates

Colmeiro produciu un amplo conxunto de intervencións, públicas e privadas, verbais ou escritas, gran parte delas de carácter polémico, inspiradas polas cuestións económicas do momento.

Un exemplo destacado de debates en foros exclusivos, malia que altamente reputados e influentes entre as elites dirixentes, constitúeo a Real Academia de Ciencias Morales y Políticas. Colmeiro non só foi socio fundador e membro numerario da Academia desde o 26 de novembro de 1857, senón que tamén desempeñou en múltiples ocasións (1859, 1861, 1872) o papel de bibliotecario, ata ser nomeado perpetuo en 1875.

Este recoñecido ente académico representou unha plataforma institucional para a proxección externa de discusións, minoritaria, mais de gran prestixio, desde a cal Colmeiro participou en numerosos diálogos cos máis eminentes expertos en ciencias sociais de España durante a segunda metade do século XIX. Entre estes debates destacan temas como a crise monetaria de 1864; discusións de carácter historiográfico, como a análise da contribución da Igrexa na abolición da escravitude; a lexislación laboral; o réxime municipal; os tipos de cambio; a criminalidade; o dereito ao sufraxio; a restauración dos gremios e a aprobación ou rexeitamento da liberdade de comercio en España, tema no que contou co apoio doutros académicos de orientación semellante á súa, como Pastor, Figuerola, Alcalá Galiano e Madrazo.

Este último asunto, a política comercial, foi o máis debatido e analizado entre a elite dirixente da sociedade española, ata chegar a velar outras problemáticas (como as monetarias ou financeiras), polo que é considerada a gran controversia do século XIX. A continuación expónse un resumo deste importante debate, seguindo a Fraile (1988), Sánchez (1999: 354-372), Lluch e Almenar (2000: 129-144), Schwartz (2005), Serrano (2011 e 2015) e Vallejo (2018), abranguendo o período no que Colmeiro se mantivo profesionalmente activo, é dicir, desde 1840 ata finais do século XIX.

O dito extenso período, tal como o lembra Vallejo (2018: 75-76),

[t]ivo tres fitos fundamentais: os aranceis de 1841, 1849 e 1869. O primeiro foino porque fixaba un compromiso, con prazo, para suprimir o prohibicionismo e traer aos aranceis o trigo e o algodón. O segundo porque abordou aquel compromiso e trouxo ao arancel os algodóns, co que converteu a cuestión arancelaria na «cuestión algodoeira», e desprazou algo o debate prohibicionismo-librecambismo cara ao nivel de protección desexable ou que se estaba en condicións de aceptar. Ata o arancel de 1869, o último fito, quedaron os redutos prohibicionistas do algodón, a desmontar, e intocados os trigos, os cereais e as fariñas, que propietarios, fabricantes e comerciais maioristas conseguiron manter a salvo do réxime prohibitivo. O sistema arancelario, visto desde este trato, móstranos proindustrialista (algodoeiro) e protrigueiro, o sector agrario fundamental.

Durante as décadas centrais do século XIX, nun contexto no que o prohibicionismo estaba desacreditado, mais aínda parcialmente en vigor, a polémica arancelaria enmarcábase no enfrontamento entre proteccionistas e librecambistas.

En 1841, o ministro Surrá y Rull impulsou unha reforma dos aranceis tan moderada que excluíu os produtos algodoiros e os cereais da reforma inicial. No entanto, a dita reforma significou unha liberalización do comercio exterior e unha redución significativa das restricións. Aínda que non foi suficiente, representou un avance na dirección adecuada. Nesa época, a balanza semellaba inclinarse cara ao libre comercio, que predominaba en países considerados símbolos de progreso, especialmente Inglaterra, e tamén na ciencia económica, cuxas autoridades máis destacadas avogaban pola liberdade comercial. O proteccionismo, en troques, reflectía máis intereses particulares que principios ideolóxicos e víase nunha actitude defensiva que non encaixaba co optimismo reinante. Sen dúbida, a década dos 40 do século XIX marcou o inicio do declive do prohibicionismo.

En 1847, Colmeiro publicou a súa obra «Del sistema comercial de España con respecto a la isla de Cuba». Neste traballo, defendía a división internacional do traballo e a protección temporal do comercio exterior. Argumentaba que, se a industria protexida posuía «elementos de futura prosperidade», a protección outorgada debería ser temporal. Caso contrario, a protección xeraría intereses prexudiciais para o país e, xa que logo, sería recomendable a súa eliminación. En resumo, a través da súa análise, cálculos, reflexións e experiencia, propoñía a eliminación das barreiras que restrinxían a liberdade comercial entre España e Cuba.

Na mesma liña de libre comercio moderado, en 1848 Colmeiro defendía na *Revista Económica de Madrid* unha «protección temporal» para a industria cun «límite temporal preestablecido».

A reforma arancelaria de 1849, promovida por Alejandro Mon, malia non ser unha mudanza revolucionaria, representou un primeiro paso valioso. O novo arancel, aínda que non eliminou por completo as prohibicións, reduciunas notablemente e mesmo derrubou o proteccionismo do algodón, que só se mantivo para os tipos de algodón de maior interese para a industria catalá.

Varios librecambistas, entre os que destacaba Colmeiro, eran profesores de economía e achegaban coas súas ensinanzas e, sobre todo, coas súas publicacións académicas un importante apoio aos polemistas de tendencia parecida. A estas contribucións engádense as obras de economistas non docentes (como Luis María Pastor) e as numerosas traducións de textos semellantes de autores estranxeiros, principalmente franceses (Almenar 2000a: 58).

Manuel Colmeiro, alén de cos seus *Principios de economía política* (1859), contribuíu coa súa interpretación persoal da tradición mercantilista española na súa *Historia de la economía política en España* (1863) e un traballo de recuperación crítica da literatura española precedente (Almenar 2000b: XXVIII).

Durante as décadas de 1850 e 1860, as discusións relativas ao libre comercio e a súa influencia no auxe ou declive da emerxente industria española convertéronse nun tema de destacada relevancia en numerosas publicacións xornalísticas. Estes debates manifestábanse habitualmente na forma de correspondencia en resposta a escritos ou artigos publicados en datas previas en diarios aliñados coa perspectiva oposta. Tal práctica outorgaba ao diálogo un dinamismo considerable, malia que, lamentablemente, non tendía a propiciar reflexións de suficiente profundidade.

De maneira adicional a estes intercambios de ideas, observáronse notables esforzos por crear asociacións que funcionasen como ferramentas para algúns dos grupos de interese involucrados na polémica. Este foi o caso da Sociedad Mercantil Matritense, que se consolidou como un auténtico grupo de presión orientado a contrarrestar as aspiracións proteccionistas dos industriais cataláns. Estes últimos instauraran a Comisión de Fábricas para protexer os seus intereses. A Confederación Mercantil Española, activa desde 1846 e que congregaba a burguesía comercial e financeira, pode considerarse como un precursor da Asociación para la Reforma de los Aranceles de Aduanas, unha entidade fundada co propósito de promover as vantaxes do libre comercio.

Dous sucesos subsecuentes tiveron unha relevancia considerable na promoción das teses librecambistas. O primeiro foi a crise de subsistencias de 1857, a cal, ante o temor a unha evolución perigosa dos disturbios públicos, forzou a facilitación da importación de cereais. O segundo foi a realización en Bruxelas, en setembro de 1856, do Congreso Internacional de Reformas Aduaneiras, no cal se fundou a Asociación Internacional para as Reformas Aduaneiras, con sede en Bruxelas e coa misión de establecer seccións, ou comisións, como eran denominadas daquela, en Inglaterra, Holanda, Alemaña, Sardeña, España e Francia. Representando a España, acudiron ao congreso o noso personaxe de interese, Manuel Colmeiro, como delegado do Ministerio de Facenda, e Laureano Figuerola e Gabriel Rodríguez, representando o Ministerio de Fomento. Adicionalmente, outros seis congresistas, entre os que se atopaba José Echegaray, inscribíronse por conta propia.

Os amentados convertéronse de inmediato en membros da Asociación Internacional a título individual, asumiron o compromiso de crear a sección española e propuxeron que Alejandro Mon a dirixise. Mon era o autor do arancel vixente naquel momento, aprobado en 1849, e, en calidade de prestixioso e prominente político e financeiro, os librecambistas aspiraban a gañar o seu favor.

Ao seu retorno a España, presentáronlle a Mon a dita proposta, a cal aceptou. Non obstante, de acordo coa prensa da época, pospuxo a súa implementación práctica, alegando as súas numerosas ocupacións. Atrapados co compromiso adquirido, os promotores idearon a constitución doutra asociación para comezar a difundir as ideas económicas e sensibilizar a opinión pública.

Neste novo empeño foron dilixentes, e o 27 de decembro dese mesmo ano crearon a Sociedad de Economía Política, seguindo o modelo das homólogas francesa e belga. O acto contou coa participación de 21 socios, os cales elixiron copresidentes a Colmeiro, Figuerola e Cipriano Segundo Montesinos o 2 de xaneiro de 1857. O formato do traballo sería semellante ao das sociedades irmás; é dicir, tería lugar unha xuntanza mensual acompañada dunha comida na que se discutirían temas previamente establecidos. As xuntanzas estaban limitadas aos asociados, aínda que se adoitaba convidar a prensa con regularidade. Co tempo, substituíuse a comida por un té, para evitar as críticas dos proteccionistas, que se mofaban na prensa daqueles que discutían sobre a crise de subsistencias co estómago cheo.

Ademais, acordouse confiar a un periódico específico a responsabilidade de transcribir as sesións e publicalas íntegras. Sería unha especie de voceiro oficial da Sociedad e o elixido foi *El Economista*, un semanario fundado en 1856 e que durou ata agosto de 1857. Entón, a Sociedad escolleu como voceiro *La Tribuna de los Economistas*, semanario que desapareceu en 1858. O terceiro xornal seleccionado foi a *Gaceta Economista*, cuxa vida se estendeu desde 1860 ata 1868 e que foi tamén o órgano oficial da Asociación para la Reforma de los Aranceles de Aduanas.

O venres 2 de xaneiro de 1857, a Sociedad de Economía Política mantivo a súa primeira xuntanza, na que se discutiu sobre o desenvolvemento dos estudos económicos en España e sobre a crise de subsistencias, ao tempo que se amosou interese en consolidar vencellos con entidades homólogas en Francia e Bélxica, ata o punto de que se chegaron mesmo a adoptar os estatutos da sociedade parisiense.

Para daquela, os socios xa sumaban 53 e antes do verán superaran o centenar. A partir de 1858, foi denominada indistintamente polo seu nome orixinal e polo de Sociedad Libre de Economía Política. A Sociedad de Economía Política contaba no seu seo coa participación de persoeiros de gran relevancia. Entre eles, un futuro xefe de Estado, Emilio Castelar; dous futuros presidentes do Consello, Antonio Cánovas del Castillo e Práxedes Mateo Sagasta, e distinguidos economistas como Colmeiro, Figuerola, Montesinos, Félix Bona, Andrés Borrego, Ángel Dacarrete, Echegaray, Campoamor, Sagasta, Olózaga e Luis María Pastor, quen foi designado ministro de Facenda en 1853 e encargado da Comisión Especial de Aranceis e Valoracións.

Na xuntanza do 2 de marzo de 1858, xa se falou da necesidade de acelerar a creación da asociación librecambista e algúns socios formularon a conveniencia de substituír a Mon, caso de que as súas ocupacións continuasen a impedirlle encargarlle do asunto. Mais Colmeiro sostivo que non se podía obviar o compromiso adquirido en Bruxelas, polo que se pospuxo calquera decisión ao respecto ata novembro, cando o propio Colmeiro volveu presentar a cuestión e se acordou que el, xunto con Figuerola e Gabriel Rodríguez, fixesen un último intento de achegamento.

Non se progresou durante 1858 e, finalmente, na xuntanza do 24 de febreiro de 1859, decidiuse a ruptura de relacións con Mon e o nomeamento dunha comisión xestora que acelerase os traballos. Só dous meses despois, a asociación xa estaba constituída.

A Sociedad de Economía Política organizou un ciclo de conferencias na Bolsa de Madrid co obxectivo de sentar as bases para a creación da Asociación para la Reforma de los Aranceles de Aduanas. O acto inaugural desta asociación, que tivo lugar o 23 de abril de 1859, gozou dun amplo recoñecemento. Segundo os medios da época, o extenso recinto da Bolsa de Madrid estaba ateigado con máis de catrocentas persoas e, como admitiron os propios organizadores, «o éxito superou todas as expectativas». Deste xeito, poñíase en marcha unha das organizacións económicas que chegarían a ter maior influencia na España do século XIX.

Luis María Pastor foi nomeado presidente e Manuel Colmeiro foi designado membro do comité directivo. Para entón, a súa visión a prol da fin do proteccionismo e a división internacional do traballo estaba firmemente consolidada, con excelentes contribucións durante este período ao debate sobre o libre comercio e a súa implementación en España, no marco da Real Academia de Ciencias Morales y Políticas e no da *Revista Universal de la Administración*.

A Asociación para la Reforma de los Aranceles de Aduanas (ARAA) apañou éxitos en dous aspectos. En primeiro lugar, logrou congregar persoeiros políticos de todas as ideoloxías e partidos, unificados arredor da idea de liberalización; esta agrupación ía desde moderados como o exministro Luis María Pastor ou Antonio Alcalá Galiano ata demócratas como Castelar, incluíndo progresistas como Sagasta ou Figuerola, así como membros da Unión Liberal como Cánovas ou Colmeiro. Tanto a ARAA como a Sociedad de Economía Política, a súa organización nai, evitaban a afiliación a un partido político específico para previr influencias de situacións políticas efémeras. En segundo lugar, a Asociación conseguiu, a través das súas asembleas dominicais e as súas publicacións durante a década de 1860, xerar un ambiente favorable ao libre comercio, que se capitalizou cando as circunstancias políticas o permitiron.

Durante o curso académico 1859-60, a ARAA dedicou diversas sesións a debater sobre o tema «A pertinencia ou impertinencia da liberdade de comercio, tendo en conta as circunstancias actuais de España». Nos ditos encontros, tres membros destacados da directiva da Asociación, Manuel Colmeiro, Antonio Alcalá Galiano e Laureano Figuerola, defenderon a postura do librecambio e desde unha perspectiva máis cautelosa e escéptica interviñeron Claudio Moyano e Florencio Rodríguez Vaamonde. Ademais, neses primeiros anos, a Asociación non só promoveu o ideal do librecambio, senón que tamén lle presentou ao Goberno propostas específicas para a redución dos aranceis.

Os malogrados intentos de axuste arancelario en 1856 e 1863 demostraran que o principal baluarte do proteccionismo a mediados de século non radicaba na prensa, senón na oposición, máis ou menos organizada, pero eficaz, dos representantes políticos dos dous principais focos de resistencia á reforma: os cerealistas e os algodoeiros. Os primeiros mantíñanse cunha mínima organización como grupo de presión, baseándose principalmente na súa influencia na economía e na sociedade española. Os segundos, por outra banda, carecían de tal peso, polo que necesitaban organizarse con eficacia para exercer presión sobre os políticos. Este feito explica a transformación que sufriron as súas canles de influencia. A fins dos anos corenta, a Comisión de Fábricas e a Junta estaban demasiado vencelladas a un prohibicionismo cada vez máis insostible, o que levou a que a primeira dese paso en 1848 a unha nova asociación, o Instituto Industrial de Cataluña, mentres que a segunda desapareceu.

Desde a perspectiva proteccionista, o Instituto Industrial de Cataluña reuniu «elementos poderosos, especialmente na prensa de Madrid», para tratar de contrarrestar a ARAA. De feito, fundaron un xornal competidor, *La Verdad Económica*, e comisionaron varios publicistas para que escribisen de xeito incansable neste e noutros medios, así como en folletos e libros, supostas refutacións a cada proposta formulada pola Asociación. Mesmo crearon varias organizacións, malia que ningunha chegou a consolidarse, como foi o caso do Círculo Económico Español.

En 1863, en resposta aos plans gubernamentais de introducir unha reforma que parecía bastante contida, a ARAA publicou unhas «Observaciones sobre el proyecto de reforma arancelaria presentado a las Cortes el 5 de enero». Neste documento, Luis Pastor, o presidente, expresaba a súa desaprobación a un proxecto no que «se [podía] percibir a man trememente do ministro». Esta crítica ás presións que os proteccionistas estaban a exercer sobre o Goberno evidenciaba a profunda desilusión que estaban experimentando os defensores do librecambio.

Pese a este desalento e á reconfiguración dos grupos proteccionistas, os defensores do libre comercio perseveraron no seu esforzo. Finalmente, este ímpeto conduciu a un triunfo significativo logo do éxito da Revolución de 1868. Cando o xeneral Serrano, á fronte do Goberno provisional, designou a Laureano Figuerola como ministro de Facenda, este último logrou, tras un gran labor e no medio da constante presión dos proteccionistas, aprobar a Lei de bases arancelarias, comunmente coñecida como «arancel Figuerola». Esta lei eliminou as limitacións á exportación e importación de produtos.

Malia as novas tarifas representar un paso adiante considerable na modernización da regulación do comercio exterior, o arancel Figuerola non foi a resposta característica dun liberalismo comercial extremo. Pola contra, tratábase dunha versión moderada cunha estratexia industrial cautelosa. Este motivo provocou disputas internas dentro do propio movemento de libre comercio, que levaron mesmo á escisión do grupo e á desaparición temporal da Asociación para la Reforma de los Aranceles de Aduanas. Gabriel Rodríguez, o secretario da asociación, propuxo no Congreso unha emenda contra o arancel, alegando que era insuficiente. Poucos días despois, unha asemblea da asociación, liderada polo presidente, Luis María Pastor, tamén se manifestou en contra, o que resultou na dimisión de Figuerola unha vez aprobado o arancel.

A pesar de todo, coa aprobación do arancel Figuerola, parecía que se estaba a superar o atraso acumulado no proceso de liberalización do comercio exterior. Non obstante, este triunfo dos librecambistas resultou ser efémero.

Por unha banda, os grupos proteccionistas reorganizáronse. En 1869 xurdiu o Fomento de la Producción Nacional, do que posteriormente se separaron algúns membros para fundar o Fomento de la Producción Española en 1876. O resto fusionouse co Instituto Industrial, para dar lugar ao Instituto de Fomento del Trabajo Nacional. Ao cabo, este instituto fusionouse co Fomento, de onde se creou en 1889 o Fomento del Trabajo Nacional. Todo isto sen mencionar as organizacións que tentaron establecerse noutras cidades, especialmente en Madrid, e algunhas agrupacións agrarias como o Instituto Agrícola Catalán de San Isidro. Pese a todo, as características do librecambismo na política comercial exterior persistiron ata 1891 (Hernández / Álvarez 2005).

Por outra banda, nun plano máis determinante, en 1891 déronse circunstancias prácticas de gran relevancia. Estas, como a política comercial das nacións coas que España realizaba intercambios ou os intereses dos grupos empresariais que buscaba atraer para consolidar a Restauración, levaron a Cánovas a abandonar a doutrina do libre comercio.

Ao analizar as tendencias de crecemento a longo prazo da economía española, obsérvase que semella existir unha correlación clara entre o desenvolvemento, a mudanza estrutural e a converxencia con Europa, por unha banda, e a liberalización dos mercados internos e a apertura á competencia internacional, pola outra. Sendo isto así, xusto é que se valoren moi positivamente os esforzos que Col-



Retrato de Manuel Colmeiro

meiro, xunto cos seus correligionarios, realizaron a favor do librecambio durante a segunda metade do século XIX, en canto a que facilitaron o inicio da modernización económica do país.

Implicándose na posta en práctica das reformas

Manuel Colmeiro implicábase na implementación das reformas sempre que lle era posible, acudindo aos ámbitos executivo e lexislativo para colaborar en tal tarefa e centrándose máis en activar as reformas que en brillar nos debates do Parlamento. Porén, merece ser mencionado o enorme respecto co que era tratado tanto polos seus compañeiros de partido como polos militantes doutros partidos políticos. Melchor Salvá (1899: 55-62) ofrece un resumo das reformas máis interesantes e dos eloxios máis destacados.

En 1865, Colmeiro foi elixido deputado ao Congreso pola provincia de Pontevedra e durante ese mandato participou en numerosas comisións parlamentarias. En 1871, presentouse, e con éxito, para o Senado, representando máis unha vez a provincia de Pontevedra. Volvería ocupar un escano na cámara alta nas lexislaturas de 1875 e 1879, esta última a elección da Academia de la Historia. Finalmente, en 1881, foi nomeado conselleiro de Estado e senador vitalicio. Mínguez (1995: 51-56) ofrece un resumo da actividade política de Colmeiro.

Canto á Administración, en novembro de 1865 asignóuselle o cargo de relator no Real Consello de Instrución Pública. A partir de 1876, presidiu a xunta consultora do Instituto Geográfico y Estadístico e participou como membro na Xunta de Reforma Penitenciaria e na de Reforma do Código de Comercio, para a cal foi designado en marzo de 1881. Tamén foi vogal na Comisión de reformas na organización administrativa, civil e económica. Por último, en 1886, Colmeiro foi nomeado fiscal do Tribunal Supremo.

Os seus méritos foron recoñecidos con varias condecoracións: cabaleiro da Gran Cruz da Orde Civil de María Vitoria o 23 de marzo de 1872 (a proposta da Academia de Ciencias Morales y Políticas); Gran Cruz da Real Orde de Isabel a Católica o 20 de abril de 1876; e comendador ordinario da Real e Distinguida Orde de Carlos III o 29 de marzo de 1879.

O legado estilístico de Colmeiro

Colmeiro pechou o capítulo da súa vida en 1894 na súa residencia de Madrid, poñendo fin a unha existencia marcada por «un laborioso esforzo, ininterrompido e de toda unha vida» (Salvá 1899: 6). Esta rigorosa autodisciplina, reflexo da súa lealdade cara a unha cultura de esforzo adquirida desde a súa infancia, fíxose presente mesmo ata os seus derradeiros días. Como exemplo, lembramos a emotiva anécdota narrada por Melchor Salvá, antigo alumno e posterior colega de Colmeiro:

Poucos meses antes de morrer escribía Colmeiro a quinta edición do seu *Derecho Administrativo Español*, empregando longas horas neste traballo, que semellaba pouco conforme coa súa ancianidade; e lembramos que nos leu parte do manuscrito que versaba sobre o ensino, e na que, con estilo vigoroso e firme, se a man tremía, poñía de manifesto os erros e quebrantos que a afectan e fan desmaiar, e indicaba as reformas máis apetecibles e dignas de aplauso. (Salvá 1899: 32-33)

A súa prolífica carreira como educador, investigador e reformador resultou ser altamente produtiva. No entanto, logo de preto de dous séculos de transformacións radicais tanto no contexto social e económico como na tecnoloxía, non é sorprendente que moitas das súas análises poidan parecer descontextualizadas na realidade contemporánea, a pesar de que seguen a ser útiles para comprender a súa época.

Por outra banda, durante este longo período acumuláronse numerosos avances no paradigma (segundo o sentido de Kuhn) da comunidade científica de economistas, grazas ao esforzo investigador de decenas de miles dos seus membros, o que conduciu á obsolescencia de moitas das proposicións científicas de Colmeiro.

Ademais, o desenvolvemento dos valores característicos das sociedades máis evolucionadas perfeccionou as primitivas versións dos «dereitos humanos» ata tal punto que moitas das posturas de Colmeiro serían hoxe completamente inadmisibles, mesmo para os economistas máis próximos á súa ideoloxía liberal.

A pesar de todo isto, hai áreas nas que as súas observacións e argumentos manteñen a súa relevancia. E, en calquera caso, o estilo do seu enfoque cara aos problemas económicos é sorprendentemente actual, tanto no ámbito teórico, pola súa constante busca de rigor científico (aceptación total da evidencia empírica como tribunal ao que someter as teorías), como no da política económica, polo pragmatismo das súas propostas (procura da máxima eficacia e utilidade para o benestar da sociedade). A estas dúas características dedícanse as últimas páxinas deste traballo.

Rigor científico

Ao longo do século XIX, as formulacións teóricas no eido da economía eran bastante rudimentarias e, en moitos casos, moi difíciles de contrastar empiricamente. Esta situación provocaba que as disputas entre teóricos non puidesen resolverse mediante a apelación á evidencia empírica, o que xeraba discusións que se prolongaban de xeito indefinido. Ademais, os criterios para avaliar e seleccionar hipóteses e teorías naquela época diferían substancialmente dos recoñecidos na actualidade por unha comunidade científica, dada a despreocupación xeneralizada por un enfoque empírico na selección de hipóteses, modelos e teorías.

Posto que non se contaba cun compoñente empírico sólido, a escolla entre matrices disciplinares alternativas adoitaba basearse en razóns persoais, o que favorecía a formación de «escolas» ou tradicións, no canto dunha análise detallada da capacidade das teorías para resolver problemas fundamentados na experiencia empírica. Así, a autoridade da tradición ocupou un lugar excesivamente destacado na historia da economía.

No entanto, o enfoque proposto en repetidas ocasións por Colmeiro, consistente en relacionar de maneira sistemática as construcións teóricas con eventos históricos, era un xeito razoable de tratar o problema, tendo en conta a dificultade que presentan as ciencias sociais canto á verificación empírica, en comparación coas ciencias naturais. Mentres que estas poden apelar á experimentación, as ciencias sociais adoito deben basear os seus estudos na análise de feitos históricos, dado que a experimentación controlada é totalmente impensable na maior parte do seu ámbito, xa que, como lembra Colmeiro,

«opinamos que se inventan as teorías en proveito das nacións, e non que as nacións sirvan de laboratorio onde se deban ensaiar sen cautela e soste a todo custo as teorías» (en Droz 1842: VI-VII).

Así, reclamar o contraste empírico na economía mediante a análise de feitos históricos, como suxería Colmeiro, pretendía favorecer o progreso da disciplina, facilitando unha maior flexibilidade nos procesos de mudanza e incrementando a probabilidade de que xurdan as denominadas «anomalías críticas» de Kuhn, para desencadear o proceso no que se xesta a substitución dun antigo paradigma por un novo e lograr un consenso máis robusto no eido da economía.

Pragmatismo

Unha política pragmática é un enfoque político que se basea na realización de accións ou decisións que están fundamentadas na avaliación práctica das circunstancias actuais, sen estar radicalmente limitado por unha ideoloxía particular ou unha adherencia estrita a un conxunto de principios abstractos. En esencia, unha política pragmática céntrase no que funciona mellor nunha situación concreta, tomando en conta as necesidades prácticas e os recursos dispoñibles nese momento.

En termos máis detallados, a política pragmática é un método de formulación de decisións políticas que, malia respectar a teoría «ortodoxa», pode desviarse parcialmente dela na procura dos resultados máis efectivos. Desviarse da ortodoxia pode resultar máis eficiente por diversas razóns:

a) Discrepancias entre as condicións políticas e sociais reais en comparación coas asumidas na teoría, xa que unhas alteracións nas condicións iniciais dun sistema poden derivar en evolucións e resultados considerablemente distintos. Unha política baseada na adaptación ás circunstancias e na procura de solucións eficaces pode ser máis produtiva que aquelas baseadas de maneira estrita na teoría ortodoxa.

b) Innovación: unha perspectiva non ortodoxa pode incentivar novos enfoques e avances teóricos para solucionar problemas que, doutro xeito, poderían permanecer irresolutos.

c) Se un Goberno anhela unha mudanza significativa, pero teme que a dita mudanza poida xerar grave desorde social, ou que o seu escaso apoio social resulte nunha posterior «retrocesión»,

daquela a orientación pragmática (na súa versión gradualista) podería ser máis axeitada para o benestar a longo prazo da poboación.

Nun caso tal como o descrito, o Goberno podería idear unha estratexia para realizar o cambio de maneira paulatina e coidadosa, baseándose na avaliación práctica das circunstancias e observando como reaccionaría a poboación ante cada paso que se dea. O enfoque pragmático e progresivo sería útil para este propósito, avanzando con medidas graduais orientadas á mudanza, prestando atención ás reaccións e facendo axustes de acordo cos resultados obtidos.

Colmeiro foi un pragmático convencido que soubo aplicar brillantemente as tres modalidades, se ben a gradualista foi a máis utilizada. Débese destacar a admirable prudencia coa que Colmeiro bosqueja as súas propostas e solucións. A miúdo, el identifica nelas a ruta de acción que probablemente maximizará a mudanza e impulsará a reforma, sen incitar á desorde social.

Conclusión

Colmeiro foi un notable catedrático universitario, comprometido co seu tempo, e un activista social obsesionado polo melloramento da vida humana a través da modernización económica, social e política.

Como apunta Nieto, «Colmeiro foi, en definitiva, un intelectual que co seu propio esforzo conquistou o recoñecemento dos seus contemporáneos e os premios oficiais habituais daquela. Pero, ademais, por tratarse dun valor macizo, resistiu o paso do tempo sen esvaeirse» (Nieto 1995: 13).

Referencias bibliográficas

ALFIERI, Sara / Rosa Regina ROSNATI / Daniela BARNI / Elena MARTA (2014): «“Do not leave your values at home”: a study of value orientations of Italian emerging adults and their parents», *Psyche*, 23:2, 1-12.

- ALMENAR PALAU, Salvador (2000a): «Introducción: El desarrollo del pensamiento clásico en España», en Enrique Fuentes Quintana (dir.), *Economía y economistas españoles*, vol. 4: *La economía clásica*, Barcelona, Galaxia Gutenberg / Círculo de Lectores, 7-92.
- ALMENAR PALAU, Salvador (2000b): «Álbum», en Enrique Fuentes Quintana (dir.), *Economía y economistas españoles*, vol. 4: *La economía clásica*, Barcelona, Galaxia Gutenberg / Círculo de Lectores, I-XL.
- ANES, Gonzalo (1988): «Prólogo», en Manuel Colmeiro, *Historia de la economía política en España*, Madrid, Fundación Banco Exterior.
- CABRILLO, Francisco (1977): «La controvertida traducción al español de los “Principios de Economía Política y Tributación” de David Ricardo», *Moneda y Crédito*, 143, 187-191.
- CAÍNZOS, Juan J. F. (1995): *Manuel Colmeiro, economista e facendista*, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública.
- CAPELLÁN DE MIGUEL, Gonzalo (2005): «Cambio conceptual y cambio histórico: del pauperismo a la “cuestión social”», *Historia Contemporánea*, 29, 539-590.
- CASADO DE OTAOLA, Santos (2018): «Colmeiro y Penido, Miguel», en Real Academia de la Historia, *Diccionario Biográfico electrónico*, Madrid.
- COLMEIRO, Manuel (1842): *Ecsámen crítico del manifiesto del ayuntamiento constitucional de Santiago en 1841, de la contrata-Caula y de sus resultados económicos*, Santiago de Compostela, Imprenta de la Viuda e Hijos de Compañel.
- COLMEIRO, Manuel (1843): *Memoria sobre el modo más acertado de remediar los males inherentes a la extremada subdivisión de la propiedad territorial de Galicia*, Santiago de Compostela, Imprenta de la Viuda e Hijos de Compañel.
- COLMEIRO, Manuel (1845): *Tratado elemental de economía política ecléctica*, Madrid, Imprenta de Alejandro Gómez.
- COLMEIRO, Manuel (1847): «Discurso que en las oposiciones a la cátedra de Administración y Derecho Político de esta Corte leerá ante el Tribunal de Censura el Dr. D. Manuel Colmeiro, Catedrático de Economía Política en la Universidad de Santiago» [manuscrito], reproducido en Mínguez Goyanes, «Principios dun sistema de comunicacións. Un documento inédito de Manuel Colmeiro (1818-1894)», *REGAP. Revista Galega de Administración Pública*, 1:13, 201-220 (207-220).

- COLMEIRO, Manuel (¹1850): *Derecho Administrativo Español*, Madrid, Imprenta de Hilario Martínez.
- COLMEIRO, Manuel (1852): *Manual de Derecho Político*, Madrid, Imprenta de C. González.
- COLMEIRO, Manuel (1855): *De la constitución y del gobierno de los reinos de León y Castilla*, Madrid, Librería de Don Ángel Calleja.
- COLMEIRO, Manuel (1857): *Discurso de los políticos y arbitristas españoles de los siglos XVI y XVII y su influencia en la gobernación del Estado*, Madrid, Imprenta de Gabriel Alhambra.
- COLMEIRO, Manuel (²1858a): *Derecho Administrativo Español*, Madrid, Imprenta de Gabriel Alhambra.
- COLMEIRO, Manuel (1858b): *Derecho constitucional de las repúblicas hispano-americanas*, Madrid, Librería de Don Ángel Calleja.
- COLMEIRO, Manuel (¹1858c): *Elementos de derecho político y administrativo de España*, Madrid, Librería de Don Ángel Calleja / Imprenta de Gabriel Alhambra.
- COLMEIRO, Manuel (¹1859): *Principios de economía política*, Madrid, Librería de Don Ángel Calleja / Imprenta de Fermín Martínez García.
- COLMEIRO, Manuel (1863): *Historia de la economía política en España*, Madrid, Librería de Don Ángel Calleja / Imprenta de Don Cipriano López.
- COLMEIRO, Manuel (1864): «Contestación del Ilmo. Sr. D. Manuel Colmeiro», en Santiago Diego Madrazo / Manuel Colmeiro, *Discursos pronunciados en la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas en la recepción pública del señor don Santiago Diego Madrazo en 18 de Diciembre de 1864*, Madrid, Imprenta de Manuel Galiano, 49-58.
- COLMEIRO, Manuel (³1865a): *Derecho Administrativo Español*, Madrid, Imprenta de José Rodríguez.
- COLMEIRO, Manuel (²1865b): *Elementos de derecho político y administrativo de España*, Madrid, Librería de Don Ángel Calleja / Imprenta de Fermín Martínez García.
- COLMEIRO, Manuel (²1865c): *Principios de economía política*, Madrid, Imprenta de Fermín Martínez García.
- COLMEIRO, Manuel (³1870a): *Elementos de derecho político y administrativo de España*, Madrid, Librería de Don Ángel Calleja / Imprenta de Fermín Martínez García.
- COLMEIRO, Manuel (³1870b): *Principios de economía política*, Madrid, Imprenta de Fermín Martínez García.
- COLMEIRO, Manuel (1873a): *Curso de derecho político, según la historia de León y Castilla*, Madrid, Imprenta de Fermín Martínez García.

- COLMEIRO, Manuel (⁴1873b): *Principios de economía política*, Madrid, Imprenta de Fermín Martínez García.
- COLMEIRO, Manuel (⁴1875): *Elementos de derecho político y administrativo de España*, Madrid, Imprenta y Librería de Eduardo Martínez.
- COLMEIRO, Manuel (⁴1876): *Derecho Administrativo Español*, Madrid, Imprenta y Librería de Eduardo Martínez.
- COLMEIRO, Manuel (⁵1877): *Elementos de derecho político y administrativo de España*, Madrid, Imprenta y Librería de Eduardo Martínez.
- COLMEIRO, Manuel (1879): *Los restos de Colón: informe de la Real Academia de la Historia al gobierno de S. M. sobre el supuesto hallazgo de los verdaderos restos de Cristóval Colón en la Iglesia Catedral de Santo Domingo*, Madrid, Ministerio de Fomento (Imprenta y Fundición de M. Tello).
- COLMEIRO, Manuel (1880a): *Biblioteca de los economistas españoles de los siglos XVI, XVII y XVIII*, Madrid, Real Academia de Ciencias Morales y Políticas (Imprenta y Librería de Eduardo Martínez).
- COLMEIRO, Manuel (1880b): *Derecho Administrativo Español* (apéndice), Madrid, Imprenta y Librería de Eduardo Martínez.
- COLMEIRO, Manuel (⁶1881): *Elementos de derecho político y administrativo de España*, Madrid, Librería de los Sucesores de Escribano.
- COLMEIRO, Manuel (1883): *Cortes de los antiguos reinos de León y Castilla. Introducción escrita y publicada de orden de la Real Academia de la Historia*, Madrid, Establecimiento Tipográfico de los Sucesores de Rivadeneyra, Impresores de la Real Casa.
- COLMEIRO, Manuel (⁷1887): *Elementos de derecho político y administrativo de España*, Madrid, Imprenta de la Viuda e Hija de Fuentenebro.
- COLMEIRO, Manuel (1942): *Biblioteca de los economistas españoles de los siglos XVI, XVII y XVIII*, Madrid, Real Academia de Ciencias Morales y Políticas.
- COLMEIRO, Manuel (1953): *Biblioteca de los economistas españoles de los siglos XVI, XVII y XVIII*, Madrid, Real Academia de Ciencias Morales y Políticas.
- COLMEIRO, Manuel (1965): *Historia de la economía política en España*, Madrid, Taurus, con nota preliminar e bibliografía de Gonzalo Anes.

- COLMEIRO, Manuel (1979): *Biblioteca de los economistas españoles de los siglos xvi, xvii y xviii*, Madrid, Real Academia de Ciencias Morales y Políticas.
- COLMEIRO, Manuel (1988): *Historia de la economía política en España*, Madrid, Fundación Banco Exterior, con prólogo de Gonzalo Anes.
- CORDERO TORRÓN, Xosé (1989): «Manuel Colmeiro y la propiedad de la tierra en Galicia», *Revista de Historia Económica / Journal of Iberian and Latin American Economic History*, 7(S2), 63-70 (<https://doi.org/10.1017/s0212610900001841>).
- DROZ, Joseph (1842): *Economía política, ó Principios de la ciencia de las riquezas* [trad. e intr. de Manuel Colmeiro], Madrid, Librería de los Señores Viuda de Calleja e Hijos.
- FERNÁNDEZ CASANOVA, María del Carmen (1981): *La Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago en el siglo xix: un estudio de la organización interna y de su actuación en favor de Galicia*, Sada, Ediciós do Castro.
- FONTES MARTÍNEZ, Carlos (2002): «Manuel Colmeiro y sus aportes a la teoría de la administración pública», en Luis Miguel Martínez Anzures (comp.), *Antología sobre Teoría de la Administración Pública*, México, D. F., Instituto Nacional de Administración Pública, A. C., 125-140.
- FRAILE BALBÍN, Pedro (1988): *La retórica contra la competencia en España (1875-1975)*, Madrid, Fundación Argentaria / Visor.
- FRAILE BALBÍN, Pedro (2004): «Una ciencia peligrosa: la enseñanza de la economía en la universidad española», en Manuel Ángel Bermejo Castrillo (ed.), *Manuales y textos de enseñanza en la universidad liberal*, Madrid, Dykinson, 55-82.
- FUENTES QUINTANA, Enrique / Luis PERDICES DE BLAS (1996): «Introducción», en Adam Smith, *Investigación de la naturaleza y causas de la riqueza de las naciones*, vol. 1, [Valladolid], Junta de Castilla y León.
- GALLEGO ANABITARTE, Alfredo (1995): «Colmeiro e a consolidación do estado administrativo», en Xaime Rodríguez-Arana Muñoz (dir.), *Manuel Colmeiro (1818-1894): estudos conmemorativos do seu primeiro centenario*, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública, 113-142.
- GARCÍA DE PASO GARCÍA, Ignacio (2017): «El 1848 español. ¿Una excepción europea?», *Ayer. Revista de Historia Contemporánea*, 106:1, 185-206 (<https://doi.org/10.55509/ayer/106-2017-08>).

- GUY-EVANS, Olivia (2020): «Bronfenbrenner's ecological systems theory», *Simply Psychology* (<https://www.simplypsychology.org/bronfenbrenner.html>).
- HARKNESS, Sara / Charles M. SUPER (1994): «The developmental niche: a theoretical framework for analyzing the household production of health», *Social Science and Medicine*, 38:2, 217-226 ([https://doi.org/10.1016/0277-9536\(94\)90391-3](https://doi.org/10.1016/0277-9536(94)90391-3)).
- HERNÁNDEZ ANDREU, Juan / Nelson ÁLVAREZ VÁZQUEZ (2005): *Librecambismo y proteccionismo en España (s. XVIII-XIX)*, Madrid, UNED.
- HERNÁNDEZ ANDREU, Juan / Guido TORTORELLA ESPOSITO (2017): «El liberalismo de Jean Baptiste Say, sus discípulos y la Economía Política en España», *Revista Empresa y Humanismo*, XX:1, 7-34 (<https://doi.org/10.15581/015.xx.1.7-34>).
- INZA, Ignacio José de (1907): «Excmo. Sr. D. Miguel Colmeiro y Penido. Notas biográficas», en Sociedad Aragonesa de Ciencias Naturales, *Linneo en España: homenaje á Linneo en su segundo centenario (1707-1907)*, Zaragoza, Mariano Escar, 261-263.
- JUNTA DE LA ÚNICA CONTRIBUCIÓN (1760): Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Ciprián de Chapa (Trasdeza, Santiago), efectuado por decreto de diciembre de 1760 para el establecimiento de la Única Contribución (Archivo General de Simancas, DGR, 1RE, 1174,5, 5 de diciembre de 1760).
- KNAFO, Ariel / Shalom H. SCHWARTZ (2009): «Accounting for parent-child value congruence: theoretical considerations and empirical evidence», en Ute Schönplflug (dir.), *Cultural Transmission: Psychological, Developmental, Social, and Methodological Aspects*, Cambridge University Press, 240-268.
- LASARTE ÁLVAREZ, Javier (2000): «Adam Smith ante la Inquisición y la Academia de la Historia», en Enrique Fuentes Quintana (dir.), *Economía y economistas españoles*, vol. 4: *La economía clásica*, Barcelona, Galaxia Gutenberg / Círculo de Lectores, 239-268.
- LÁZARO E IBIZA, Blas (1901): «Noticia necrológica de Don Miguel Colmeiro y Penido», *Anales de la Sociedad Española de Historia Natural*, 30, 201-210.
- LEMA AÑÓN, Carlos (1996): *Aproximación ó pensamento xurídico-político de Manuel Colmeiro (1818-1894)*, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública.
- LLUCH, Ernest / Salvador ALMENAR PALAU (2000): «Difusión e influencia de los economistas clásicos en España (1776-1870)», en Enrique Fuentes Quintana (dir.), *Economía y economistas españoles*, vol. 4: *La economía clásica*, Barcelona, Galaxia Gutenberg / Círculo de Lectores, 93-172.
- LÓPEZ RODÓ, Laureano (1950): «La propiedad agraria en Colmeiro y en el derecho moderno», en VV. AA., *Estudios jurídico-administrativos en honor de Colmeiro*, Santiago de Compostela, Universidade, 131-156.

- LÓPEZ RODÓ, Laureano (1993): «Manuel Colmeiro, desde la perspectiva de hoy», *Anales de la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas*, 70, 399-412.
- LÓPEZ RODÓ, Laureano (1995): «Descripción xurídico-administrativa de Manuel Colmeiro», en Xaime Rodríguez-Arana Muñoz (dir.), *Manuel Colmeiro (1818-1894): estudos conmemorativos do seu primeiro centenario*, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública, 93-112.
- MARQUÉS DE LA ENSENADA (1753): Catastro.
- MARTÍN MARTÍN, Sebastián (2015): «Liberalismo e historia en el derecho político. Semblanza de Manuel Colmeiro y Penido (1818-1894)», en Joaquín Varela Suanzes-Carpegna (ed.), *Siete maestros del Derecho Político Español*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales.
- MARTÍNEZ SOTO, Ángel Pascual (2018): «La protección social en la época liberal: de la beneficencia a la previsión social (1820-1908)», *Áreas. Revista Internacional de Ciencias Sociales*, 37, 109-126.
- MÍNGUEZ GOYANES, Xosé Luís (1995): «Notas para unha vida do profesor D. Manuel Colmeiro», en Xaime Rodríguez-Arana Muñoz (dir.), *Manuel Colmeiro (1818-1894): estudos conmemorativos do seu primeiro centenario*, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública, 29-61.
- MÍNGUEZ GOYANES, Xosé Luís (1996): «Principios dun sistema de comunicacións. Un documento inédito de Manuel Colmeiro (1818-1894)», *REGAP. Revista Galega de Administración Pública*, 1:13, 201-220.
- MURGUÍA, Manuel (1884): *El arte en Santiago durante el siglo XVIII y noticia de los artistas que florecieron en dicha ciudad y centuria*, Madrid, Establecimiento Tipográfico de Ricardo Fé.
- NIETO GARCÍA, Alejandro (1995): «Manuel Colmeiro: perfil administrativo», en Xaime Rodríguez-Arana Muñoz (dir.), *Manuel Colmeiro (1818-1894): estudos conmemorativos do seu primeiro centenario*, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública, 11-27.
- NIETO GARCÍA, Alejandro (1996): «Presentación», en Carlos Lema Añón, *Aproximación ó pensamento xurídico-político de Manuel Colmeiro (1818-1894)*, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública, 11-17.
- OLMEDILLA Y PUIG, Joaquín (1890): «El Dr. Miguel Colmeiro», *La Ilustración Española y Americana*, XXX, 94-95.

- PEDRET Casado, Paulino (1950): «Colmeiro, maestro de la Universidad gallega», en VV. AA., *Estudios jurídico-administrativos en honor de Colmeiro*, Santiago de Compostela, Universidade, 173-182.
- PEDROL, Joan (2020): «Miguel Colmeiro: viaje alrededor de una biblioteca (Madrid, 1858)», *Viajes (de) botánicos* (<http://viajesbotanicos.blogspot.com/2020/04/miguel-colmeiro-viaje-alrededor-de-una.html>).
- PERDICES DE BLAS, Luis / John REEDER (2005): «Manuel Colmeiro y la recuperación del pensamiento económico español de los siglos XVI, XVII y XVIII», en Manuel Colmeiro / John Reeder / Luis Perdices de Blas, *Biblioteca de los economistas españoles de los siglos XVI, XVII y XVIII. Estudio introductorio y edición anotada*, Madrid, Real Academia de Ciencias Morales y Políticas / Instituto de Estudios Fiscales / Fundación ICO.
- PESET, Mariano / José Luis PESET (1974): *La Universidad Española (siglos XVIII y XIX): despotismo ilustrado y revolución liberal*, Madrid, Taurus.
- PRO, Juan (2016): «El Estado grande de los moderados en la España del siglo XIX», *Historia y Política: Ideas, procesos y movimientos sociales*, 36, 19-48 (<https://doi.org/10.18042/hp.36.02>).
- RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ, Xaime (1995): «Manuel Colmeiro: un ilustre administrativista galego», en Xaime Rodríguez-Arana Muñoz (dir.), *Manuel Colmeiro (1818-1894): estudios conmemorativos do seu primeiro centenario*, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública, 143-198.
- ROMÁN COLLADO, Rocío (2003): *La escuela economista española*, Cádiz, Servicio de Publicaciones de la Universidad.
- SALVÁ, Melchor (1899): *Necrología del Excmo. Señor Don Manuel Colmeiro, individuo de número y bibliotecario que fué de la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas, leída ante esta corporación en las sesiones de 13 de Diciembre de 1898, 21 y 20 de Marzo y 13 de Junio de 1899*, Madrid, Imprenta del Asilo de Huérfanos del S. C. de Jesús.
- SÁNCHEZ GARCÍA, Raquel (1999): *Alcalá Galiano y la construcción del liberalismo en España*, Madrid, Universidad Complutense, tese de doutoramento.
- SCHUMPETER, Joseph A. (1954): *History of Economic Analysis*, Londres, Allen & Unwin.
- SCHWARTZ GIRÓN, Pedro (2000): «La recepción inicial de *La riqueza de las naciones* en España», en Enrique Fuentes Quintana (dir.), *Economía y economistas españoles*, vol. 4: *La economía clásica*, Barcelona, Galaxia Gutenberg / Círculo de Lectores, 171-238.

- SCHWARTZ GIRÓN, Pedro (2005): «Proteccionismo y nacionalismo en el pensamiento de Cánovas del Castillo», *Anales de la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas*, 82, 335-378.
- SERRANO SANZ, José María (2011): «Librecambio y protección en la España liberal», *Historia Contemporánea*, 43, 623-652.
- SERRANO SANZ, José María (2015): «Los librecambistas españoles en el siglo XIX: la Asociación para la Reforma de los Aranceles de Aduanas», *Anales de la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas*, 92, 217-230.
- SUPER, Charles M. / Sara HARKNESS (1986): «The developmental niche: a conceptualization at the interface of child and culture», *International Journal of Behavioral Development*, 9:4, 545-569 (<https://doi.org/10.1177/016502548600900409>).
- TAM, Kim-Pong / Sau-Lai LEE / Young-Hoon KIM / Yanmei LI / Melodi Manchi CHAO (2012): «Intersubjective model of value transmission: parents using perceived norms as reference when socializing children», *Personality and Social Psychology Bulletin*, 38:8, 1041-1052 (<https://doi.org/10.1177/0146167212443896>).
- VALLEJO POUSADA, Rafael (2014): «Colmeiro y la justificación liberal doctrinaria de la beneficencia pública», *Revista de Historia Industrial*, 54, 11-48.
- VALLEJO POUSADA, Rafael (2018): «La política comercial liberal desde 1820 a 1869. Entre la apertura exterior y las resistencias prohibicionistas», *Áreas. Revista Internacional de Ciencias Sociales*, 37, 61-77.
- VIDAL, Antonio (2020): «Silvestre Colmeiro, carpintero y tallista», *Historia de la Tierra de Deza* (<https://historiadeza.wordpress.com/2020/06/16/silvestre-colmeiro-carpintero-y-tallista/>).
- VILLARES, Ramón / Aurora ARTIAGA (2007): *Galicia no século XIX: estancamento económico e mudanzas sociais*, en *A Gran Historia de Galicia*, tomo XII, vol. 1, A Coruña, La Voz de Galicia.
- WHITBECK, Les B. / Viktor GECAS (1988): «Value attributions and value transmission between parents and children», *Journal of Marriage and Family*, 50:3, 829-840 (<https://doi.org/10.2307/352651>).

Manuel Colmeiro e a agricultura galega

Xosé Cordero Torrón

Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Colmeiro y Penido escribiu a súa *Memoria sobre el modo más acertado de remediar los males inherentes a la extremada subdivisión de la propiedad territorial de Galicia* en plena revolución liberal, mentres se producía a desamortización de Mendizábal e as restantes medidas transformadoras das antigas institucións do Antigo Réxime nas do novo Estado liberal¹; medidas coetáneas e complementarias, como as de abolición dos señoríos, fin dos morgados, supresión de décimos e creación dun novo sistema impositivo. Como veremos, Colmeiro, como observador avezado, non sempre estivo conforme cos cambios que se estaban producindo en Galicia con esas medidas.

A propiedade agraria no Antigo Réxime

Na Galicia do Antigo Réxime había un sistema de propiedade agraria peculiar, diferente ao doutras partes de España². En Galicia, a figura xurídica predominante na articulación das relacións entre os rendeiros, os propietarios agrarios e os campesiños era o foro³. Nas relacións sociais articuladas polo foro había unha diverxencia de intereses entre os foristas, que posuían o «dominio directo», e os subforistas, que subaforaban as terras recibidas polos primeiros aos campesiños, que eran os que posuían o «dominio útil» das terras. Foristas e subforistas eran fraccións da clase dominante galega, pero con intereses contrapostos na participación que tiñan —ou haberían de ter no futuro— na apropiación do excedente agrario. A disputa entre ambos agudizárase na primeira metade do século XVIII porque os intermediarios forais se apropiaran da maior parte do incremento do excedente agrario na etapa de expansión agraria iniciada na segunda metade do século XVII⁴. Os mecanismos que empregaran os

1 Josep Fontana foi quen máis insistiu na necesidade de considerar a desamortización como un dos elementos dun proceso global no que se produciu un cambio na estrutura da propiedade (*vid.* Fontana y Lázaro 1977; Tomás y Valiente 1981; Torijano Pérez 1996).

2 *Vid.* Cordero Torrón 2012.

3 *Vid.* Cordero Torrón 1989.

4 *Vid.* García Lombardero / Dopico 1978.

subforistas consistían no escurecemento da propiedade territorial dos foristas, especialmente da Igrexa, no cultivo de terras antes incultas e no incremento de rendas nas renovacións dos seus contratos cos campesiños⁵. Fronte a todo isto, os grandes foristas laicos e eclesiásticos constataban unha inmovilidade das súas rendas e a perda de control de moitas das súas propiedades⁶.

Debido a isto, existiu unha forte polémica. A defensa dos foristas protagonizárona, sobre todo, institucións eclesiásticas, que posuían o «dominio directo» de máis da metade das terras galegas⁷, mentres que a defensa dos subforistas a protagonizaron institucións políticas galegas do Antigo Réxime. Os subforistas demostraron ter unha grande influencia política pois destacadas institucións políticas galegas do Antigo Réxime defenderon os seus intereses. Así o fixeron as Xuntas do Reino de Galicia⁸, os principais concellos de Galicia⁹ e o Colexio de Avogados da Real Audiencia da Coruña¹⁰.

Os foros adoitaban facerse pola duración da vida de tres reis ou de tres posuidores¹¹, e mentres que os foristas defendían a non-renovación dos foros logo de finalizar ese período, os subforistas, pola contra, defendían a renovación e consideraban a non-renovación un «despoxo». Os intereses e as posturas de foristas e subforistas eran irreconciliables.

Toda esta polémica perdurou ata que a Real provisión do 11 de maio de 1763, recollendo as alegacións da Xunta do Reino de Galicia de 1759, ordenou —aínda que só mentres non se adoptase unha resolución definitiva— a suspensión dos «despoxos» e a obrigatoriedade de renovar os «contratos» forais co «canon y pensión que actualmente y hasta ahora han satisfecho a los dueños»¹². Nunca houbo unha resolución definitiva. No que resta de século sucedéronse as intervencións da Xunta do Reino de Galicia, das Audiencias

5 Vid. García Lombardero / Dopico 1978; Pérez García 1979.

6 Vid. Barreiro Mallón 1972.

7 Vid. García Lombardero 1976; García Lombardero / Dopico 1978.

8 Defendeu as pretensións dos subforistas nos anos 1629, 1701, 1704, 1751 e 1759.

9 Vid. Barreiro Mallón 1972; Ferro Couselo 1943-1944; Arquivo Municipal de Santiago de Compostela. *Libro de Actas do Concello*. Sesión do 2 de xuño de 1744.

10 Vid. Villares / Díaz-Castroverde 1997.

11 «Dictamen del Colegio de Abogados de la Real Audiencia sobre la pretensión de la renovación de foros, que actualmente tiene el Reino (1761)», en Villares / Díaz-Castroverde 1997.

12 A Real provisión do 11 de maio de 1763 aparece publicada na *Revista Jurídica y Administrativa de Galicia*, 1852, t. I, 303-306.

de Galicia e Asturias e mais dos fiscais do Consejo de Castilla, pero o foro quedou no estado de interinidade legal no que o deixou a Real provisión¹³.

A desamortización de Mendizábal

Nas primeiras etapas da revolución liberal en España, as Cortes de Cádiz e o Trienio Liberal, non se produciron modificacións substanciais —agás as desamortizadoras— na situación en que estaban os foros tras a Real provisión de 1763¹⁴. Así se chegou a 1836, cando na terceira etapa da revolución liberal houbo que considerar de novo nas leis de desamortización e de abolición de señoríos e mais nos primeiros proxectos de Código Civil a conveniencia de confirmar ou anular as figuras xurídicas que, como o foro, tiñan unha orixe señorial.

Na Lei de señoríos do 26 de agosto de 1837 asegúranse a foristas e subforistas os seus «contratos»¹⁵. Na desamortización de Mendizábal óptase por favorecer os alleamentos en poxa pública dos foros, en lugar das redencións das rendas forais por parte dos campesiños¹⁶. No proxecto de Código Civil de 1836, que axiña sería retirado, exceptuábanse da regulación dos censos que nel se establecía os foros de Galicia e as enfiteusis da Coroa de Aragón, que se remitían a unha futura lei especial, mentres que para os censos restantes se afirmaba a súa redimibilidade¹⁷.

Con independencia da elaboración dun novo Código e dunha lei especial para regular os foros, segundo enunciaba o proxecto de 1836, en 1843, ano de inicio dun novo proxecto de Código, publícase en Santiago a *Memoria sobre el modo más acertado de remediar los males inherentes a la extremada subdivisión de la propiedad territorial de Galicia*. Neste libro, Colmeiro critica a vía seguida pola revolución liberal en Galicia,

13 Vid. García Lombardero / Dopico 1978.

14 Vid. Cordero Torrón 1986.

15 No artigo 10 da Lei do 26 de agosto de 1837 dise: «Cuando los predios que fueren de señorío se hayan dado a foro, censo o enfiteusis, aunque el señorío sea reversible o incorporable a la nación, continuará el dominio útil en los que lo hayan adquirido, considerándose como propiedad particular. Los contratos que se hayan celebrado después de la primera concesión para transferir a otras manos los foros, censos y enfiteusis, se cumplirán como hasta ahora y según su tenor».

16 Vid. Cordero Torrón 1986; 2012.

17 Vid. Lasso Gaité 1970.

en particular o alleamento de «bens nacionais», e defende unha alternativa que, aínda así, non deixaba de inscribirse dentro da lóxica da economía liberal.

Para Colmeiro, o desenvolvemento da agricultura galega pasaba pola consolidación no «utilitario» dos dous dominios forais e polo aproveitamento privado dos montes comunais. As súas obxeccións ás leis desamortizadoras debíanse a que estaban producindo uns efectos contrarios a esa consolidación e a unha mellora da situación dos labradores.

Colmeiro, partidario da redención foral, xulgaba que a desamortización «no influyó hasta aquí de un modo sensible en mejorar la suerte de la clase labradora, ni apenas influirá tampoco en lo futuro, a no hacerse todavía más difícil su adquisición [dos bens nacionais]. Dígase sino si los labradores compraron muchos Bienes Nacionales» (Colmeiro Penido 1843: 19).

O modo de pagamento seguido na desamortización de Mendizábal favorecía, na súa opinión, «el agio que se hace con los documentos de crédito contra el estado, de cuya existencia apenas tiene una vaga noticia tal cual medio ilustrado de nuestras aldeas» (Colmeiro Penido 1843: 20).

As investigacións sobre a desamortización en Galicia confirmaron plenamente as afirmacións de Colmeiro. Na desamortización de Mendizábal na provincia da Coruña redimíronse moi poucos foros; case todos se venderon en poxa pública¹⁸. Isto supuxo a permanencia da división de dominios —«útil» e «directo»— e a continuidade dunhas cargas perpetuas sobre a propiedade que obstaculizaron o crecemento agrario. Tamén se confirmou o que dicía sobre os que foron os grandes beneficiados das vendas en poxa pública das rendas. A burguesía da provincia da Coruña adquiriu sete de cada dez rendas vendidas en poxa pública¹⁹, mentres que os labradores se fixeron con catro de cada cen²⁰. Moi poucos labradores participaron na adquisición das rendas vendidas (só 162), pero curiosamente superaban en número aos comerciantes e industriais (143²¹), e é que,


18 Hai tan só 786 redencións cun valor total de adxudicación de 6 393 525 reais, mentres que as vendas en poxa pública son 9062 cun valor de adxudicación de 109 348 609 reais. É dicir, as redencións son menos do dez por cento do número e valor dos alleamentos de rendas (*vid.* Cordero Torrón 2012).

19 Adquiriron o 69 % do número de rendas e o 72 % do seu valor (*vid.* Cordero Torrón 2012).

20 Adquiriron o 4 % do número de rendas e o 2 % do seu valor (*vid.* Cordero Torrón 2012).

21 *Vid.* Cordero Torrón 2012.

CLÁSICOS DEL PENSAMIENTO ECONÓMICO ESPAÑOL

A portrait of Manuel Colmeiro Penido, an elderly man with white hair, a mustache, and glasses, wearing a dark suit and a bow tie. He is seated at a desk with books. The background is dark and textured.

**BIBLIOTECA
DE LOS
ECONOMISTAS
ESPAÑOLES
DE LOS
SIGLOS XVI, XVII Y XVIII**

MANUEL COLMEIRO PENIDO

ESTUDIO INTRODUCTORIO Y EDICIÓN ANOTADA

LUIS PERDICES DE BLAS
Y JOHN REEDER

como dicía Colmeiro, a desamortización de Mendizábal se converteu «en provecho exclusivo de un cortísimo número de agiotistas».

Así, a burguesía comercial galega, que manifestara en repetidas ocasións o seu apoio ao réxime liberal, foi a gran beneficiada da desamortización de Mendizábal. Non é de estrañar, polo tanto, que fixese unha loanza da desamortización nun dos seus órganos oficiosos de comunicación²². No *Boletín Mercantil e Industrial de Galicia* da cidade da Coruña (1848) dise: «Nosotros consideramos la desamortización civil y eclesiástica en España, como la más importante de las conquistas de su revolución. Grandes capitales, inmensos terrenos, numerosos edificios, pasaron al dominio particular; esto es, cesaron de ser improductivos para ser productivos».

Porén, en Galicia, durante a desamortización de Mendizábal, vendéronse poucos terreos²³, aínda que tamén aquí se reproduciu a hexemonía que tiña a burguesía na venda das rendas²⁴. Como solución alternativa, Colmeiro propuxo que o Estado reservase unha parte dos predios rústicos «bens nacionais» para dárlllela a labradores en censo redimible, conciliando na redención os intereses do Estado censalista e os do labrador censatario²⁵.

Nas reflexións do *Boletín* silenciábase que a maior parte dos alleamentos de «bens nacionais» en Galicia eran de foros, dos que tan só se alleaba o «dominio directo», e nin sequera se mencionaban os problemas que suscitaría ao conxunto da economía galega a persistencia dos foros tras a revolución liberal. É máis, parece como se a polémica foral lle fose allea á burguesía galega. Porén, este absentismo parece que non pode explicarse doutra forma que polo seu apoio tácito ás medidas que a revolución liberal adoptara en Galicia; medidas que —non hai que esquecelo— permitiron (e en especial a desamortización de Mendizábal) que a burguesía galega se colocase entre os principais perceptores de rendas agrarias de Galicia²⁶. Aínda que, quizais, o

22 *Vid.* Rodríguez Galdo 1981.

23 Hai 1511 vendas de terreos cun valor de adxudicación de 31 714 605 reais, fronte a 9062 vendas de rendas cun valor de 109 348 609,3 reais. Os predios rústicos vendidos teñen unha superficie total de 2 219,1564 hectáreas, que é menos do 0,5 % da superficie da provincia.

24 A súa participación na adquisición de terreos mesmo foi lixeiramente máis elevada, co 73,8 % do valor total da adxudicación (*vid.* Cordero Torrón 2012).

25 *Vid.* Colmeiro Penido 1843.

26 *Vid.* Cordero Torrón 1986; 2012.

apoiado era máis que tácito. Cando a Circular de la Dirección de Rentas de fecha 30 de julio de 1838 ordenou a posta en venda dos foros «bens nacionais», fíxoo atendendo a que había «transcurrido el termino de seis meses prefijado para las redenciones y a que la Junta de Venta de Bienes Nacionales» non desexaba «retrasar máis la enajenación de dichos capitales que solicitan con repetidas instancias los que desean interesarse en su adquisición». Así, tras un reducido prazo para solicitar as redencións, abriuse a fase de venda dos foros. A Administración, ou polo menos a Junta de Venta de Bienes Nacionales, manifestou axiña a súa satisfacción pola evolución das vendas cando, en resposta a unha instancia da Deputación de Lugo na que se pedía unha ampliación do período de redención de foros, indicou que non era conveniente a ampliación porque se «estaban vendiendo en número considerable»²⁷. Sabemos quen adquiriu os foros, tamén sabemos que eran poderosos no económico e na súa influencia social²⁸ e intuímos que eran os mesmos que instaron con insistencia a Administración para que se pechase o período de redención e se abrise o de venda en poxa pública²⁹.

Crítica dos foros e proposta de redención foral

Para Colmeiro, o foro impoñía catro importantes obstáculos á mellora da agricultura³⁰:

1º. Non garantía de maneira irrevogable os dereitos do foreiro ao «dominio útil» dos terreos aforados, «derechos cuya perpetuidad legitima la dilatada y no interrumpida posesión, las mejoras que son por lo común tan considerables y costosas que superan en mucho al valor del fundo, según lo entregó el forista, y la misma conveniencia, pues ya está reconocido que es una necesidad social el amparo de los foreros contra el despojo».

2º. A irredimibilidade da renda foral, que constituía «un obstáculo insuperable á la consolidación del dominio, base de las reformas necesarias para mejorar nuestra constitución agrícola», polo que o foro se desviaba da «naturaleza de los censos, con los cuales, no obstante, (especialmente con la enfiteusis) tiene mil puntos de contacto».

27 Archivo Histórico Nacional, Hacienda, Actas de la Junta de Ventas de Bienes Nacionales, atado 3971.

28 Vid. Vallejo Pousada 1991; Villares Paz 1994; Cordero Torrón 2012.

29 Vid. Cordero Torrón 1986; 2012.

30 Vid. Colmeiro Penido 1843: 44.

3º. A subdivisión en «partecillas moleculares» do «dominio útil». Malia a grande extensión das terras controladas polos «dominios directos», non se favorecía a agricultura de grandes extensións e si, en cambio, a excesiva partición destas.

4º. Os laudemios, que tiñan unha «funesta influencia» na agricultura, «gravando la propiedad (a veces con la quinta parte del precio) entorpeciendo su circulación y castigando las mejoras».

Para solucionar estas dificultades (a garantía dos dereitos do «dominio útil», a irredimibilidade da renda foral, a subdivisión do «dominio útil» e os laudemios), propoñía dúas leis: unha para declarar a perpetuidade dos foros e outra para declarar a súa redimibilidade. Non entraba nos pormenores dunha lei de redención, que, ao seu parecer, debía ser redactada tras consultar de maneira moi escrupulosa os intereses dos foristas, para facilitar ao máximo a redención por medio de pagamentos fraccionados ou «en granos, si la pensión era frumentaria», e os dos foreiros, para asegurarlles unha indemnización que os compensase de maneira suficiente³¹.

A súa defensa da redención foral en contra dos que a criticaban por ser un ataque á propiedade privada dos foristas é moi enérxica:

Si la redención forzosa es un ataque contra la propiedad ¿Por qué se tolera sin murmurar en los censos? ¿Porque se sancionan las enajenaciones también forzosas en utilidad pública? Es verdad que no se exige tan violento sacrificio sin previa indemnización; pero no se indemniza al forista devolviéndole su capital? ¿o debemos de hacer doblar la rodilla a casi todos los labradores ante un orgulloso dominio directo, antiguo señor de horca y cuchillo, y colmar todavía la medida de los caprichos de su vanidad. (Colmeiro Penido 1843: 45)

Consideraba que a redención sería un proceso lento e paulatino, debido aos escasos recursos económicos de case todos os labradores. Pouco a pouco, aliviada a propiedade territorial «de las enormes cargas que la abruman con tan exorbitantes pensiones y gravámenes» (Colmeiro Penido 1843: 47), melloraría «la condición del labrador; es decir, que el labrador sería más rico a lo sucesivo» (Colmeiro Penido 1843: 47) Mentres, os antigos foristas poderían investir os capitais obtidos en cultivar novas terras ou noutras activi-

31 *Vid.* Colmeiro Penido 1843: 44-45.

dades económicas nas que puidesen gañar moito máis que o que perdían en rendas territoriais. Os únicos que saírían prexudicados serían os pródigos, que verían desaparecer as súas fortunas, «pero á estas jamás les falta una ocasión de padecer naufragio» (Colmeiro Penido 1843: 47).

Colmeiro non era o único que defendía a redimibilidade dos foros, aínda que inicialmente o apoio lle chegou desde fóra de Galicia. No mesmo ano en que publicaba a súa *Memoria*, tamén Manuel Ortiz de Zúñiga pediu perante a Comisión de Códigos, encargada da redacción do Código Civil, que se declarasen redimibles os foros, do mesmo xeito que os restantes tipos de censos. Manuel Ortiz de Zúñiga era deputado por Granada e secretario da Sección de Código Civil da Comisión de Códigos³².

A Comisión de Códigos dirixiu consultas a varias institucións e recibiu, entre outros³³, senllos informes dos Colexios de Avogados da Coruña e de Oviedo. En ningún deles se apoiou a redención.

O Colexio de Avogados da Coruña parece actuar como un portavoz dos intereses de foristas e subforistas. Debíase declarar a perpetuidade dos foros, respectaríase o laudemio, a contribución xeral que «substituíu o décimo» debería ser pagada polos «levadores do útil» e respectaríanse os subforos³⁴.

A única modificación da situación legal dos foros que solicitou o Colexio de Avogados de Oviedo foi a sanción definitiva da súa perpetuidade. Polo demais, consideraba o foro dentro da categoría do censo enfitéutico, pero indicaba que os foros eran contratos pactados libremente entre as partes, polo que debían respectarse as súas cláusulas particulares³⁵.

De novo, no proxecto de Código Civil de 1851, o foro considerouse, igual que a enfiteuse, un gravame perpetuo que podía ser redimido polos «utilitarios»³⁶. As reaccións en contra foron

32 *Vid.* Lasso Gaité 1970; «Observaciones sobre los foros de Galicia y Asturias y acerca de los censos, leídas en la sesión del 30 de octubre de 1843 por el Secretario de la Sección del Código Civil D. Manuel Ortiz de Zúñiga». *Boletín Judicial de Galicia*, 27 de outubro de 1866.

33 *Vid.* Lasso Gaité 1970.

34 *Vid.* Cordero Torrón 2012.

35 Ministerio de Justicia, Archivo Comisión de Códigos, atado 13, carpeta 1.

36 Artigo 1563 (*vid.* García Goyena 1852).

inmediatas. Foron especialmente numerosas as procedentes de Cataluña pola proposta de redención das enfiteuses³⁷, pero tamén en Galicia houbo unha firme oposición, da que podemos destacar, polo número e a importancia dos asinantes, a *Exposición* de varios propietarios da provincia de Lugo³⁸. Os asinantes da *Exposición* eran fidalgos, nobres, comerciantes ou avogados³⁹. Máis que propietarios eran rendeiros. Para eles, a longo prazo, a desaparición do foro impediría que puidesen continuar apropiándose dunha parte substancial do excedente agrario: «la acción de la ley será lenta pero infalible, y el resultado la destrucción de intereses creados por legítimos derechos, una revolución completa de la propiedad». Ademais, dicían, os foreiros poderían recorrer a prestamistas que acabarían deixando sen fogar nin medios de subsistencia a «millares de familias»⁴⁰. Os argumentos empregados eran moi pobres. A ameaza aos intereses dos foristas era moi real. Porén, esa normativa non foi aprobada.

Ningún relevante en Galicia estaba apoiando a redención xeral de foros de Colmeiro, pero estábanse producindo cambios no Estado. Logo de vender en poxa pública durante a desamortización de Mendizábal os forais máis importantes do clero regular (conventos e mosteiros), que pasaron de forma moi maioritaria, como dixemos, ás mans da burguesía, empezou, a finais da década dos corenta, a facilitarse a redención de rendas por parte dos campesiños, e isto terá continuidade na desamortización de Madoz. O cambio foi radical: as redencións por parte dos campesiños van ser masivas e as vendas en poxa pública das rendas, minúsculas⁴¹. Coas redencións de foros «bens nacionais» de finais da etapa desamortizadora de Mendizábal e de toda a de Madoz estábanse reducindo as cargas sobre a propiedade.

Proxectos de redención xeral dos foros

Na década de 1860, cando xa se estaban producindo redencións masivas de foros «bens nacionais», van aparecer, case vinte anos despois da *Memoria* de Colmeiro, os primeiros proxe-

37 Vid. Salvador y Coderch 1980.

38 Vid. *Revista Jurídica y Administrativa de Galicia* (1852), nº 13.

39 Vid. Villares Paz 1982.

40 Vid. *Revista Jurídica y Administrativa de Galicia* (1852), nº 13.

41 Vid. Cordero Torrón 2012, 2016; Artiaga Rego 1991.

tos de redención xeral de foros propostos por galegos. Non sabemos os factores determinantes deste cambio de actitude a respecto do foro, pero si que había unha concorrencia deles. Xa mencionamos un: a burguesía galega adquirira os principais forais do clero regular na desamortización de Mendizábal e os do clero secular da de Madoz tiñan menos interese económico porque gran parte das rendas alleadas nesta etapa se caracterizaban por ser de reducida contía e pertencer a pequenas institucións eclesiásticas (igrexarios, fábricas parroquiais, confrarías etc.) dispersas polo territorio, polo que tiñan altos custos de administración e cobranza⁴². Isto tamén afectaba á Administración do Estado: os altos custos da cobranza desas rendas incentivaban o Estado a facilitar o seu alleamento. Ademais, segundo confesou o deputado Alonso Martínez, na etapa de Mendizábal establecéranse restricións á redención «con el fin de allegar recursos para el Tesoro»; é dicir, dificultouse a redención co fin de maximizar os ingresos a través da poxa pública das rendas⁴³. Pola contra, na etapa de Madoz, na discusión parlamentaria, percíbese que había un sentimento maioritario de priorizar a redución de cargas sobre a propiedade por medio da redención por riba do incremento de ingresos coa venda en poxa pública⁴⁴. Porén, todo isto só afectaba aos foros «bens nacionais»; para o conxunto dos foros concurrían outros factores. En primeiro lugar, a burguesía dispoñía agora de máis investimentos alternativos proveitosos que os existentes no período anterior, como por exemplo as propiedades plenas vendidas na etapa de Madoz (máis importantes, sobre todo en Galicia, que as vendidas na anterior etapa⁴⁵) e as novas posibilidades de investimento derivadas do proceso de crecemento e modernización económica⁴⁶. En segundo lugar, a grave crisis agraria de 1852-1853 evidenciou ante os ollos dos contemporáneos a gravísima situación en que se encontraban moitos agricultores galegos, sen semente para o seguinte ciclo produtivo pero tendo que facer fronte ás cargas que gravaban a súa explotación, tanto as

42 Vid. Artiaga Rego 1991; Cordero Torrón 2012, 2016.

43 Vid. o *Diario de las Sesiones de Cortes*. Congreso dos Deputados. Lexislatura de 1865 a 1866 (1866: apéndice 2º ao número 59).

44 Pode verse nos discursos de Pascual Madoz e Alonso Martínez. *Diario de las Sesiones de Cortes*. Congreso dos Deputados. Lexislatura de 1858 (1883:803-809); Lexislatura de 1865 a 1866 (1866: apéndice 2º ao número 59).

45 Na provincia da Coruña vendéronse, na etapa de Mendizábal, 2219 hectáreas de predios rústicos, mentres que na de Madoz esta cifra se eleva ata as 8698 hectáreas (vid. Cordero Torrón 2012).

46 Vid. Vallejo Pousada 2011.

rendas forais como as contribucións ao Estado⁴⁷. E, en terceiro lugar, as construcións ferroviarias supoñían unha apertura da economía galega ao exterior, polo que tiña que estar preparada para a súa articulación no mercado nacional español⁴⁸.

José María Castro Bolaño, en 1860, foi o primeiro en Galicia, tras Colmeiro, en defender a redención xeral dos foros. Era un ilustre xurista, perceptor de rendas e prócer do Partido Moderado⁴⁹. Como Colmeiro e polas mesmas razóns, foi moi crítico coa desamortización de Mendizábal en Galicia.

Castro Bolaño vía con angustia a situación da agricultura galega. Coas cargas existentes, os labradores non tiñan aforros nin medios para sobrevivir durante o ano, e en anos de malas colleitas unha gran parte deles caían na indixencia ou na usura. Para saír deste estado había que redimir a propiedade das cargas perpetuas que a afectaban. Estaba convencido da viabilidade do seu proxecto e do impulso que, de ser aceptado, recibiría a economía galega⁵⁰. Os seus artigos sobre o foro en *El Correo de Lugo* publicáronse cando estaban en plena efervescencia as noticias sobre a liña de ferrocarril que poría en comunicación, anos despois, A Coruña con Lugo e con Madrid. Castro Bolaño cría que coas vías férreas se iniciaba «una nueva era para la historia económica de Galicia», cunha maior integración no mercado español e no mercado mundial: «[...] tal es la posición que nos coloca la proyectada vía férrea del Príncipe Alfonso, llamada a facilitar el cambio de nuestros productos, y a ponernos en rápida comunicación, no sólo con las provincias del reino, sino también con todos los pueblos del mundo»⁵¹.

Axiña atopará réplicas de contrarios á redención dos foros, tanto desde as páxinas de *El Correo de Lugo* como desde a *Revista Económica de Santiago de Compostela*⁵². Entre todos eles destaca Jacobo Gil Villanueva, catedrático de Dereito Civil da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela. Era un brillante civilista, con moita máis sensibilidade pola situación dos rendeiros que pola dos campesiños galegos e cunha nula percepción das vías que

47 Vid. Rodríguez Galdo 1977; Rodríguez Galdo / Dopico 1981.

48 Vid. Rodríguez Galdo / Dopico 1981.

49 Vid. Cordero Torrón 2012.

50 *El Correo de Lugo* (1860), nº 23.

51 *El Correo de Lugo* (1860), nº 23.

52 Vid. Cordero Torrón 2012.

debía seguir a agricultura galega para o seu desenvolvemento. Segundo Gil Villanueva, os foristas non estaban capacitados para investir con seguridade o capital que recibirían nas redencións e os foreiros carecían de recursos para redimir, polo que terían que recorrer a usureiros que acabarían quedando coas súas terras. As redencións masivas de rendas de «bens nacionais» por parte dos campesiños na desamortización de Madoz demostraban a falsidade desta última reflexión, pero eran os argumentos que podía empregar para criticar a redención xeral dos foros⁵³.

O día 1 de abril de 1864 publicouse no *Diario de Sesións do Congreso dos Deputados* a primeira proposición de lei de redención xeral de foros das dúas auspiciadas polo deputado galego Justo Pelayo Cuesta. O seu autor, prestixioso avogado, liberal moderado e membro da Unión Liberal, propón unha redención máis restritiva para os foreiros que a de Castro Bolaño, na que se buscaba, na medida do posible, unha solución consensuada entre os participantes nas relacións forais⁵⁴. Pero o Congreso Agrícola Galego de 1864 demostrou que non era factible atopar unha solución de consenso entre partidarios e contrarios á redención foral⁵⁵. Justo Pelayo Cuesta presentou unha nova proposición de lei de redención no Congreso dos Deputados en 1866 e nomeouse unha comisión para o seu estudo, pero non chegou a emitir o ditame⁵⁶.

Houbo que agardar ao ano 1873 para que se aprobase nas Cortes republicanas a primeira lei de redención xeral de foros. Pasaran trinta anos desde a aparición da *Memoria* de Colmeiro. O principal artífice desta lei foi Juan Manuel Paz Novoa, deputado por Ourense, que se apoiou, para defender a conveniencia da redención, nos textos de Manuel Colmeiro, José María Castro Bolaño e Justo Pelayo Cuesta.

A presión dos contrarios a esta lei foi moi forte e en 1874 suspendeuse para, en palabras de Cristino Martos, ministro de Graza e Xustiza, salvagardar todos os dereitos, mencionando expresamente os dos «señores directos». Foi paralizada a instancia destes, entre os que estaban os adquirentes de foros na etapa de Mendizábal⁵⁷.

53 Vid. Cordero Torrón 2012.

54 Vid. Cordero Torrón 2012.

55 Vid. Cordero Torrón 2012.

56 Vid. Cordero Torrón 2012.

57 Vid. Cordero Torrón 2012.

Houbo outras moitas propostas de redención, pero non houbo unha nova lei de redención xeral dos foros ata cincuenta anos despois. Mentres, como sinala Bouhier (1979), nos foros privados —tamén os que se venderan en poxa pública na etapa de Mendizábal—, foron os rendeiros os que impuxeron uns termos nada benignos para a redención. O Estado abstívose de intervir nas redencións de foros privados ata que en 1926 ditou un decreto lei de redención para proporcionar unha indemnización vantaxosa aos donos do «directo»⁵⁸ e protexelos, así, do perigo que supoñía a fortaleza que chegaran a adquirir as organizacións antiformistas⁵⁹.

Propostas de Colmeiro para a modernización agraria

Manuel Colmeiro, en 1843, no momento de publicar a súa *Memoria*, desempeñaba interinamente a cátedra de Economía Política da Universidade de Santiago de Compostela, que obtería en propiedade en 1847, aínda que non chegou a tomar posesión dela porque ese mesmo ano obtivo a cátedra de Dereito Político e Administrativo da Universidad de Madrid, onde se trasladaría e desempeñaría o novo cargo ata a súa xubilación⁶⁰. Malia que fora pioneiro na defensa da redención foral, na súa actuación política (foi deputado e senador en varias lexislaturas⁶¹) non chegou a articular ningún proxecto de lei de redención.

A crítica do foro que efectúa na *Memoria* volverá repetila, malia que de forma menos explícita, no *Tratado elemental de economía política ecléctica* e en sucesivas edicións dos *Principios de economía política*.

No seu *Tratado*, publicado en 1845, tras sinalar que a enfiteuse era o contrato agrario máis vantaxoso para o desenvolvemento da agricultura, indicaba:

Para que el contrato enfiteútico produjese todos los beneficios de que es capaz, sería menester acomodar las dimensiones de cada labranza a las fuerzas productivas de una familia, porque si el enfiteuta poseyese menos

58 *Vid.* Villares Paz 1978.

59 *Vid.* Baz Vicente 1996.

60 *Vid.* Salvá 1899.

61 *Vid.* Barreiro Fernández 2003.

tierra de labor, no saldría completamente de la condición precaria y miserable del obrero; y, si poseyese más, o las cultivaría mal, o las daría en subarriendo, cosa de muy pernicioso efecto sobre los progresos del cultivo. (Colmeiro Penido 1845: tomo II, 306-308)

Segue considerando vantaxosa a enfiteuse na primeira edición dos *Principios* «porque el canon se estipula en consideración al valor actual de la finca, no sufre alteración y crea derechos perpetuos» (Colmeiro Penido 1859: 61-62). A esta reflexión séguelle, desde a segunda edición dos *Principios*, unha dura crítica dos foros. De forma invariable, desde a segunda ata a cuarta edición dos *Principios*, engádesse ao parágrafo da primeira edición no que se destacaban as vantaxes da enfiteuse o seguinte:

Los foros de Galicia y Asturias son una degeneración de la enfiteusis cuya utilidad, en cuanto promovieron la reducción de los eriales, está fuera de toda controversia; pero hoy perjudican a la agricultura agobiada por pensiones irredimibles, empobrecida por un cultivo diminuto, y en fin muerta por la inmensa confusión de los derechos de dominio. (Colmeiro Penido 1865: 137-138; 1870: 126; 1873: 123-124)

Manuel Colmeiro foi o primeiro economista galego en albiscar a vía que debía seguir a agricultura galega para a súa modernización. Concibía unha transformación lenta e gradual da economía agraria que pasaba por dous elementos nucleares, a redención foral e o aproveitamento privado dos montes comunais, que se complementarían coa instrución pública, o desenvolvemento da industria e do comercio, as melloras nas vías de comunicación, a liberdade do comercio interior e, malia que minguada pola existencia dalgunha protección temporal, tamén a do exterior.

Colmeiro non foi pioneiro en Galicia na defensa da división e aproveitamento privado dos montes comunais. No século XVIII, un grupo de economistas ilustrados galegos defendía o mesmo e por razóns similares⁶².

Segundo Joseph Cornide, os montes de aproveitamento comunal en Galicia dividíanse en «comunales de vocería» e «comunales de los pueblos». Pegerto Saavedra sinala que é correcta a diferenciación feita por

62 Joseph Cornide, Carlos Lemaury, Luis Marcelino Pereira, Pedro Antonio Sánchez e Lucas Labrada coinciden en defender a división e o aproveitamento privado dos montes de aproveitamento comunal (*vid.* Dopicó 1986).



Retrato de Manuel Colmeiro
por Manuel Mampaso

Cornide entre ambos os tipos de montes e explica a diferenza entre eles. Esta diferenza non estaba, en contra do que dixo Cornide, no pagamento ou non dunha renda, pois non sempre se paga nos de «vocería» e ás veces pode pagarse nos dos «pueblos». A diferenza radica en que nos de «vocería» non había que residir na aldea para aproveitálos, estaban *pro indiviso*, eran unha propiedade privada consorciada con cotas de participación que podían ser vendidas e eran de gozo comunal para o pasto, pero nas rozas repartíanse en función das cotas. Pola contra, nos «comunes de los pueblos» o que outorgaba a cotitularidade era a condición de ser veciño, todos os veciños tiñan os mesmos dereitos, a todos competía a xestión e o aproveitamento do monte e non podían facerse vendas nin entre veciños nin a non veciños, porque só os veciños tiñan dereitos e eran os mesmos para todos⁶³.

Cornide fundamenta a división e o aproveitamento privado dos montes comunais na súa produtividade, moi superior nos montes cerrados⁶⁴.

Os argumentos de Colmeiro son moi similares aos de Cornide: «[u]n palmo de terreno reducido a propiedade particular produce mil veces máis, que mientras subsiste en el dominio del común» (Colmeiro Penido 1845: 23).

Colmeiro quería forzar o aproveitamento privado de «todos los baldíos de cada común» mediante unha lei que ordenase, dentro dun prazo «dado y largo», a súa repartición gratuíta entre os veciños e mais a súa posta en cultivo ou, polo menos, o seu acoutamento. Se unha vez transcorrido o prazo non o fixesen, serían declarados propiedade do Estado para seren vendidos ou adxudicados a novos poboadores (Colmeiro Penido 1845: 24 e ss.).

Porén, Colmeiro quedou só; non había un apoio social á súa proposta porque, daquela, a mediados do século XIX, a principal preocupación dos agraristas galegos era a desamortización. Había que conseguir a exclusión dos montes de aproveitamento comunal das vendas na desamortización de Madoz. Houbo unanimidade en Galicia en contra da desamortización destes montes. Deputacións, concellos, rendeiros e comunidades campesiñas fixeron causa común na súa defensa e en contra da súa in-

63 *Vid.* Saavedra 1985; Balboa López 1990; Artiaga Rego / Balboa López 1992.

64 Segundo os cálculos de Cornide, un monte cerrado e dedicado ao pasto precisaba de oito a dez ferrados para alimentar un par de bois, mentres que se estaba aberto precisaba de trinta ferrados. Cada ferrado de monte cerrado producía cada tres anos dous carros de toxo, mentres que aberto precisaba de dezaseis anos (*vid.* Joseph Cornide: *Memoria sobre el cultivo de los montes comunes*, 28 de marzo de 1867).

clusión na desamortización⁶⁵. Todos eles empregaban os mesmos argumentos: eran un sostén esencial das explotacións agrarias, ás que proporcionaban pastos para o gando, material para fertilizante, leña para o combustible e madeira para os apeiros agrícolas e a construción. A presión foi efectiva. Polas investigacións existentes sobre a desamortización en Galicia sabemos que a Administración pública non conseguiu asimilar estes montes aos propios dos concellos, que mantiveron a súa titularidade colectiva e que as súas vendas na desamortización foron moi reducidas⁶⁶.

Co tempo, como defendera Colmeiro en 1843, gran parte dos montes de aproveitamento comunal acabaron dividíndose e en mans de particulares nun proceso distinto ao que el pensara e que foi paulatino, espontáneo e protagonizado polos agricultores galegos. Con todo, este proceso é diferente nos «montes de vocería» (tamén chamados «montes de varas» ou de «voces») e nos «comunes de los pueblos» (tamén chamados «montes veciñais en man común»)⁶⁷. Era máis fácil a partición nos montes de «voces» que nos montes «veciñais», porque nos de «voces» cada un dos copartícipes tiña unha proporción determinada, mentres que nos «veciñais» tiñan os mesmos dereitos todos os veciños do lugar, parroquia ou agrupación de varios lugares ou parroquias aos que pertencese o monte.

Nas particións definitivas dos «montes de voces» hai, segundo Bouhier, varias etapas. Unha, a partir de 1880, foi de crecemento das particións ligado a dous factores: 1) o incremento da venda de gando vacún a Inglaterra e a outras partes de España, que estimulou a ampliación dos terreos de pasto, e 2) o incremento demográfico e, por conseguinte, da demanda de cereais, que estimulou a transformación de partes de baldío de cultivo temporal en parcelas estables de propiedade individual. Porén, o momento de maior intensidade produciuse entre 1920 e 1940 e está ligado a outros dous factores: 1) a redención xeral dos foros, que obrigou a facer unha partición entre os donos do «útil» das sumas que tiñan que entregar aos do «directo», e isto estimulou a aceleración das particións, e 2) o incremento dos prezos dos cereais e da madeira de piñeiro, que

65 *Vid.* Artiaga Rego / Balboa López 1992.

66 *Vid.* Artiaga Rego 1991; Cordero Torrón 2012.

67 *Vid.* Artiaga Rego / Balboa López 1992.

estimulou o cultivo de parcelas de montes e o repoboamento forestal coa plantación de piñeiros. Logo de 1940 proseguiu a partición, pero cun ritmo moito máis lento porque estaba culminando o proceso e cada vez había menos montes de «voces»⁶⁸.

A partición dos «montes veciñais» foi máis incompleta e posterior á dos de «voces», porque houbo unha maior oposición á individualización da súa propiedade por parte dos veciños da aldea ou grupo de aldeas ás que pertencían. Aínda que, como sinalou Colmeiro, xa houbera apropiacións de parte deses montes por parte de particulares durante o século XIX⁶⁹, o primeiro período da súa partición definitiva, segundo Bouhier, comprende entre 1925 e 1935 e o factor fundamental que determinou que algunhas comunidades campesiñas procedesen á partición foi o temor á intromisión dos Servizos Forestais do Estado na xestión dos montes. O segundo período iniciouse en 1945, despois da Guerra Civil e a Segunda Guerra Mundial, foi moi rápido e acadou a súa intensidade máxima. A razón é clara: o temor á perda da súa posesión e do gozo dos seus dereitos tradicionais polos repoboamentos forestais do Patrimonio Forestal do Estado⁷⁰.

Así, con moita demora e por vías moi distintas ás que el previra, acabaron producíndose os dous requisitos que considerara necesarios Colmeiro en 1843 para conseguir o desenvolvemento da agricultura galega: a redención xeral dos foros e a partición e explotación individual de gran parte dos montes de aproveitamento comunal⁷¹.

Segundo Colmeiro, outro piar en que debía basearse a modernización agraria era a educación. O camiño que había que seguir, dicía, xa era coñecido, só había que poñelo en práctica e universalizalo. Había que xeneralizar a instrución primaria nas aldeas rurais como base para unha instrución posterior, que non debía ser «meramente literaria» senón técnica e práctica en canto fose posible. Había que elaborar «manuais do labrador» ao alcance dos nenos da contorna rural, fundar cátedras de agricultura, difundir os coñecementos «económicos-políticos» e facer ensaios

68 *Vid.* Bouhier 1979.

69 *d.* Artiaga Rego / Balboa López 1992; Balboa López 1990.

70 *Vid.* Bouhier 1979.

71 O proceso de partición e explotación individual dos montes de aproveitamento comunal foi moito máis incompleto nos montes «veciñais de man común» que nos de «voces». Na actualidade, a cuarta parte do territorio galego (máis de 700 000 hectáreas) corresponde a montes veciñais en man común (datos da Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural, Oficina Virtual do Medio Rural).

e experiencias en granxas modelo⁷². Pouco se avanzou na educación; a súa situación en Galicia era mala, con moi pouca xente alfabetizada⁷³ e con graves dificultades de financiamento da educación primaria no medio rural⁷⁴.

Colmeiro propugnaba, tamén, melloras nas vías de comunicación para que os progresos na agricultura no se visen limitados por un consumo «enteramente local» (Colmeiro Penido 1843: 63). A gran modernización do transporte neses momentos pasaba polas vías férreas e, en efecto, na década dos corenta inaugurouse a primeira liña ferroviaria en España; en Galicia habería que esperar trinta anos. Porén, na *Memoria* de 1843, Colmeiro non era plenamente consciente de toda a importancia económica dos ferrocarrís, só os menciona vagamente: «[e]n toda sociedade avanzada en civilización, a las anchas y bien construidas carreteras reemplazan los caminos de hierro, a las diligencias los carruajes de vapor» (Colmeiro Penido 1843: 61). Para el, para facilitar a circulación dos produtos agrarios había que abrir camiños veciñais «que acerquen los puntos de producción a los focos de consumo menos distantes» e logo estradas e canles de navegación que permitan o seu transporte a «parajes remotos o su traslación a los pueblos riberiegos y litorales, desde donde se le puede dar expedita salida hacia el extranjero»; así, continúa, «el comercio animará la industria» (Colmeiro Penido 1843: 63). En 1859, na primeira edición dos *Principios de economía política*, segue considerando que a agricultura «percibe mayores beneficios» das vías acuáticas (mares, lagos, ríos e canles) porque se acomodan mellor ao transporte de cousas que conteñen pouco valor en moito volume. Considera que os ferrocarrís «significan la velocidad» e as vías hidráulicas a economía. Os primeiros «satisfacen la necesidad de locomoción y aprovechan principalmente a la industria y al comercio», mentres que a agricultura «percibe mayores beneficios» das segundas (Colmeiro Penido 1859: 238). Será moito máis explícito posteriormente; así, en 1873, ano en que se inaugura o primeiro tendido ferroviario en Galicia, na cuarta edición dos *Principios*, sinala que malia que «los caminos de hierro son poderosos auxiliares de la industria y el comercio, no por eso dejan de prestar grandes beneficios a la agricultura» (Colmeiro Penido

72 *Vid.* Colmeiro Penido 1843.

73 Na provincia de Ourense, en 1840, só sabía ler o 17,64 % da poboación (*vid.* Costa Rico 2004).

74 *Vid.* Suárez Pazos 1983.

1873: 349), como eran: grande incremento do valor da propiedade nas comarcas que atravesan; aproximación aos mercados de venda; subministracións máis baratas de fertilizantes e outros materiais necesarios para as explotacións agrarias; cambios no cultivo pola división do traballo; nivelación de prezos entre as zonas produtoras e as consumidoras, e diminución e desaparición no futuro das crises de subsistencia.

Tamén defende a liberdade no comercio interior e, malia que minguada pola existencia dalgunha protección temporal, tamén no exterior⁷⁵. Segundo Colmeiro, «la protección debe ser pasajera, pues o la industria protegida posee elementos de futura prosperidad, o no; si lo segundo, la protección carece de objeto y debe de abandonarse para no crear intereses insostenibles. Si lo primero, la protección debe tener límite fijo en el tiempo»⁷⁶. Estas reflexións prodúcense en consonancia coa ideoloxía dominante nese momento, a década dos corenta, cando hai un forte avance das ideas librecambistas en Europa⁷⁷.

Reflexión final

En Galicia, no século XIX, a estrutura da propiedade tiña vestixios do Antigo Réxime. Os intereses económicos dos perceptores de rendas forais (antigos foristas, subforistas e burguesía adquirente de rendas na desamortización de Mendizábal) conseguiron neutralizar durante máis de medio século medidas reformistas para o sector agrario que foran propostas con moita antelación por Colmeiro. Mentres non se aplicaron estas medidas, o desenvolvemento económico de Galicia quedou freado polos obstáculos que o foro e outras antigas formas de propiedade puxeron ao desenvolvemento das forzas produtivas. Na nosa opinión, empregando termos de Acemoglu e Robinson (2012), o foro era *unha institución económica extractiva* que obstaculizaba, polas súas características de cargas perpetuas e en especie, o crecemento da economía galega. Desde outra perspectiva, para Carmona, as adquisicións de rendas por parte da burguesía fixeron que quedase «descabezado una vez más el posible surgir de una burguesía que asumiera la tarea de modernizar

75 Vid. Colmeiro Penido 1843.

76 Vid. Colmeiro Penido 1847.

77 Vid. Rodríguez Galdo 1981

la estructura agraria de forma que pudiera ser la base de un desenvolvemento capitalista autóctono» (Carmona 1990). Sabemos, pola *Historia de la economía política en España*, que Colmeiro tiña razón en 1843 coas súas medidas reformistas, pero tamén sabemos que non tiña un apoio social forte abondo, porque as elites económicas de Galicia (burguesía, foristas e subforistas) defendían nese momento a supervivencia do foro e, con ela, a súa continuidade na apropiación do excedente agrario.

Referencias bibliográficas

- ACEMOGLU, D. / J. A. ROBINSON (2012): *Why Nations Fail*, Nova York, Crown Publishers.
- ALONSO ÁLVAREZ, L. (1986): *Comercio colonial y crisis del Antiguo Régimen en Galicia*, A Coruña, Xunta de Galicia.
- ARTIAGA REGO, A. (1991): *A desamortización na provincia de Pontevedra (1855-1900)*, Pontevedra, Deputación Provincial.
- ARTIAGA REGO, A. / X. L. BALBOA LÓPEZ (1992): «La individualización de la propiedad colectiva: aproximación e interpretación del proceso de los montes vecinales de Galicia», *Agricultura y Sociedad*, 65, 101-120.
- BALBOA LÓPEZ, X. L. (1990): *O monte en Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (2003): *Parlamentarios de Galicia. Biografía de deputados e senadores (1810-2003)*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia / Real Academia Galega.
- BARREIRO MALLÓN, B. (1972): «La pragmática de perpetuación de foros. Intento de interpretación», *Compostellanum. Revista de la Archidiócesis de Santiago de Compostela*, 17:1-4, 73-116.
- BAZ VICENTE, M^a J. (1996): *Señorío y propiedad foral de la alta nobleza en Galicia, siglos XVI-XX: La Casa de Alba*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- BOUHIER, A. (1979): *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*, La Roche-sur-Yon, Imprimerie Yonnaise.
- CARMONA BADÍA, X. (1990): *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)*, Barcelona, Ariel.
- COLMEIRO PENIDO, M. (1843): *Memoria sobre el modo más acertado de remediar los males inherentes a la extremada subdivisión de la propiedad territorial de Galicia*, Santiago, Imp. Viuda e Hijos de Compañel.

- COLMEIRO PENIDO, M. (1845): *Tratado elemental de economía política ecléctica*, Madrid, Librería de los Señores Viuda e Hijos de D. Antonio Calleja.
- COLMEIRO PENIDO, M. (1847): «Del sistema comercial de España con respecto a la Isla de Cuba», *Revista Económica de Madrid*, II, 591-612.
- COLMEIRO PENIDO, M. (¹1859): *Principios de economía política*, Madrid, Librerías de Don Ángel Calleja.
- COLMEIRO PENIDO, M. (²1865): *Principios de economía política*, Madrid, Imprenta de F. Martínez García.
- COLMEIRO PENIDO, M. (³1870): *Principios de economía política*, Madrid, Imprenta de F. Martínez García.
- COLMEIRO PENIDO, M. (⁴1873): *Principios de economía política*, Madrid, Imprenta de F. Martínez García.
- CORDERO TORRÓN, X. (1986): «La redención foral en la provincia de La Coruña ante el proceso desamortizador», en *Desamortización y hacienda pública*, vol. 1, Madrid, Ministerio de Hacienda / Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, 191-206.
- CORDERO TORRÓN, X. (1989): «Manuel Colmeiro y la propiedad de la tierra en Galicia», *Revista de Historia Económica*, ano VII, nº extra 2, 63-70.
- CORDERO TORRÓN, J. (2012): *La desamortización en la provincia de A Coruña. Etapas de Mendizábal y Madoz*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento.
- CORDERO TORRÓN, X. (2016): «Los foros en la desamortización. Etapas de Mendizábal y Madoz», *Revista Galega de Economía. Publicación Interdisciplinaria da Facultade de Ciencias Económicas*, 25:1, 35-48.
- COSTA RICO, A. (2004): *Historia da Educación e da Cultura en Galicia. (Séculos IV-XX)*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- DOPICO, F. (1986): *A Ilustración e a sociedade galega*, Vigo, Galaxia.
- FERRO COUSELO, J. (1943-1944): «Constitucionales y Realistas. Los comuneros de Valedoras», *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*, nº 15.
- FONTANA Y LÁZARO, J. (1977): *La Revolución Liberal. (Política y Hacienda 1833-1845)*, Madrid, Instituto de Estudios Fiscales. (Novo prólogo na 2ª edición de 2001, Madrid, Instituto de Estudios Fiscales, pp. 9-14).
- GARCÍA GOYENA, F. (1852): *Concordancias, motivos y comentarios del Código Civil español*, Madrid. (Reeditado en Zaragoza en 1974).
- GARCÍA LOMBARDEIRO, J. (1976): «Hacia una historia económica de las nacionalidades. Datos para el estudio del poder económico del clero gallego en el siglo XVIII», *Hacienda Pública Española*, 38, 101-109.

- GARCÍA LOMBARDEO, J. / F. DOPICO (1978): «La renta de la tierra y la polémica por la renovación de los foros en los siglos XVII y XVIII», *Hacienda Pública Española*, 55, 191-199.
- LASSO GAITE, J. F. (1970): *Crónica de la codificación española. 4. Codificación civil. (Génesis e historia del Código)*, Madrid, Ministerio de Justicia, Comisión General de Codificación.
- PÉREZ GARCÍA, J. M. (1979): *Un modelo de sociedad de Antiguo Régimen en la Galicia costera*, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento.
- RODRÍGUEZ GALDO, M. X. (1977): «A crise agraria de 1853 e a emigración galega a Cuba», *Grial*, 57, 261-272.
- RODRÍGUEZ GALDO, M. X. (1981): «A polémica librecambismo-proteccionismo en Galicia a mediados do século XIX. Fontes para o seu estudo», *Grial*, 73, 299-305.
- RODRÍGUEZ GALDO, M. X. / F. DOPICO (1981): *Crisis agraria y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX*, Sada, Edición do Castro.
- SAAVEDRA, P. (1985): «Comunidades campesinas, xurisdiccións e partidos na Galicia da Idade Moderna», *Revista de Administración Galega*, 2.
- SALVÁ, M. (1899): *Necrología del Excmo. Señor Don Manuel Colmeiro, individuo de número y bibliotecario que fué de la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas, leída ante esta corporación en las sesiones de 13 de Diciembre de 1898, 21 y 20 de Marzo y 13 de Junio de 1899*, Madrid, Imprenta del Asilo de Huérfanos del S. C. de Jesús.
- SALVADOR Y CODERCH, P. (1980a): «El proyecto de Código Civil de 1851 y el Derecho Civil Catalán», *Revista Jurídica de Cataluña*, 79:1, 49-98.
- SALVADOR Y CODERCH, P. (1980b): «El proyecto de Código Civil de 1851 y el Derecho Civil Catalán», *Revista Jurídica de Cataluña*, 79:2, 313-372.
- SUÁREZ PAZOS, M. (1983): «El campesinado gallego y su rechazo a la escuela primaria (1868-1874)», *Historia de la Educación. Revista Interuniversitaria*, 2, 317-324.
- TOMÁS Y VALIENTE, F. (1981): «La obra legislativa y el desmantelamiento del Antiguo Régimen», en R. Menéndez Pidal (ed.), *Historia de España. Tomo XXXIV. La era isabelina y el sexenio democrático (1834-1874)*, Madrid, Espasa-Calpe, 140-193.
- TORIJANO PÉREZ, E. (1996): «La transformación de la propiedad territorial feudal a la propiedad capitalista en Ledesma y sus términos agregados», *Salamanca. Revista de Estudios*, 37, 29-66.
- VALLEJO POUSADA, R. (1991): *A desamortización de Mendizábal na provincia de Pontevedra, 1836-1844*, Pontevedra, Deputación Provincial.

- VALLEJO POUSADA, R. (2011): «The Survival of the foros in Galicia after Disentailment», comunicación presentada en *XXIII Seminari d'Història Econòmica y Social. Les practiques enfitèutiques a l'època Moderna i Contemporània. Una perspectiva comparada*, Girona, Universitat de Girona, 16-18 de xuño de 2011.
- VALLEJO POUSADA, R. (2014): «Manuel Colmeiro y la justificación liberal doctrinaria de la beneficencia pública», *Revista de Historia Industrial*, 54, 11-48.
- VILLARES PAZ, R. (1978): «No cincuentenario da lei de redención de foros (1926-1976). Aproximación ao problema», *Grial*, 54, 477-489.
- VILLARES PAZ, R. (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia. 1500-1936*, Madrid, Siglo XXI.
- VILLARES PAZ, R. (1994): *Desamortización e réxime de propiedade*, Vigo, Edicións A Nosa Terra.
- VILLARES, R. / X. L. DÍAZ-CASTROVERDE (1997): *O conflito foral nos séculos xvii e xviii*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia / Caixa Ourense.

TRATADO ELEMENTAL
DE
ECONOMIA POLITICA ECLECTICA,

POR EL DOCTOR
DON MANUEL COLMEIRO,
del Claustro de la Universidad de Santiago, abogado de los
Tribunales del Reino.

OBRA RECOMENDADA POR EL CONSEJO DE INSTRUCCION PUBLICA.

PARTE PRIMERA.

TEORIA ECONOMICA.



MADRID:
LIBRERIA DE LOS SEÑORES VIUDA E HIJOS DE D. ANTONIO CALLEJA.

—
1845.

Manuel Colmeiro y Penido, a historia da economía política

María Cadaval Sampedro

Universidade de Santiago de Compostela

Introdución

Nun mundo cada vez máis complexo, a economía converteuse nunha forza omnipresente que se nutre das experiencias cotiás que adoptan os consumidores, os produtores e as políticas que guían as nacións. Pero que é a economía? En esencia, a economía é a ciencia que estuda as relacións entre fins e medios escasos susceptibles de usos alternativos. Porén, non é unha ciencia exacta con respostas unívocas, senón que o seu campo de estudo está en constante evolución e abarca diversas teorías e enfoques que acotío difiren nas súas perspectivas e recomendacións. Cada economista ten algo valioso que achegar para comprender os fenómenos económicos e as consecuencias que deles derivan, consciente de que a economía é o tecido invisible que vertebra a sociedade. Neste contexto, embarcámonos nunha sucinta viaxe que percorre os principios e ideas fundamentais da economía a través da súa evolución da man dos seus ilustres mestres, entre os que se atopa Manuel Colmeiro y Penido.

Os indicios históricos dos que se dispón permiten falar dun incipiente pensamento económico estruturado na antiga Grecia, aínda que xa antes se aprecian aproximacións tanto no Antigo Testamento como no Código de Hammurabi. Platón e Aristóteles sofisticaron os razoamentos económicos e estableceron as bases do que máis tarde se coñeceu como economía política.

Na Idade Media formouse unha nova clase social, composta por agricultores, artesáns e comerciantes, que foi a antesala da vida industrial. Nese momento, os gobernos decatáronse dos beneficios da abundancia e estableceron unha orde económica baseada na intervención, baixo o principio de autoridade. Ao comezo, os ingresos públicos administráronse sen orde nin concerto e apenas con coidado sobre o equilibrio orzamentario.

O descubrimento do Novo Mundo cambiou o eixe de rotación da orde previamente establecida, e o comercio e intercambio de produtos engadiu riqueza aos novos mercados e acceso a

produtos e materias primas novas. Europa comezou a brillar e a riqueza a se acumular grazas aos metais preciosos procedentes do outro lado do Atlántico.

O comercio interveuse e converteuse en arma de guerra ao longo do século XVI, cando se transformou no chamado sistema mercantil. Xurdiu así o comercio en activo e pasivo, a través do que se canalizaron as exportacións e importacións. Tras el, chegou o sistema colonial coas Indias, para o que rexía a moeda de peso con valor intrínseco, o ouro e a prata.

O nacemento da economía política

A observación da discusión histórica permite asociar o nacemento da economía política *stricto sensu* como categoría de análise social a finais do século XVII e a súa extensión e consolidación entre os séculos XVIII e XIX, unha vez que se separou doutras ciencias sociais e focalizou o seu estudo na produción, distribución e consumo dos bens e servizos na sociedade.

A doutrina fisiocrática, que consideraba como única fonte de riqueza a terra e a renda que esta xeraba, deixara fóra da clase produtiva os industriais, xa que, ao seu entender, non aumentaban o produto da terra, senón que «só» o transformaban. A visión de Quesnay, que se sintetiza no *Tableau économique*, deu paso ao desenvolvemento de teorías e análises sobre a economía e os fenómenos relacionados coa produción e o comercio.

O proceso de formación e desenvolvemento do capitalismo supuxo a ruptura co sistema fisiocrático anterior, nun animado intercambio de produción. Abandonouse o *laissez-faire*, *laissez passer* e outorgouse ao Estado un papel de acompañamento ao libre mercado que defendeu Adam Smith, quen concibía a orde natural das cuestións económicas alleas a calquera tipo de intervención do sector público na industria e o comercio. Todo isto en prol do equilibrio natural, a mellor asignación de recursos —segundo o seu modo de ver— agás nunha función: a que garante e conserva a libre competencia. Estendeuse axiña a conceptualización da división social do traballo como produto da estratificación das clases sociais, maior canto mellor fose o aumento da produtividade. *A riqueza das nacións* (1776) significou un punto de inflexión na economía clásica como disciplina científica.

A Revolución Industrial tamén significou a revolución das ideas económicas e ofreceu unha nova mirada ante os problemas sociais. O traballo converteuse na fonte última de valor e os prezos reflectían as cantidades relativas de traballo incorporado nos bens e servizos. Smith cría na importancia da propiedade privada, a libre competencia e o libre comercio como piares fundamentais dun sistema económico próspero.

Foi David Ricardo quen influíu no pensamento económico do século XIX e ampliou as ideas de Smith sobre o comercio internacional e as vantaxes comparativas dos países á hora de comerciar. Stuart Mill destacou a importancia da demanda agregada nos niveis de produción e emprego, e introduciu a intervención do Goberno para corrixir as deficiencias do mercado e promover a igualdade de oportunidades. Mentres, Karl Marx, con *O capital*, contribuíu á análise da distribución da riqueza, o valor e outros aspectos fundamentais e desenvolveu unha teoría económica baseada na loita de clases e a explotación do traballo por parte do capital. O marxismo implantou un cambio substancial no pensamento económico.

Manuel Colmeiro y Penido, do eclecticismo ao liberalismo

No frutífero século XIX, no que se forxaron grandes economistas, naceu Manuel Colmeiro y Penido; era o ano 1818, en Santiago de Compostela. Como catedrático de Economía Política na Universidade de Santiago de Compostela primeiro e de Dereito Administrativo en Madrid despois, tivo unha traxectoria sobresaliente en múltiples facetas, ademais dunha fecunda obra que influíu en economistas e xuristas, así como na forza do cambio económico e social que transformou a ciencia económica.

«Si la fe en el progreso de la humanidad fuese objeto de controversia, invocaríamos el testimonio de la historia, la cual nos enseña que el mundo camina hacia un estado de perfección ideal, acercándose de siglo en siglo a ese último y supremo grado de común felicidad». Con este parágrafo comeza o capítulo introdutorio da terceira edición da súa obra *Principios de economía política* (1870: 1), na que, a continuación, asevera que a economía política é a ciencia dos inte-

reses materiais ou da teoría do traballo e a riqueza: «Vivimos en el siglo de la industria; y la vida industrial ha transformado la sociedad dando origen a multitud de hechos nuevos que se rigen por leyes especiales. Investigarlas, explicarlas y demostrarlas constituye una ciencia aparte, cuya jurisdicción se extiende a todos los fenómenos relativos a la producción y distribución de las riquezas; esto es, a estudiar las causas y los efectos de una producción más abundante y de una distribución más equitativa de los bienes que se alcanzan por medio del trabajo» (p. 4).

En tempos pretéritos, a visión da riqueza estaba impregnada de modalidade. Os filósofos ensinaron que o ser humano debía limitar as súas necesidades e valorar os dons da fortuna en función da súa capacidade para elevar o espírito cara a causas nobres e practicar a xenerosidade. Os pobos fiaban a súa prosperidade na conquista e o despoxo dos vencidos, e os bens adquiridos a través do esforzo e o traballo eran menosprezados. Os escravos, considerados obxectos ou útiles de traballo, alimentaron unha «industria» desprovista de propiedade nin liberdade que modificou o cambio de sistema. O pensamento económico floreceu e ilustres profesores comezaron a reflexionar non só sobre a esencia da economía, senón tamén sobre temas gobernamentais, o que forxou as bases da economía política. En España foi pioneiro Manuel Colmeiro y Penido, quen definiu a economía política como a fusión de dous elementos fundamentais: a natureza exterior e a natureza humana, co fin de ampliar o seu alcance ata comprender todo o sistema social, o que deu á economía a categoría de ciencia universal e aos seus detractores motivos para combatela e acúsala de invadir os dominios da moral, a política, a xustiza e a administración. Estes argumentos foron rebatidos polo profesor compostelán na súa lexítima competencia co obxecto de promover e desenvolver o ben común a través do cumprimento de leis de produción, distribución, intercambio e consumo.

Desta premisa despréndese que o enfoque económico non é superior nin inferior a outros, só diferente. Cando a economía política se atopa con feitos que pertencen a unha orde distinta, examínaos desde o seu punto de vista particular e xúlgaos como positivos ou negativos, ao tempo que atende á necesidade (ou non) dunha intervención pública. Como defendía Chevalier (1838), non é a economía política a única filla da casa, nin sequera a primoxénita entre as ciencias sociais,

pero si discorre de modo paralelo e diferente á ciencia política, a filosofía ou o dereito, aínda que todas confluirán nun único punto e profesarán unha doutrina semellante. Colmeiro engade:

La Economía política, demostrando que la prosperidad recíproca de las naciones es un bien, extirpa las raíces de la envidia, ahoga el germen de los celos y rivalidades insensatas [...] recomienda el orden público que mantiene el curso sosegado y tranquilo del trabajo. Por ella sabemos que las ciudades florecen con la riqueza de los campos, así como el labrador gana cuando prospera el artesano.

En resolución, la Moral es la cuna de la Economía política, [...] en la Moral se funda su ilustre abolengo. (Colmeiro 1870: 14)

Nese momento foi cando se produciu o fortalecemento da economía, se favoreceu a acumulación de riqueza e comezou a preocupación polos equilibrios permanentes dos distintos sistemas económicos nacionais e os seus Estados. Introduciuse de maneira regulada a intervención do sector público na economía de mercado —con todos os matices que proporciona a historia do pensamento económico—, ao seren conscientes intelectuais como Colmeiro de que a vida en común esixe gastos comúns, porque as cargas e beneficios do Estado deben repartirse de maneira equitativa entre todos os seus membros ou todos os cidadáns.

La defensa del territorio, la conservación del orden, la administración de la justicia, la protección de las personas y haciendas, el fomento de los intereses materiales y morales de los pueblos desde que están fuera del alcance de los particulares, son servicios que presta el gobierno a la universalidad de las gentes que habitan el territorio sujeto a su autoridad, y el manantial perenne de un consumo de valores que redunda en provecho de los asociados. La causa pública exige el concurso de las voluntades y fuerzas privadas, sin cuya condición no hay sociedad ni gobierno posible. La necesidad reclama estos sacrificios, la justicia los impone y la conveniencia los persuade. (Colmeiro 1870: 402)

A partir da súa concepción dualista da división de poderes no dereito político, defendeu que ao Estado lle correspondían dúas funcións, unha das cales estaría a cargo do poder legislativo,

a de ditar leis, mentres que a misión de aplicalas e facelas cumprir se concibiu como misión subordinada á dirección do legislativo, desempeñada polo executivo e o poder xudicial. Deste modo, a súa achega ao pensamento económico español evolucionou desde unha postura inicialmente proteccionista, influído por Blanqui e Flores Estrada, ata defender nos últimos anos da súa vida o liberalismo nos seus escritos.

A teoría da economía política de William Stanley Jevons (1871) é unha das tres obras que, xunto con *Elementos de economía política* de Léon Walras e *Principios de economía* do austríaco Carl Menger, sentaron as bases da economía moderna coa súa énfase na utilidade marxinal e o uso de instrumentos matemáticos, que se engaden ás análises clásicas en economía. Os neoclásicos, en contraste cos clásicos, trataron de demostrar que o problema central dunha economía non era o crecemento da riqueza, nin sequera a súa distribución, senón a asignación óptima dos recursos.

Porén, a teoría que lle concedeu á economía o status de ciencia entrou en contradición durante a Gran Depresión de 1929. A resposta veu da man de John Maynard Keynes e fíxose extensiva coa publicación da súa obra *A teoría xeral da ocupación, o interese e o diñeiro* (1936), que manifestou a contradición cos postulados liberais de equilibrio a través do mercado. Tratou de demostrar que os mercados non sempre se autorregulan e que a intervención do Estado pode ser necesaria para superar as fases recesivas do ciclo e para promover a actividade económica e o emprego nos momentos de recesión. Este cambio significou a xeneralización do estado de benestar, entendido como o conxunto de accións públicas tendentes a garantir a todo cidadán dunha nación o acceso a un nivel mínimo de servizos que mellore as súas condicións de vida. Este avance mantívose ata que os efectos negativos da inflación fixeron florecer a escola monetarista, na que autores como Milton Friedman e V. Hayek mantiveron a súa constante crítica e abriron camiño para que os postulados keynesianos caesen na contradición de se presentaren como orixe de hiperinflación e desemprego. A economía monetarista puxo a énfase na oferta de diñeiro á hora de determinar os niveis de produción e emprego. Avogou por unha política monetaria estable e unha redución na intervención do sector público na economía. A partir da década de 1950 xurdiron varias escolas máis de pensamento novas que tiveron unha influencia significativa: a nova economía clásica, con Robert Lucas e Thomas Sargent, argumenta que as expectativas racionais

dos axentes económicos son fundamentais para comprender o comportamento económico, ou a economía do desenvolvemento, que se centra nos problemas económicos dos países en vías de desenvolvemento. Más recentemente, Ronald Coase e Oliver Williamson destacaron na economía institucional.

O neoinstitucionalismo encontrou a súa atención ao retomar a análise económica tradicional mesturada con outras disciplinas como a ciencia política e o dereito, centrada no estudo da influencia dos hábitos de conducta sobre as institucións, a partir do modelo neoclásico. O problema do custo social, que abriu o camiño á análise da elección pública e a regulación económica, tomou como base o traballo de Ronald Coase e Thorstein Veblen, entre outros. A institución converteuse no eixe principal e o Estado, como regulador de comportamentos, conductas e dereitos de propiedade, foi un actor principal do desenvolvemento económico. Alén do debate sobre o Estado ou o mercado como estabilizadores da sociedade, hai varias correntes que se fixan nas vantaxes e desvantaxes do seu peso relativo.

Agora, como entón, a discusión pivota arredor do tamaño do sector público e o modo en que se debe financiar. Apuntou Colmeiro no seu libro *Principios de economía política*: «Deben los gobiernos esforzarse a cubrir las obligaciones presentes con recursos presentes: el porvenir traerá las suyas, y conviene no privarle de sus medios. Si no se puede encerrar los gastos del estado dentro de estos límites, acúdase al empréstito que no es bueno ni malo por sí mismo, sino por su aplicación. No se murmura del particular que usa del crédito sino del que abusa: seamos igualmente justos con el gobierno» (pp. 494-495), malia que «[n]o participando nosotros de la opinión de los economistas que dicen que la deuda pública aumenta la riqueza social otro tanto como importa el capital recogido por medio de los empréstitos, o la comparan a una mina de oro, o piensan que es una deuda de la mano derecha a la mano izquierda, respondernos sin titubear que sí. La extinción de la deuda pública supone la economía de una suma considerable que se destina en manos de los contribuyentes a un empleo productivo» (pp. 500-501). Porque —defendeu— hai dúas maneiras de reembolsar os acredores do Estado: «acudiendo al impuesto o fiándose de la amortización» (p. 501). Se os acredores fosen nacionais, o produto do imposto mantería a riqueza nacional cunha distribución diferente. No caso contrario, a realidade cambiaría. Quedaría ao

arbitrio da extinción aplicar o exceso de ingresos sobre os gastos (superávit) ou a amortización, entendida cun propósito firme de perseverante economía, cuxo termo debe asociarse coa formación dun capital equivalente á débeda, que vai incrementándose coa acumulación sucesiva do interese. Así, conclúe:

Hoy no cautiva los ánimos la quimera de la fuerza reproductiva de la amortización; y abandonada de los economistas, sólo encuentra apoyo entre los hacendistas ciegos partidarios de la rutina.

En resolución, un pueblo agobiado con el peso de su deuda, no intenta siquiera extinguirla ni por medio del impuesto que exigiría sacrificios enormes, ni menos apelando al engañoso arbitrio de la amortización. Puede, sí, aliviarse de la carga ordenando su hacienda de modo que el equilibrio de los ingresos y los gastos excuse o aleje la necesidad de contraer nuevos empréstitos, y aplicando todas sus fuerzas al acrecentamiento de la riqueza social. Con el sobrante de las rentas puede ir poco a poco liquidando su deuda; pero aun sería mejor antes de pensar en reducirla, reformar o suprimir los impuestos más viciosos.


Cuando un gobierno quebranta la fe empeñada y no da satisfacción cumplida a sus acreedores, hace *banquero*. (Colmeiro 1970: 502-503)

Conclusión

Dous séculos máis tarde, boa parte das reflexións de Colmeiro seguen sendo útiles para comprender a época que lle tocou vivir, mais tamén para entender o momento actual, con observacións e razoamentos que conservan a súa validez. A súa aproximación á ciencia económica foi moderna e equilibrada, o que lle serviu para alcanzar múltiples recoñecementos. O seu paso polo ámbito da economía deixou obras tan diferentes como o *Tratado elemental de economía política ecléctica* (1845), que evolucionou ata a publicación de postulados de economía máis liberais a partir dos *Principios de economía política* (1859), os que dotou da metodoloxía moderna e a nova forma de concibir a economía como unha ciencia social con entidade propia. A contribución de Manuel Colmeiro y Penido á economía foi determinante para que o seu avance e modernización se consolidasen.

Referencias bibliográficas

- CHEVALIER, Michel (1838): *Des Intérêts Matériels en France*, París, Charles Gosselin et W. Coquebert.
- COLMEIRO, Manuel (1845): *Tratado elemental de economía política ecléctica*, Madrid, Librería de los Señores Viuda e Hijos de D. Antonio Calleja.
- COLMEIRO, Manuel (1870 [1859]): *Principios de economía política*, tercera edición, nuevamente aumentada, Madrid, Imprenta de Fermín Martínez García.
- JEVONS, William Stanley (1871): *The Theory of Political Economy*, Londres, Macmillan and co.
- KEYNES, John Maynard (1936): *The General Theory of Employment, Interest and Money*, Londres, Palgrave Macmillan.
- MARTÍN, Sebastián (2013): «Liberalismo e historia en el derecho político. Semblanza de Manuel Colmeiro y Penido (1818-1894)», *Teoría y Realidad Constitucional*, 31, 643-668.
- MARX, Karl (1979 [1867]): *El capital*, México D. F., Siglo XXI Editores.
- MENGER, Carl (1871): *Principles of Economics*, Alabama, Ludwig von Mises Institute.
- SMITH, Adam (2005 [1776]): *La riqueza de las naciones*, Madrid, Alianza Editorial.
- WALRAS, Léon (1874): *Éléments d'économie politique pure*, Lausanne / París / Basilea, L. Corbaz / Guillaumin et Cie / H. Georg.



Discurso da inauguración do curso universitario 1859-1860

Consideracións arredor da historia da economía e do pensamento económico na obra de Manuel Colmeiro

María Xosé Rodríguez Galdo

Universidade de Santiago de Compostela

Sostén Gonzalo Anes na súa documentada «Nota preliminar» de 1965 á reimpresión da *Historia de la economía política en España* de Manuel Colmeiro y Penido que nos atopamos diante dunha «obra de síntese e de investigación directa»¹ segundo «as fontes e coñecementos do momento». Esta obra, salienta, habería de marcar a «renovación en Historia e a difusión dos coñecementos da Economía Política»; renovación que, sesenta anos despois de ser formulada, a historiografía actual sobre o século XIX obriga a matizar.

Reforza a valoración de Anes o que considera a anticipación intelectual de Colmeiro na concepción do acontecer histórico, en principal referencia á historia da economía, e teima no feito de que «expuxese Colmeiro en España o estudo da nosa Historia económica nunha forma tan ambiciosa [...] nun momento en que a Escola Histórica alemá aínda non producira os seus froitos». Porén, como insiste o autor da nota preliminar antes citada, «as obras dos economistas e historiadores da primeira metade do século XIX non poden ser axuízadas se non se vinculan coa tradición ilustrada do século anterior que, a pesar dos cambios operados na vida social e política do país nos primeiros decenios do seguinte século, segue mantendo a súa influencia»². Na achega que realiza G. Anes á obra histórica de Colmeiro, apunta que cristaliza precisamente na *Historia de la economía política en España* a dobre condición do autor de descendente do pensamento ilustrado e economista, daquela, da escola liberal e mais a súa faceta de universitario e de «economista práctico».

En palabras do propio Colmeiro, reflectidas no seu parágrafo inicial da «Advertencia» á primeira edición (Madrid, 2 de maio de 1863) da obra citada, explícase así a concepción do libro que el presenta en dous tomos:

1 En castelán no orixinal. Todas as citas textuais, orixinalmente en castelán, que se recollen entre aspas no texto preséntanse traducidas ao galego, agás as que son do propio Colmeiro.

2 A este respecto, sinala un mozo Colmeiro na introdución á obra que traduce de J. Droz en 1842: «No negamos nuestro tributo de admiración y respeto a los profundos pensadores del siglo XVIII que lograron por lo menos desmontar el terreno que otros cultivaron después» (p. V).

La particular inclinación que siempre he tenido a las ciencias morales y políticas, junto con la curiosidad de saber las cosas pasadas para mejor entender y juzgar las presentes, hicieron que casi sin sentirlo me fuese enfrascando en la lectura de los muchos libros tocantes a diversas materias de gobierno que entre nosotros se publicaron en los tres últimos siglos. Luego que me vi dueño de un mediano caudal de noticias económicas, concebí el pensamiento de sacar a la luz del mundo aquel tesoro, ordenándolo en forma de una *Historia de la economía política en España*. (Colmeiro 1963: V)

Confesa también Colmeiro, en canto «autor del libro que ahora sale a luz», como el mismo sinala, a súa ousadía ao atreverse a «discurrir sobre los hechos y doctrinas económicas entretrejidas con la historia de España desde la remota antigüedad hasta muy cerca de nuestros días» (Colmeiro 1963: 1).

Abondan estas breves referencias iniciais para achegármonos á faceta de historiador da economía de Colmeiro, que prima sobre a máis ampla e complexa de historiador, e para xustificar o título deste artigo, sen esquecer —obviamente—, por outra parte, que no campo da historia do pensamento económico Colmeiro ocupa a condición de «clásico», reforzada coa súa obra aparecida en 1861 e máis tardiamente reeditada, en 1880, *Biblioteca de los economistas españoles de los siglos XVI, XVII y XVIII*, convertida hoxe en obra de referencia e de consulta frecuente.

Coñecer a traxectoria persoal e profesional de Colmeiro pode ofrecer claves de como foi agromando e posteriormente asentando o seu perfil intelectual de economista, de administrativista ou de home implicado na política representativa como «economista práctico», no dicir de Anes. A súa prolífica obra constitúe un capítulo esencial da súa biografía, a pesar de que as miñas «Consideracións arredor da historia da economía e do pensamento económico na obra de Manuel Colmeiro» se asentan preferentemente nas dúas obras ás que xa se fixo referencia inicialmente, contando tamén coa inclusión doutras que se considera que explican a visión do autor neste campo.

Traxectoria persoal e profesional

No *Diccionario Biográfico Español* que vén realizando a Real Academia de la Historia publicou Gonzalo Anes, naquel tempo director da institución, a nota biográfica de Manuel Colmeiro y

Penido³ coa precisa documentación sobre os estudos realizados na universidade galega, os primeiros encargos como profesor universitario e a súa longa etapa madrileña, que, en síntese e con outras achegas (entre elas a de M. Salvá, a de Sebastián Martín e a de X. L. Mínguez), tamén se recolle no desenvolvemento deste texto.

Os escasos trinta anos de vivencias compostelás de Colmeiro desenvólvense nunha cidade que perdera o seu carácter de «capital provincial» en 1823 en beneficio da Coruña. O peso da sociedade agraria galega proxéctase nunha Compostela na que conservan un importante status os «rendistas»; que foi caracterizada como «cidade levítica» polo peso social e institucional da Igrexa⁴, que se estendía máis alá do seu significado relixioso, e na que unha «protoburguesía», na acepción de X. R. Barreiro Fernández (2003)⁵, se desvela por asentar novas actividades industriais e de negocios nun marco institucional difícil polos avances e retrocesos na implantación do Estado liberal antes de 1836. Non sorprende, así, a descrición do mundo universitario que nos mostran Barreiro e colaboradoras no tomo II do seu libro *Historia da Universidade de Santiago de Compostela* (Barreiro Fernández 2002).

A súa relación coa Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela

Nos anos de formación académica en Compostela establece Colmeiro relación estreita coa Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago⁶, insigne exemplo no século anterior de institución

3 Accesible en: <https://dbe.rah.es/biografias/4643/manuel-colmeiro-y-penido>. Tamén Sebastián Martín (2013) dá puntual conta dos estudos realizados por Colmeiro, apoiado no exame da documentación relativa ao seu expediente persoal depositado no Archivo General de la Administración (caixa con sinatura 31/15559) e ao seu expediente como estudante no Archivo Histórico Nacional (Universidades, atado con sinatura 6454, exp. 5). De 1899 é a *Necrología del Excmo. Sr. Don Manuel Colmeiro* de Manuel Salvá, na que se recollen datos biográficos de grande interese. Xosé L. Mínguez Goyanes publica en 1995 «Notas para unha vida do profesor D. Manuel Colmeiro», en Rodríguez-Arana Muñoz (1995: 29-61).

4 Anota Xosé Ramón Barreiro Fernández no seu libro *El carlismo gallego* (1976) como o episcopado galego mostrara unha sistemática oposición ás decisións das Cortes de Cádiz. En 1815 mantén unha actitude combativa contra o pronunciamento liberal do mariscal Porlier na Coruña e ha prestar o seu decidido apoio ás partidas realistas durante o Trienio Liberal de 1820-1823. Pode verse tamén do mesmo autor «O discurso absolutista e liberal en Galicia (1808-1814)» (2011). O autor publicara en 1981 «Los orígenes del pensamiento reaccionario y liberal en Galicia (1808-1833)».

5 Tamén Fernández Casanova (2000).

6 en actuacións de certa relevancia na «Económica», pois forma parte de variadas comisións, entre as que destacan as encargadas de informar de cuestións como «la reforma de pesos y medidas o el sistema monetario en España».

ilustrada, xunto co Real Consulado da Coruña e a Academia de Agricultura de Galicia, e cabería incluír tamén a Sociedad Económica establecida en Lugo (en 1784). A Sociedad Económica compostelá, creada en 1783, era na súa composición inicial un fiel reflexo das capas dominantes na cidade, lideradas polo alto clero catedralicio, e eran significativos os atrancos interpostos polo Concello ao seu funcionamento. Figuras destacadas da Ilustración⁷ como José Cornide⁸, Juan Francisco de Castro⁹, Pedro Antonio Sánchez¹⁰, José Lucas Labrada¹¹ ou Luis Marcelino Pereira (este si, ben coñecido por Colmeiro)¹² foron tamén membros da «Económica»

7 Unha pormenorizada achega aos homes da Ilustración en Galicia realízaa Dopico en *A Ilustración e a sociedade galega. A visión de Galicia dos economistas ilustrados* (Dopico 1978a). Pode consultarse tamén do mesmo autor «El proyecto socioeconómico de los ilustrados gallegos» (Dopico 1999).

8 Inclúe Colmeiro na publicación da súa *Biblioteca* de 1861 e 1880 que Cornide é o autor da *Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia* (1774) e que os seus manuscritos conservados na Real Academia de la Historia «contienen datos y noticias tocantes a la población, agricultura, industria, comercio y navegación de aquel antiguo reino, y abundan en reflexiones juiciosas y excelente doctrina» (p. 75).

9 Fora impulsor e subdirector da «Sociedade» de Lugo. Sorprende que Colmeiro, nos capítulos que tratan da amortización civil e da amortización eclesiástica na *Historia de la economía política en España*, non faga referencia ningunha á súa obra *Discursos críticos sobre las leyes y sus intérpretes: incertidumbres y derimentos de los Mayorazgos y otras disposiciones análogas en el bien común: su ofensa a la población, agricultura, artes y comercio: necesidad de remedio, tomo III*, publicada en Madrid en 1770. Para o historiador de dereito Bartolomé Clavero, autor de *Mayorazgo: propiedad feudal en castilla, 1369-1836*, publicado en 1974, Castro é o primeiro historiador desta forma de vinculación da terra. Con todo, si o inclúe na súa *Biblioteca de los economistas españoles de los siglos XVI, XVII y XVIII* de 1880, na que cita o título completo dos seus Discursos críticos... e engade unha cita sobre Castro de V. Sempere do tomo II da *Biblioteca española* (p. 158).

10 A *Biblioteca de los economistas españoles de los siglos XVI, XVII y XVIII* de 1880 dá conta das diversas publicacións de Sánchez e dos escritores que o influíron. Anota que «[a]cierta en todo cuanto se refiere al tráfico interior, pero se desvía de la verdad en lo tocante al comercio extranjero. Aboga por la industria popular, combate el menosprecio de las artes y oficios, impugna las tasas, defiende a los revendedores, y en fin, no puede negársele una parte de gloria por haber promovido las importantes reformas que se llevaron a cabo en su tiempo». Como coda engade: «Contiene algunos arbitrios impertinentes para el consumo del vellón» (p. 117).

11 Na entrada dedicada a Labrada na *Biblioteca de los economistas españoles de los siglos XVI, XVII y XVIII* dise da súa obra *Descripción económica del reino de Galicia*: «Abunda en observaciones juiciosas, propone reformas convenientes, y en fin, es libro digno de ser consultado por el economista» (p. 103).

12 Na páxina 109 do tomo II da *Historia de la economía política en España* Colmeiro enxalza a Pereira, quen nas súas *Reflexiones sobre la ley agraria* «quería y pedía que se diesen al olvido los reglamentos inventados para fomentar de un modo artificial la agricultura, y se librase la esperanza de mejorarla en el respeto escrupuloso de los derechos de libertad y propiedad». Volve citalo páxinas despois: «Nadie a fines del siglo pasado comprendió mejor el modo de restablecer los montes y plantíos que el economista cuya voz se levantó para pedir la supresión absoluta de los privilegios de la Marina en los bosques de dominio privado, fiando al interés individual la multiplicación de los árboles, y al comercio el surtido de las maderas necesarias a los astilleros y arsenales» (p. 126). Despois, na súa a *Biblioteca*, nunha ampla nota ditamina: «Cuerda y prudente doctrina. El autor espera con razón el fomento de la agricultura de España de la fidelidad a los principios de propiedad y libertad [...]. Es un libro de poco volumen pero muy aprovechado, y que merece ser más conocido» (p. 135).

compostelá, mais descoñécese a pegada que as ideas, principalmente destes dous últimos, a prol da liberdade mercantil e dunha visión do funcionamento económico —na que se aprecia xa a influencia de A. Smith¹³— puideron deixar entre os asociados, aínda que si perdurará durante todo o século XIX a preocupación pola difusión dos saberes «útiles» e a implicación dos membros da «Económica» na abordaxe dos problemas da economía e da sociedade en Galicia. Porén, cómpre salientar o significado desta xeración de ilustrados cuxas ideas ben puideron influír nas novas xeracións, malia os avatares que foron alterando o funcionamento da «Económica» nos derradeiros anos do século XVIII e a primeira metade do XIX (Fernández Casanova 1982).

Se concordamos de partida con G. Anes en que Colmeiro é un acaído descendente do pensamento ilustrado, e do español en particular¹⁴, non sobra deixar presentado en que medida puido ser un coñecedor do pensamento ilustrado galego. Menos sabemos nós de se foi coñecedor da obra de reputados liberais como o ferrolán José Alonso López y Nobal (1763-1824), cuxa monumental obra¹⁵ había de correr a mesma sorte que o seu autor, debido á represión que seguiu a restauración absolutista en 1823¹⁶.

Máis probable se presenta a súa posible relación cun home da categoría de Domingo Fontán (1788-1866). A pesar de que era dunha xeración anterior á de Colmeiro (Vila Fariña 2004; Méndez Martínez 2005), tivo o autor da *Carta geométrica de Galicia* (realizada entre 1817 e 1834) destacadas actuacións na súa Compostela natal como profesor na Universidade de Santiago, na que ocupou, entre outras, a cátedra de «matemáticas sublimes»¹⁷, que compaxinou co desempeño de diversas tarefas na Administración. Máis tarde foi un activo deputado nas Cortes, nas filas dos moderados (en 1836, 1837, 1839 e 1841). Á súa volta a Galicia desenvolveu diversas iniciativas empresariais. No comezo dos anos

13 Como estudou Dopico (1978a; 2007).

14 Así o testemuñan recorrentes citas nas súas obras a figuras principalmente da Ilustración francesa e da española. As citas de ilustrados galegos, con moita probabilidade, limítanse, antes de 1880, a Luis Marcelino Pereira. Coa publicación da súa *Biblioteca de los economistas españoles* aparecen xa, ademais de Pereira, nomes como o de Cornide, Labrada, Pedro Antonio Sánchez ou Somoza de Monsorriu.

15 Aparecida en Madrid en 1820 co título de *Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, políticos y económicos, a favor de la libertad y fomento de los pueblos, y noticias particulares de esta clase, relativas al Ferrol y a su comarca*. Véxase Dopico (1978b; 2005).

16 Recollen os seus biógrafos que a súa viúva tivo que vender ao peso os exemplares da súa extensa obra para poder subsistir.

17 Accede en propiedade á cátedra de Matemáticas por oposición en 1818. En 1835 foi nomeado «Catedrático Director del Real Observatorio Astronómico de Madrid y de su Cátedra de Astronomía».

sesenta foi primeiro bibliotecario e despois presidente da Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, institución á que xa estivera vinculado con anterioridade¹⁸.

Actividade académica e proxección pública: 1847-1894

Unha vez iniciada a súa etapa madrileña, que comeza para Colmeiro coa obtención da cátedra na Universidad de Madrid, os anos da década de 1850 definirán a súa proxección pública, ao tempo que, na súa vida persoal, vivirá o cambio que significa o seu matrimonio, en novembro de 1857, con Paz Salvá y Hormaechea, coa que se di que tivo unha filla.

Salienta S. Martín que a década de 1850 significa a formación e consolidación de Colmeiro como economista e xurista oficial do réxime liberal español. Publícase en 1850 o seu *Derecho administrativo español*, reeditado en versión corrixida e ampliada en 1858¹⁹. Mediada esa mesma década, aparece unha obra súa fundamental en materia histórico-política, *De la constitución y del gobierno de los reinos de León y Castilla*.

Son tempos en que a súa figura adquire relevancia internacional. Integrouse nos circuítos institucionais da ciencia económica, política e xurídica europea, e viaxou a París ao Congreso Internacional de Estatística e un ano despois, en 1856, a Bruxelas para asistir, como comisionado do Goberno, ao Congreso de Economistas que se levou a cabo naquela cidade. Pertenceu a academias e organismos culturais estranxeiros como o Instituto Imperial de Francia ou o Instituto de Xenebra, e foi profesor honorario das universidades de Cracovia e Khárkiv. En 1880 noméano membro da Real Academia de Ciencias e Belas Artes de Bélxica e socio da Real Academia dos Linces de Roma. A súa presenza nas institucións, academias e círculos que integraban a vida cultural e política española foi así mesmo considerable (Martín Rodríguez 2009). Os seus biógrafos coinciden en sinalar que, en medio de tanta actividade, a súa vocación foi principalmente académica e docente.

Ademais de profesor universitario e decano da Facultade de Dereito en 1871, non houbo practicamente ningunha institución que non contase coa súa colaboración. Desenvolveu unha activa

18 Fontán fora nomeado en 1834 presidente da Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago.

19 Para Alejandro Nieto (1995) a estrutura administrativa da época isabelina débelle moito a Colmeiro. Sinala textualmente que a maioría dos políticos españois do seu tempo «viron o Estado cos ollos de Colmeiro e obraron en consecuencia» (Nieto 1995a: 124). A. Nieto é o autor do estudo preliminar á edición facsimilar de *Derecho Administrativo Español* e do artigo «Manuel Colmeiro: perfil administrativo», en Rodríguez-Arana Muñoz (1995: 13-27).

vida política dentro do Partido Liberal-Fusionista presidido por Sagasta²⁰, a pesar de que xa antes da creación deste partido fora electo deputado por Pontevedra en 1866 e senador, pola mesma provincia, en 1871. Continuou como senador en 1877 a instancias da Real Academia de la Historia²¹, da que era socio numerario desde o ano 1857²². En 1881 cesou como profesor universitario ao ser nomeado conselleiro de Estado, e pasou a ser senador vitalicio. En todo este tempo desempeñara (e seguirá a desempeñar) cargos como o de presidente da Junta Consultiva do Instituto Geográfico y Estadístico, conselleiro de Estado e presidente da súa Sección de Fomento en dúas ocasións (nos anos 1881 e 1885) e fiscal do Tribunal Supremo de Justicia entre 1886 e 1890. Desde 1857 foi socio e membro moi activo da Real Academia de Ciencias Morales y Políticas²³. Con Laureano Figuerola e Cipriano Segundo Montesinos ocupou o cargo de copresidente da Sociedad de Economía Política, fundada en Madrid en 1857.

Descoñecemos os posibles contactos de Colmeiro co activo grupo de galegos en Madrid que se movían arredor de xornais como o progresista *La Nación*²⁴; *El Oriente*, que defendía posicións liberais modera-

20 Práxedes Mateo Sagasta militara de novo no Partido Progresista e tomara parte activa nas revolucións de 1854 e 1868. Durante o Sexenio Revolucionario (1868-1974) presidiu tres veces o Goberno. Encabezou despois unha escisión, a dos «constitucionais», no Partido Progresista. Asumiu, logo de 1876, o marco político definido na Constitución de 1876. O Partido Liberal-Fusionista creouse en 1880 e deu paso en 1885 ao Partido Liberal, sempre con Sagasta como principal persoeiro. Alternárase no poder cos conservadores de Cánovas e presidiría o Consello de Ministros en distintos momentos entre 1881 e 1902.

21 A Real Academia de la Historia, segundo a Constitución e a Lei do 8 de febreiro de 1877, tiña o dereito de elixir un senador.

22 Protagonizan, indirectamente, unha curiosa anécdota Manuel Colmeiro e Manuel Murguía a propósito do nomeamento en 1866 deste último como socio correspondente da Real Academia de la Historia. Murguía buscara o apoio do socio Carlos R. Fort para que presentase e defendese a súa candidatura, pero esixíralle explicitamente que non interviñese Manuel Colmeiro (pode verse en Álvarez Ruiz de Ojeda 1999).

23 Recolle S. Martín que no ámbito desta academia participou en debates cos homes máis destacados das ciencias sociais en España. Con Emilio Alcalá-Galiano, Laureano Figuerola ou Claudio Moyano discutiu sobre a «conveniencia ou inconveniencia da liberdade de comercio» en España, e co propio Figuerola e con Francisco de Cárdenas tratou o problema da crise monetaria de 1864. Nos anos da Restauración abordou asuntos como a lexislación obreira, o réxime municipal, os tipos de cambio, a criminalidade, o dereito de sufraxio ou a restauración dos gremios con autores como Fernando Cos-Gayón, Melchor Salvá, Antonio de Mena y Zorrilla, Gumersindo de Azcárate ou Vicente Santamaría de Paredes. Mesmo foi corredactor —xunto a Antonio Benavides, Francisco de Cárdenas, Manuel Alonso Martínez e Laureano Figuerola— do ditame da corporación sobre o xuízo oral e público ante un tribunal de xurados emitido en 1882.

24 Xornal que agrupa destacados membros da que foi chamada «xeración rexionalista de 1846», especialmente activos en Madrid nos anos anteriores á revolución de 1854 e no período de goberno progresista de 1854-1856 (con nomes destacados como J. Rúa Figueroa, A. Romero Ortiz, E. Chao ou D. Carballo).

das²⁵, ou *El Tribuno*. Sorprende non atopar o nome de Colmeiro entre o escollido feixe de moi distintos persoeiros galegos (nunha lista que encabezan Ramón de la Sagra e Domingo Fontán) unidos no intento de chamar a atención sobre os terribles efectos da fame desatada en Galicia en 1853 (Rodríguez Galdo / Dopico 1981). Tampouco temos constancia de que tivese relación co político e poeta Nicomedes Pastor Díaz (1811-1863)²⁶, quen defendía un «liberalismo de orde», en palabras de Juan Valera, na súa acción política como deputado pola Coruña en 1843 e como ministro no gabinete de O'Donnell en 1856. Dáse a circunstancia de que foi reitor da Universidad de Madrid en 1847.

A historia da economía na obra de Colmeiro. Unha achega parcial

A vida intelectual de Colmeiro está marcada pola súa vocación intelectual e docente. Non deixou de exercer o ensino universitario desde a súa cátedra de Dereito Político e Administrativo na Universidad Central agás nos breves momentos que o desempeño de tarefas en instancias de goberno llo esixiron.

Autor dunha prolífica obra²⁷, reflíctense na súa biografía intelectual tres perfís ben delimitados: o de xurista, o de economista e o de historiador da economía e do pensamento económico. Trátase de grandes temas que gardan unha íntima unión no seu pensamento e no conxunto de toda a súa actividade, polo que resultan, en ocasións, dificilmente deslindables, o que se aprecia mellor na súa faceta de economista e de historiador da economía e do pensamento económico; faceta esta última que será a que nos ocupe nesta parte do artigo.

25 Colaboran con regularidade nas súas páxinas o deputado viveirense Vicente M. Cociña, Tiburcio Faraldo ou Luis de Trelles, entre outros.

26 Destaca o poeta nado en Viveiro na historia da literatura galega por ser o autor do poema «Alborada» que se publica en 1828.

27 Para S. Martín (2013), «pese aos seus numerosos títulos, Colmeiro foi en realidade autor de tres grandes libros, cada un destes aportación crucial ás respectivas disciplinas que cultivou e todos escritos entre 1845 e 1855. [...] en materia económica, publicou en 1845 un *Tratado elemental de economía política ecléctica* en dous volumes; na disciplina xurídico-administrativa [...] o seu *Derecho administrativo español*, tamén en dous volumes, e no campo xurídico-político, en 1855, [...] *De la constitución y del gobierno de los reinos de Castilla y León*, igualmente en dous tomos» (pp. 648-649). Este investigador da obra de Colmeiro ten unha distinta valoración do resto da súa obra, pois considera que «[t]oda a súa obra posterior, que non é pouca, e que tivo mesmo maior difusión, está constituída, ben por vulgarizacións dalgúns dos libros citados, ben por textos menores, aínda que significativos, ben por desenvolvementos de temas e asuntos que saíron ao paso por vez primeira ao noso autor nas investigacións referidas. O que si fixeron estes primeiros textos foi colocalo nun terreo multidisciplinario, converténdose desde a súa publicación nunha autoridade fundamental na academia española nas materias de economía política, dereito político e dereito administrativo» (p. 649).

Cómpre deixar establecido que, como en toda produción intelectual, especialmente no campo das ciencias sociais, a obra de Colmeiro é tributaria da súa visión do mundo, da organización social coa que interactuou e do modelo económico que, segundo a súa concepción, asegure a consecución do benestar e a prosperidade da nación española. Así, obviamente, a súa interpretación da historia da economía ha reflectir os valores en que asenta a súa obra en cada momento particular da súa vida.

G. Anes caracteriza a Colmeiro como «economista práctico», ao considerar este que as materias xenericamente consideradas de «economía» tiñan un carácter teórico pero eminentemente práctico²⁸. Colmeiro ocúpase no decorrer da súa vida —remarca Anes— de problemas concretos, preto da realidade, analizándoos e propoñendo solucións que varían —cómpre repetir— en función da súa análise do momento concreto. Vémosto xa nos momentos que marcan o inicio da súa vida profesional, xa sexa co dinamismo despregado na Sociedad Económica de Santiago, no que destaca a *Memoria* que presenta á «Económica» compostelá en 1842 sobre «hallar el modo de remediar los males inherentes a la extremada subdivisión de la propiedad territorial en Galicia», que saíra publicada en 1843, ou xa sexa, tamén no referido a publicacións, co traballo de 1847 titulado «Del sistema comercial de España con respecto a la Isla de Cuba»²⁹.

O seu perfil de intelectual e político liberal, desde a súa posición de partida de economista ecléctico, fórase conformando na súa etapa compostelá³⁰, na que xa publicara as dúas obras de certa envergadura ás que se acaba de facer referencia e mais unha tradución da *Economía política o principios de la ciencia de las riquezas*, do francés Joseph Droz (1842)³¹. Esta tradución,

28 Así, no tomo II da súa *Historia de la economía política* escribe que «las verdades especulativas de la economía política se confirman con la experiencia de lo pasado, y los mismos errores de la autoridad o de la opinión sirven de saludable escarmiento» (p. 2).

29 Publícase na *Revista Económica de Madrid*. Aspectos axiais no conxunto da súa obra, aínda que cos matices que incorpora segundo o devir de cada momento, aparecen aquí.

30 Unha relación dos traballos realizados antes das súas oposicións ás cátedras de Santiago e Madrid ofrécenola Colmeiro na *Memoria* que presenta, conservada no Arquivo da Universidad de Madrid (expedientes atado da letra C, Colmeiro).

31 A «escola socialista» representada por J. Droz opúñase aos excesos individualistas da chamada daquela «escola industrial». Escribe Colmeiro na introdución á obra de Droz: «Nuestro autor [...] bien convencido de que la sociedad no es ni un garito, ni un convento, presenta la Economía política a fuer de ciencia social fomentando de consuno los intereses materiales, los morales e intelectuales, en contacto los unos con los otros y en armonía; pero si tal vez hubiese colisión no serían estos los sacrificados. Si se ocupa en la producción de las riquezas, no atrae menos sus miradas la distribución» (Droz 1842: XXVII).

en palabras de Colmeiro, permitíalle «inocular los conocimientos económico-políticos en la juventud» (p. XXXIII) e internarse na senda representada pola «economía ecléctica», xa que «no existe una verdadera contradicción entre la escuela ecléctica y la socialista como no debe haberla entre dos sistemas de los cuales el uno ve la primera de las enfermedades de la sociedad (no la única) en la imperfecta organización del trabajo, y el otro abarca todos los fenómenos económicos sin que le ocupe ningún pensamiento dominante» (pp. XXXI-XXXII).

No seu *Tratado elemental de economía política ecléctica* (1845)³² admite desde as primeiras páxinas que «[s]i errores pasados y desengaños presentes no me hubiesen ya corregido y hecho desertar de las filas de los aeronautas políticos para venir a militar bajo las banderas de una filosofía positiva, concreta, y sobre todo fecunda en resultados, tal vez me sedujese y cautivase el vigor aparente del racionalismo» (p. 10)³³.

Salienta S. Martín³⁴ que o «pragmatismo utilitarista» era a divisa da súa escola, unha escola que pretendía facer da ciencia económica un saber para o bo goberno. Colmeiro conservará e desenvolverá esta idea, lonxe xa do «eclecticismo» ao longo da súa posterior produción intelectual e actuación pública.

Dous anos despois, no texto anteriormente citado titulado «Del sistema comercial de España con respecto a la Isla de Cuba», reafirma a súa posición a favor da división internacional do traballo, pero xa se percibe un importante xiro no seu ideario económico. Se no *Tratado* aínda se mostraba seguidor de Droz e Blanqui e mantiña unha posición intermedia entre o «sistema restrictivo» e a liberdade absoluta³⁵, nos *Principios de economía* de 1859 pode lerse que «[e]n el

32 Na páxina 48 deste tratado Colmeiro inclúe a proposta normativa relativa ao «justo repartimiento» dos bens.

33 Colmeiro anunciaba desde o mesmo título que a súa visión da economía e da organización social se asentaba nas premisas do «eclecticismo económico», tan distante das «tendencias crematísticas» —son as súas palabras— dos industriais como dos que en van pretendían suxeitar a «lexislación económica» a fermosos ideais de imposible cumprimento (aborda máis amplamente este aspecto da obra de Colmeiro S. Martín no seu artigo anteriormente citado).

34 Segundo este investigador, nese momento Colmeiro, máis que practicar a equidistancia entre individualistas e socialistas, inclinábase xa claramente ao lado liberal, aínda que loaba o «carácter social» da disciplina entre cuxas preocupacións figuraba a consecución dunha «conveniente y equitativa distribución de la riqueza» (Martín 2013: 651). A economía política debía, así, tomar as riquezas «como un medio, no como un fin», dado que a súa finalidade principal era o benestar.

35 Así, mostrábase favorable á protección das «industrias nacentes» e ás medidas de aplicación temporal ata que as melloras na educación e o desenvolvemento industrial permitisen suprimilas.

orden económico nada hay más solícito y fecundo que el interés individual» (p. 29), así como que «[e]l derecho de propiedad da origen a la riqueza» (p. 15). Salienta a «tendencia al equilibrio» (p. 259) nos prezos que representa o mercado³⁶, entre outras consideracións.

A súa vocación liberal reflíctese na desbordante actividade académica e intelectual de toda orde que exerce desde a capital dunha España que está a experimentar os profundos cambios que supón a conformación e asentamento dun Estado liberal burgués. Este período de cambio, en profundidade, de ciclo histórico é convulso debido á persistente oposición carlista, de signo tradicionalista, a todo o que significa un Estado liberal (á inicial guerra carlista de 1833-1839 seguiríanlle a de 1855 e a terceira, de 1872-1876) e debido aos enfrontamentos, de distinto signo, entre moderados e progresistas que balizan a historia española de boa parte do século XIX. Estas posicións, como sabemos (e a breve referencia á biografía de Sagasta que se fixo nunha anterior nota é ben expresiva³⁷), tampouco se manterán inalterables en ambas as formacións en todos estes anos.

Colmeiro decantárase inicialmente pola docencia da economía política, ámbito de estudo e de actuación que seguiría desempeñando como home público. Nestes primeiros anos do século XIX, como estudou Manuel Martín Rodríguez (2011), xeneralízase o uso da expresión «economía política» para falar de ciencia económica, aínda que o seu sentido evolucionou, ata o punto de que Say —apunta M. Martín— comentou, no discurso preliminar do seu *Traité d'économie politique* (1803), que «a política ou ciencia do goberno se confundira ata a aparición da obra de Smith, coa Economía Política, a cal ensinaba como se formaban, distribuían e consumían as riquezas».

A erudición de que fai gala Colmeiro no conxunto da súa obra dános pé a incorporar algunhas notas acerca do nacemento e desenvolvemento da economía política en España. A propósito da institucionalización da economía política, lembraban recentemente Natividad Araque e Antonio Cabrales (2022) que esta acontece no século XVII a medida que a ciencia xurídica se vai politizando e servindo de instrumento para lexitimar o concepto de Estado moderno ou de Estado soberano que promovía o benestar e o funcionamento eficaz das institucións. Para os defensores do recoñecemento e éxito desta

36 Unha boa síntese da súa visión do funcionamento da economía e do papel do Goberno («que debería absterse de toda regulamentación») ofrécenola S. Martín (2013).

37 Cánovas é outro caso ben representativo de mudanzas. Así, o «Manifiesto del Manzanares», que preparou o camiño ao Bienio Progresista (1854-1856), fora redactado daquela por un mozo político futuro expoñente do conservadorismo liberal español.

nova disciplina necesitábase —engaden— unha economía nacional próspera baseada nos principios de funcionamento da actividade económica. Velaí o motivo, para os autores citados, polo que se comeza a utilizar o termo «economía política» en referencia ás leis que gobernaban a economía do Estado. Colmeiro ve así o nacemento desta disciplina en España:

El doctor Sancho de Moncada dijo en 1619 que gobernar es ciencia difícil, y propuso añadir una cátedra de política a la enseñanza de nuestras Universidades. Felipe IV la fundó en 1625 incorporándola a los Estudios Reales de Madrid; pero cayó pronto en desgracia, acaso porque en ella se explicaban las doctrinas de Aristóteles, y no los libros donde se pudieran contener los principios y reglas aplicables a la conservación y aumento del reino de España. (Colmeiro 1863: tomo I, 20)

Ao que enseguida engade:

Las Juntas de comercio y las Sociedades económicas dieron vigoroso impulso al estudio de la economía política a fines del siglo pasado y contribuyeron a desterrar muchos abusos y preocupaciones, no sin requerir toda la fuerza de la razón para luchar con algunos rígidos moralistas que solían denunciar al Santo Oficio las máximas y sentencias de los profesores respecto a la usura, al lujo, la población y otras semejantes como ofensivas a los oídos piadosos. (Colmeiro 1863: tomo I, 20)

Prosegue despois:

Penetró en España por aquel tiempo la luz que esparcían en Francia la secta de los fisiócratas y en Inglaterra Adam Smith y sus discípulos de la escuela industrial, y las nuevas ideas de economía política tuvieron entre nosotros celosos intérpretes, ardientes apologistas y propagadores infatigables. (Colmeiro 1863: tomo II, 88)

Salienta tamén o papel do coñecemento histórico, indispensable para avanzar na economía política:

La historia nos enseña que el progreso de la economía política es inseparable del progreso de la libertad civil, afirmada en buenas leyes e instituciones y protegida por una administración solícita e inteligente y una política exterior hábil, perseverante y vigorosa. (Colmeiro 1863: tomo I, 22)

E engade:

Si la autoridad abusa de su elevado ministerio hasta el extremo de mezclarse en los pormenores de la industria, substituyendo a la actividad espontánea y fecunda de los particulares la intervención oficial ciega y arbitraria, el espíritu de invención, asociación y empresa desmaya, y se quebrantan o aniquilan las fuerzas sociales. Entonces el pueblo se acostumbra a recibir todos los bienes de manos del gobierno, y a él acude para que a todos sus males ponga remedio; y si a esta perpetua tutela de las artes vulgares y mecánicas se añade la esclavitud del pensamiento, tendremos un cadáver en vez de la nación llena de vida que denotan la Holanda y la Inglaterra. (Colmeiro 1963: tomo I, 22-23)

Como sabemos, a relación entre coñecemento histórico e economía política fora xa amplamente desenvolvida nos *Principios de economía* de 1859, que serían reeditados poucos anos despois. Os xiros nas posicións ideolóxicas de Colmeiro no campo económico principalmente, desde as súas iniciais posicións de economista ecléctico ata posicións abertamente liberais, conviven cun postulado uniforme e fundamental que expuxera no seu *Tratado* con claridade e que repite na edición dos seus *Principios de economía*. Para el, os elementos básicos da orde económica eran «resultado de la actividad de la economía del pueblo muy anterior a la intervención del gobierno»; así, correspondíalle á ciencia económica revelar «la naturaleza íntima de la economía de las naciones con absoluta independencia de las leyes y formas políticas del estado» (p. 8).

Poderíanse sumar moreas de textos ben expresivos nos que Colmeiro expresa a súa concepción da economía política como un instrumento —como se podía ler nos textos anteriores— ao servizo dos gobernantes, como unha ciencia «da gobernación do Estado»³⁸, de modo que «a observancia ou infracción dos preceptos e regras económicas teñen unha parte moi principal na boa ou mala fortuna dos pobos» (Vallejo Pousada 2004: 16). Tan só con seguir coas citas dunha das súas obras máis representativas, *Historia de la economía política en España*, podemos apreciar o seu empeño constante en demostrar o aserto anterior (como é a tónica en todos os seus traballos desde a década de 1850)³⁹. Así, na páxina 2 da introdución declara que «[l]as verdades especulativas de la economía

38 Como xa fora apuntado por Rafael Vallejo Pousada (2014).

39 ratará de demostrar en todo momento, cun percorrido exhaustivo polos avatares da historia económica de España, desde os considerados no seu tempo máis primitivos poboadores históricos ata a súa máis inmediata actualidade, como se confirman os seus enunciados de partida contrarios a todo freo da liberdade económica.

política se confirman con la experiencia de lo pasado, y los mismos errores de la autoridad o de la opinión sirven de saludable escarmiento»⁴⁰.

En 1861 publícase a *Biblioteca de los economistas españoles de los siglos xvi, xvii y xviii*⁴¹, obra que ten unha intención clara, pois, como afirma o propio autor, persegue «mostrar el progreso de las ideas [...] legadas a la posteridad por los economistas españoles que florecieron en los siglos xvi, xvii y xviii» (p. 9). Con eles, engade, «[l]a ciencia económica asoma al horizonte desnuda ya de los ajenos atavíos con que antes se adornaba [...]. Desde entonces no mendiga el socorro de otra ciencia, ni busca el arrimo de otra autoridad, antes camina por sí sola, penetra en el consejo de los reyes, gobierna la opinión y a su voz poderosa se abren de par en par las puertas del mundo» (p. 11).

Aborda así mesmo a relación entre economía e moral:

Los primeros libros de economía política que se publicaron en España, son debidos a teólogos moralistas [...]. En la España del siglo xvi la teología moral engendra la economía política; y en la Inglaterra del siglo xviii, el profesor de filosofía moral de la universidad de Glasgow, el autor de la *Teoría de los sentimientos morales* escribe la *Riqueza de las naciones*. Esta coincidencia parecerá menos singular, si reflexionamos que la economía política es una aplicación del amor á nuestros semejantes, cuyo bien solicita y busca en el orden material. La moral y la economía son hermanas porque proceden del mismo origen, y están unidas con vínculos indisolubles. (Colmeiro 1880: 9-10)

Este apartado, titulado «A historia da economía na obra de Colmeiro. Unha achega parcial», trata de delimitar o propósito aquí perseguido de realizar unha achega á visión da historia económica en Colmeiro e a funcionalidade que lle asigna en relación coa economía política, que Colmeiro define como «ciencia de los deberes del gobierno». Porén, tamén se quere advertir que non se abordan os

40 Iniciara a páxina precedente anotando que «[h]ace poco más de un siglo que el erudito conde de Campomanes recomendaba con grande eficacia la publicación de libros encaminados a poner de manifiesto nuestros yerros políticos, considerando que los sistemas viciosos de gobierno son más nocivos que las malas cosechas. Los temporales alternan, decía; pero las malas leyes perpetúan el hambre y la miseria, porque atajan de continuo el vuelo de la riqueza y prosperidad de las naciones».

41 Ao final da presentación que precede a publicación da listaxe anotada de autores, o autor sinala: «Bastan estas leves indicaciones para convencer de la importancia o necesidad de publicar una Biblioteca de economistas españoles de los siglos xvi, xvii y xviii como un repertorio de las obras que deben consultarse al escribir la historia de la economía política, de la hacienda y de la administración pública en España, y juzgar con recto criterio el influjo del gobierno en la prosperidad o decadencia del estado» (Colmeiro 1880: 11-12).

temas propiamente historiográficos, relativos principalmente a Colmeiro na historiografía do século XIX e moi especialmente á súa concepción da historia. Agroma nos textos de Colmeiro o mesmo carácter «auxiliar» que se confería á historia na historiografía española do século XIX e da que derivaba unha permanente inconcreción con respecto á fixación do «suxeito histórico». Esta problemática elúdese en boa medida en Colmeiro, ao cualificar a historia de «ineludible», de «maestra de la vida», porque ofrece «a la administración del Estado ejemplos de buena y mala gestión de los negocios públicos» (Colmeiro 1863: tomo I, VI). Quedemos aquí agora coa afirmación de Colmeiro de que «[l]a historia económica de los pueblos es el libro mejor para explicar el vario influjo de las medidas de la administración y del poder benéfico o nocivo de los sistemas».

Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA, Victoria (1999): «A primeira carta en prosa en galego moderno: Camilo Álvarez de Castro escribe a Rosalía sobre *Cantares gallegos* (1863)», *Grial*, 143, 455-474.
- ARAQUE, Natividad / Antonio CABRALES (2022): «La Institucionalización de la Economía Política en las Universidades de España e Inglaterra en el siglo XIX», *Aportes*, 110, 33-58.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1976): *El carlismo gallego*, Santiago de Compostela, Pico Sacro.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1981): «Los orígenes del pensamiento reaccionario y liberal en Galicia (1808-1833)», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 32:96-97, 141-215.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (coord.) (2002): *Historia da Universidade de Santiago de Compostela*, volume II: O século XIX, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (2003): «De la tutela eclesiástica a los inicios de la andadura burguesa (1808-1875)», en Ermelindo Portela Silva (coord.), *Historia de la ciudad de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 433-476.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (2011): «O discurso absolutista e liberal en Galicia (1808-1814)», *Ferrol Análisis*, 26, 200-205.
- COLMEIRO PENIDO, Manuel (1847): «Del sistema comercial de España con respecto a la Isla de Cuba», *Revista Económica de Madrid*, II, 90-112.
- COLMEIRO PENIDO, Manuel (1863): *Historia de la economía política en España*, Madrid, Imprenta de D. Cipriano López.

- COLMEIRO PENIDO, Manuel (1965): *Historia de la economía política en España*, Madrid, Taurus, con nota preliminar e bibliografía de Gonzalo Anes.
- COLMEIRO PENIDO, Manuel (1880 [1861]): *Biblioteca de los economistas españoles de los siglos XVI, XVII y XVIII*, Madrid, Imprenta y Librería de Eduardo Martínez.
- DOPICO, Fausto (1978a): *A Ilustración e a sociedade galega. A visión de Galicia dos economistas ilustrados*, Vigo, Galaxia.
- DOPICO, Fausto (1978b): «José Alonso López, liberal e crítico das institucións do Antigo Réxime», *Grial*, 61, 257-266.
- DOPICO, Fausto (1999): «El proyecto socioeconómico de los ilustrados gallegos», en E. Fuentes Quintana (dir.), *Economía y economistas españoles*, 3, 641-676.
- DOPICO, Fausto (2005): «Matemáticas, fiscalidad y crítica de la escuela clásica. El pensamiento liberal de José Alonso López», *Investigaciones de Historia Económica*, 1:1, 81-96.
- DOPICO, Fausto (2007): «Felicidade pública e libre mercado: o xurdimento de valores liberais na ilustración galega», *Revista Galega de Economía*, 16, nº extra 3, 31-50.
- DROZ, J. (1842): *Economía política, ó Principios de la ciencia de las riquezas*, Madrid, Librería de los Señores Viuda de Calleja e Hijos.
- FERNÁNDEZ CASANOVA, María del Carmen (1982): *La Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago: vida y actividades a lo largo del S. XIX*, Salamanca, Universidad de Salamanca.
- FERNÁNDEZ CASANOVA, María del Carmen (2000), «Instituciones fiscales y comerciantes en Galicia, 1824-34: el ejemplo de Santiago», *Semata. Ciencias Sociais e Humanidades*, 12, 67-91.
- MARTÍN, Sebastián (2013): «Liberalismo e historia en el derecho político. Semblanza de Manuel Colmeiro y Penido (1818-1894)», *Teoría y Realidad Constitucional*, 31, 637-668.
- MARTÍN RODRÍGUEZ, Manuel (2009): *Análisis económico y revolución liberal en España. Economistas académicos en las Cortes liberales, 1834-1874*, Navarra, Editorial Civitas.
- MARTÍN RODRÍGUEZ, Manuel (2011): «Los estudios de Economía en España. La Cátedra de Economía Política de la Universidad de Sevilla, 1807-1936», *Historia de la Educación*, 30, 146.
- MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo (2005): *Domingo Fontán*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- MÍNGUEZ GOYANES, Xosé Luís (1995): «Notas para unha vida do profesor D. Manuel Colmeiro», en Xaime Rodríguez-Arana Muñoz (dir.), *Manuel Colmeiro (1818-1894): estudos conmemorativos do seu primeiro centenario*, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública, 29-61.

- NIETO, Alejandro (1995a): *Derecho Administrativo Español. D. Manuel Colmeiro. Estudio Introductorio*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- NIETO, Alejandro (1995b): «Manuel Colmeiro: perfil administrativo», en Jaime Rodríguez-Arana Muñoz (dir.), *Manuel Colmeiro (1818-1894): estudios conmemorativos do seu primeiro centenario*, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública, 11-27.
- RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ, Xaime (dir.) (1995): *Manuel Colmeiro (1818-1894): estudos conmemorativos do seu primeiro centenario*, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública.
- RODRÍGUEZ GALDO, María Xosé / Fausto DOPICO (1981): *Crisis agrarias y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX*, Sada, Edicións do Castro.
- VILA FARIÑA, Xosé Lois (2004): *Vida y Obra de Domingo Fontán*, Portas, Asociación Cultural Domingo Fontán.
- VALLEJO POUSADA, Rafael (2014): «Manuel Colmeiro y la justificación liberal doctrinaria de la beneficencia pública», *Revista de Historia Industrial*, 54, 11-47.

El Sr. D. Manuel Colmeiro
Para obtener el grado de Dr.
en la facultad de Leis,
Sustenta afirmativa i nega-
tivamente el problema siguiente:
"Admitida la conveniencia de la liber-
tad absoluta de comercio como fin; de-
"berá adoptarse como medio?"
En la Capilla de la Universidad
de Sant. i las 5 de la tarde del
día 24 de Junio de 1841,
D. Isaac Villanueva ^{17º}
Manuel Colmeiro

Portada na que se sinala o tema para a tese

A decisiva contribución de Manuel Colmeiro ao dereito administrativo

Jaime Rodríguez-Arana

Catedrático de Dereito Administrativo na Universidade da Coruña

Manuel Colmeiro, administrativista, economista, historiador, académico..., foi un intelectual galeguista de gran relevancia nas ciencias sociais do século XIX e, particularmente, de singular peso na ciencia da Administración pública española. A figura de Manuel Colmeiro foi lembrada e recomendada no ano 1940 polo profesor Jordana de Pozas, autor da célebre «vuelta a Colmeiro», que o sinala como un dos autores máis importantes do século XIX na configuración da ciencia xurídico-administrativa española.

O seu *Tratado de Derecho Administrativo*, de 1850, constitúe unha vía media entre o empirismo puro e a especulación abstracta e nel demostra a fondo o seu coñecemento das institucións xurídico-administrativas. Para Manuel Barbié, a obra de Colmeiro non ten parangón e indica que «é o libro máis amplo e razoado sobre Administración da época». Pola súa banda, o mestre Gascón y Marín lembrou que «cando se querían ampliar coñecementos e buscar elementos para o seu estudo, íase por un lado a Colmeiro, e por outro á tradución que fixo o profesor Posada da obra de Mayer» (Gascón y Marín 1950: 25).

Como xurista, destacan as súas Lei Administrativa Española de 1850 e Lei Constitucional das Repúblicas Hispanoamericanas de 1858. Para achegarnos ao seu pensamento, nada mellor que reproducir un dos parágrafos de maior contido, na miña opinión, que se atopa no seu *Tratado de Derecho Administrativo* sobre a funcionalidade das administracións públicas, do que se desprende que a súa mirada debe ser penetrante; a súa vontade, firme; a súa acción, permanente, e a súa perseveranza, infatigable: «Nada é indiferente á Administración, dende o máis grande ata o máis pequeno, ou mellor dito, nada parece pequeno aos ollos dunha Administración solícita polo ben do Estado, porque as cousas máis pequenas na vida privada adquiren proporcións xigantescas no ámbito social».

Colmeiro foi, sobre todo, un home da súa época, unha figura do dereito administrativo do século XIX como Oliván, Posada Herrera, Ortiz de Zúñiga, De la Serna e moitos outros. Foi un mestre

comprometido co seu tempo e cunha clara vontade de mellorar a vida das persoas a través da ciencia. Paréceme que así se deduce dunha coñecida pasaxe da súa *Memoria* —que lle valeu un premio da Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela— sobre a propiedade agraria: «¿Terá por ventura amencido o ansiado día en que por boa fe pense o Goberno e queiran os deputados da nación promover os intereses materiais e intelectuais de España? [...] porque para ditar reformas non basta con querer, tamén é necesario sabelas ditar» (Colmeiro 1843: 68, nota 1).

Este parágrafo tamén reflicte algo moi importante. Era un home consciente da grandeza que contén a xestión dos servizos públicos e que entendía cabalmente que o dereito administrativo non é só o ordenamento xurídico propio da Administración pública, senón outra cousa, unha lei que debería permitir un desenvolvemento libre e solidario da persoa.

Colmeiro foi un galeguista ilustre, un sabio, un catedrático coñecido fóra de España (*vid.* Salvá 1898) e un administrativista coñecedor dos límites do poder público. Neste sentido, gustárame lembrar un parágrafo da páxina 20 da primeira edición do seu *Tratado de Derecho Administrativo* referido precisamente aos efectos do intervencionismo administrativo, certamente de grande actualidade nestes tempos perigosos:

Mesturarse sen necesidade na vida social é acostumar a nación a vivir en minoría perpetua e suplicar a protección do Goberno nos actos máis simples da súa existencia. A forza de ver que nada se fai, salvo por orde ou por autorización do poder central, a actividade individual adormece e os individuos acostúmanse a non contar coas súas propias forzas e a requirir protección e estímulo onde só se lles debe conceder a liberdade. O espírito público víciase tamén e a opinión corrómtese, considerándose como norma de todos os actos administrativos non a legalidade senón a vontade da Administración. Logo, o respecto ao poder substitúe o respecto á lei, cuxa idea queda escurecida e finalmente eclipsada escondéndose detrás do maxistrado.

Entre 1990 e 1996 tiven a honra de poñer en marcha a Escola Galega de Administración Pública e nesta etapa fundacional o administrativista Manuel Colmeiro inspirou moitas das decisións adoptadas. Por iso instituímos un galardón que leva o seu nome e que se outorga para premiar estudos sobre a Administración galega dende diferentes perspectivas e dimensións. Ademais, encar-

gouse un busto de Manuel Colmeiro, que ocupa o lugar central do claustro do edificio da institución, no barrio compostelán das Fontiñas. E aí segue presente Manuel Colmeiro, animando a todas as persoas ao servizo da Administración pública en Galicia a facer os deberes co sentido da responsabilidade que sempre guiou todos os seus pasos.

Referencias bibliográficas

COLMEIRO, Manuel (1843): *Memoria sobre el modo más acertado de remediar los males inherentes a la extremada subdivisión de la propiedad territorial de Galicia*, Santiago de Compostela, Imprenta de la Viuda e Hijos de Compañel.

GASCÓN Y MARÍN, José (1950): *Tratado de Derecho Administrativo*, Madrid, C. Bermejo, Impresor, 11ª edición.

SALVÁ, M. (1899): *Necrología del Excmo. Señor Don Manuel Colmeiro, individuo de número y bibliotecario que fué de la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas, leída ante esta corporación en las sesiones de 13 de Diciembre de 1898, 21 y 20 de Marzo y 13 de Junio de 1899*, Madrid, Imprenta del Asilo de Huérfanos del S. C. de Jesús.



Vitor de Manuel Colmeiro
na Universidade
de Santiago de Compostela

A pegada de Colmeiro na cidade de Santiago

Margarita Barral Martínez

Real Sociedad Económica de Amigos del País de la Ciudad de Santiago

Manuel Colmeiro en Compostela e na Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago

Colmeiro estivo en Santiago case trinta anos, ata que marchou para Madrid. Na capital do Reino desenvolveu a meirande parte da súa produción científica e da función pública. O contexto intelectual e ideolóxico no que se formou Colmeiro en Santiago estivo definido polo esplendor académico. Foron anos en que aínda destacaban figuras como o matemático José Rodríguez, o xeógrafo Domingo Fontán ou o socialista utópico Ramón de la Sagra. Foi este un tempo definido pola ruptura cos postulados escolásticos previos e o comezo das relacións con institucións científicas estranxeiras e con académicos e investigadores de fóra. Todo isto levaría a unha paulatina renovación dos métodos de ensino e da investigación de moitos dos protagonistas do Romanticismo galego nos anos corenta, como sería o caso dos irmáns Colmeiro.

A aproximación de Colmeiro á economía política produciuse nestes anos, entre 1840 e 1847, cando exerce como profesor da materia e convive en Santiago con outros intelectuais da destacada xeración da que forma parte, como Antonio Neira de Mosquera, Antolín Faraldo, Antonio Romero Ortiz, José e Manuel Rúa Figueroa, Vicente Cociña ou José Vereas y Aguiar. Definido o noso homenaxeado polo pragmatismo e a convicción de que a principal función da ciencia económica era defender e promover o benestar xeral, en 1842 redacta un estudo titulado *Memoria sobre el modo más acertado de remediar los males inherentes a la extremada subdivisión de la propiedad territorial de Galicia*, co que concursa ao programa de premios convocado pola Real Sociedad Económica de Amigos del País (RSEAP) de Santiago dese mesmo ano¹. Foi o gañador do certame e o traballo publicouse ao ano seguinte, en 1843.

¹ Manuel Colmeiro (1843): *Memoria sobre el modo más acertado de remediar los males inherentes a la extremada subdivisión de la propiedad territorial de Galicia*, Santiago de Compostela, Imprenta de la Viuda e Hijos de Compañel.

O galardón tamén o levaría a ser nomeado socio de mérito da RSEAP o 25 de decembro de 1842². Nesta institución parte de comisións que traballaron na reforma de pesos e medidas e o sistema monetario español, na renda do sal e nos estudos preliminares para establecer unha fábrica de sedas e algodóns na cidade. En Compostela tamén foi membro da Xunta Municipal de Beneficencia, na que deixou a súa pegada na comisión encargada de promover a construción de estradas na provincia.

A Memoria

A orixinalidade da *Memoria* presentada e galardoada no concurso da RSEAP está no feito de tratarse dunha reflexión sobre unha realidade moi concreta: o estado da agricultura galega a comezos dos anos corenta do século XIX. Neste traballo o autor xa amosa a súa inqueda pola existencia dos morgados e a súa negativa repercusión no desenvolvemento da agricultura e da sociedade, un fundamento do pensamento liberal, en definitiva. Para Colmeiro o morgado era este un lastre para o desenvolvemento económico e mercantil, ademais de ser incompatible coa democracia polo mesmo feito de recrear desigualdades. O proceso de desamortización dos morgados estaba a piques de iniciar a súa fin. Foran xa suprimidos por lei en 1820 e, malia ser restaurados por Fernando VII despois de 1823, restableceuse a súa supresión en 1836. Aínda así, foi preciso agardar ao ano 1841 para iniciar a desaparición definitiva dos morgados.

Para Colmeiro os morgados, ademais de ser negativos para o desenvolvemento económico, freaban o crecemento demográfico debido ao fomento do celibato e á acumulación da riqueza nunhas poucas mans, que consideraba tan prexudicial como o minifundismo que acubillaba o sistema de explotación da terra que caracterizaba o rural galego dende a Idade Media, o foro, xunto con toda a idiosincrasia que engloba esta peculiaridade da realidade galega e que chega ata hoxe.

Outro aspecto que tamén destaca nesta *Memoria* presentada por Colmeiro na RSEAP é a súa postura favorable sen dúbida ao concepto liberal de propiedade burguesa, que presenta como un dereito «sacro».

² Arquivo da RSEAP de Santiago de Compostela. Expediente persoal: Manuel Colmeiro. 21.12.1842.

En realidade, na *Memoria* o profesor Colmeiro fala das causas da ruína da industria agrícola de Galicia: a pouca instrución dos labregos e un escaso desenvolvemento das actividades industriais e comerciais, os efectos negativos da desamortización acontecida ata entón, a supresión dos décimos e o paso cara a un sistema tributario monetarizado, o mal emprego da riqueza comunal e dos baldíos, a permanencia do sistema foral e a división dos dominios. Neste documento afróntanse as consecuencias da excesiva subdivisión da explotación da terra e preséntanse solucións para mellorar o estado da agricultura galega, alternativas que tanto a RSEAP como os gobernos deberían tomar como pautas de comportamento.

Unha das medidas máis orixinais que Colmeiro postula nesta *Memoria* é a eliminación do sistema foral, ao entender que a unión dos dominios era un paso previo para a «aglomeración da propiedade». Non considera tal posibilidade realizable, polo menos parcialmente, mediante a política desamortizadora acontecida ata entón. Entende os foros como unha «institución benéfica» en orixe, na etapa feudal, pero na realidade liberal do século XIX convertíase no xerme de moitas das doenzas que afectaban a agricultura galega e que impedían a capitalización do campo. Con todo isto Colmeiro pretendeu defender unha nova realidade para a agricultura, aquela dominada por una lóxica diferente á tradicional e na que as relacións básicas pasaban a ser outras ben distintas: o labrego propietario pleno da terra, a «aglomeración da propiedade» e a instrución técnica do campesiñado.

As propostas de Colmeiro adiantaron así nun século as reformas básicas que se deberían acometer no seo da agricultura galega, como é o caso da concentración das labranzas, a colonización dos bens comunais e dos baldíos, o emprego de capitais e a mecanización do traballo no campo. Pero, curiosamente, todos estes procesos non serían acometidos en verdade ata o comezo do século XX, cando a lei de redención foral de setembro de 1926 foi fundamental³. Colmeiro foi, polo tanto, un visionario, o que o fai merecedor dun lugar de honra na historia do pensamento agrario galego contemporáneo.

Na lóxica interna deste documento mestúranse dúas tradicións intelectuais: a) o arbitristo ilustrado e b) os rudimentos da teoría económica aplicada á agricultura e recollidos dos textos de

³ Os procesos de redención foral a partir desta lexislación decretada na etapa da ditadura de Primo de Rivera esténdense ata o ano 1973.

economía francesa da época. Neste traballo inicial de Colmeiro, redactado cando tiña 24 anos, xa se poden albiscar, os principios básicos do pensamento liberal coetáneo: a defensa da propiedade burguesa, a vinculación entre interese individual e progreso social, o desenvolvemento económico como resultado da remoción das herdanzas feudais e unha lóxica arbitrista en termos xerais. Para Colmeiro o equilibrio na distribución da riqueza territorial constitúe tamén a mellor forma de combater os efectos negativos da economía industrial, aqueles que levan ao pauperismo (e de aí tamén a súa defensa dos sindicatos).

O pensamento económico-político de Colmeiro

Para facer unha valoración-resumo do pensamento económico-político de Colmeiro poderíamos dicir que, dende unha defensa inicial do eclecticismo como posición intermedia entre as teorías dos economistas clásicos e as correntes socializantes, o homenaxeado defende a idea de pregar e adaptar o sistema aos feitos reais herdados da historia para buscar melloras e solucións aos problemas da realidade económica do Estado⁴. Xa no *Tratado elemental de economía política ecléctica*, publicado tres anos despois da *Memoria* premiada na RSEAP, en 1845, sinala que a experiencia e a observación dos acontecementos proporcionaban información que era preciso analizar e sintetizar, seguindo os criterios da nova «filosofía positiva».

Ao seu traballo e colaboración na RSEAP de Santiago tamén se refire noutra memoria, a presentada para a defensa da cátedra. No traballo «Del sistema comercial de España con respecto a la isla de Cuba» (1847), no que se evidencia a súa vasta formación en lecturas e en pensamento liberal, fai unha defensa da división internacional do traballo e de que a protección do comercio exterior fose temporal. Considera que, se a industria protexida estaba fundamentada na prosperidade futura, a protección outorgada a aquela tamén debería ser temporal, e con isto acadaríase outro logro: evitar a creación de intereses alternativos (particulares). Así, Colmeiro tamén defendía a liberdade mercantil nas relacións comerciais de España no dominio colonial na illa de Cuba.

⁴ Nestes postulados amósase seguidor de Droz e de Blanqui, e mantén unha posición intermedia entre o sistema restritivo e a liberdade absoluta.

Pero pouco a pouco Manuel Colmeiro tamén foi evolucionando ata vencellarse, dende este eclecticismo inicial, aos principios da chamada Escola Economista e aos postulados defensores dunha maior liberdade para as iniciativas individuais, como defenderá xa nos *Principios de economía política*, obra publicada en 1859. De feito, posiciónase a favor dun proteccionismo parcial e selectivo, que puidese favorecer as industrias nacentes. Colmeiro aceptaba certas intervención do Estado en sectores da economía a través de reformas en política arancelaria e monetaria.

Manuel Colmeiro tamén foi membro destacado da Real Academia de la Historia e da Real Academia de Ciencias Morales y Políticas dende 1857. A súa gran formación económica, política, histórica e xurídica posiciónao como un dos precursores do dereito administrativo e da ciencia económica en España. En xuño de 1851 xa solicitara licenza para realizar unha viaxe de estudos nos meses de verán, e repite a iniciativa para viaxar a París e a outras cidades europeas no verán de 1855, coa pretensión de estender as súas relacións con científicos e académicos estranxeiros. Nesta viaxe visita a Exposición Universal da Industria e asiste ao Congreso Internacional de Estatística en París. Malia a súa preferente preocupación polos asuntos xurídicos e administrativos, foi dos poucos autores españois do século XIX que coñecía as principais obras dos economistas europeos coetáneos: J. Droz, A. Blanqui, A. Smith, T. Malthus e J. B. Say, entre outros. Pero Colmeiro foi tributario sobre todo da escola francesa de economistas, que xurdiu co século arredor fundamentalmente das figuras de Bay e Sismondi.

Como político militou no Partido Liberal-Fusionista de Sagasta e foi deputado nas Cortes por Pontevedra (1865-1866), así como senador tamén por Pontevedra (RD do 05.09.1871), por designación da Real Academia de la Historia nas lexislaturas de 1879-1880 e 1880-1881 e senador vitalicio dende 1881. Tamén foi inspector xeral de Instrución Pública (1874). Con 68 anos de idade accede ao seu último cargo oficial, o de fiscal do Tribunal Supremo, en compensación pola xubilación como catedrático (1881); cinco anos despois, en febreiro de 1886, Manuel Alonso Martínez, como ministro de Graza e Xustiza, referenda este nomeamento. Colmeiro exerce o cargo ata xullo de 1890, data en que foi admitida a renuncia ao cargo, fundamentada no mal estado de saúde.

Foi membro de prestixiosas corporacións científicas internacionais: do Instituto Imperial de Francia, do Instituto de Xenebra, da Real Academia de Ciencias e Belas Artes de Bélxica, e da Real

Academia dos Linceos de Roma; tamén foi profesor honorario das Universidades Imperiais de Cracovia (Polonia) e Khárkiv (Ucraina).

Outorgáronlle varias condecoracións nacionais que recoñecían os seus méritos: era Cabaleiro da Gran Cruz da Orde Civil de María Victoria (23.03.1872), posuía a Gran Cruz da Real Orde de Isabel a Católica (20.04.1876) e tamén era Comendador da Real Orde de Carlos III (29.03.1879). Faleceu en Madrid o 11 de agosto de 1894, deixando como viúva a María de la Paz Salvá y Hormaechea, coa que casara en novembro de 1857.

A pegada e o legado de Manuel Colmeiro

Tras esta sucinta presentación da traxectoria e significado de Manuel Colmeiro en Compostela (e na RSEAP de Santiago), podemos atopar sen problema certo paralelismo coas inxerencias da economía política actual. O fundamento sempre é a promoción da ciencia e da tecnoloxía e a difusión da cultura e dos valores científicos dende a independencia, é dicir, os piares do desenvolvemento social e económico da realidade galega no mundo actual.

Así, poderíamos rematar esta breve descrición dicindo que, en realidade, moitos dos postulados e das observacións apuntadas nas teorías económicas orixinarias de Colmeiro conservan a súa total valía hoxe en día. É dicir, a súa afinidade á problemática económica dende o reinado de Isabel II e ata a primeira etapa da Restauración segue unha formulación moderna para a época, baseada sempre no rigor científico do xuízo empírico dos feitos e nunha conciencia social construtiva. Manuel Colmeiro, ademais de académico polifacético e rigoroso, cunha produción científica que deixaría pegada nas xeracións futuras de economistas, xuristas e historiadores, foi sen dúbida un personaxe indispensable nas mudanzas económicas e sociais tan precisas na realidade galega e española dos séculos XIX e XX.

Polo dito nestas breves liñas, dende a RSEAP agradecemos a decisión da Real Academia Galega de Ciencias de nomear a Manuel Colmeiro como científico galego do ano 2023, o primeiro científico social en recibir este recoñecemento.

O papel dos economistas na sociedade actual

Miguel A. Vázquez Taín

Presidente do Consello Galego de Economistas

Como queda acreditado sobradamente nos traballos que configuran esta homenaxe da Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) a Manuel Colmeiro y Penido, con motivo do seu nomeamento como científico do ano, este pode considerarse, de facto, o primeiro grande economista galego. Nun contexto temporal no que nin a formación nin o exercicio da profesión resultan comparables ao que hoxe entendemos por economista, a dedicación e as achegas de Colmeiro respecto da ciencia económica, dende o plano tanto teórico como aplicado, avalan sobradamente o seu encadramento nesta profesión. Pola súa vez, dentro deste ámbito, unha das súas teimas principais foi a de configurar e pór en valor a misión da ciencia económica dentro da sociedade.

Case un século e medio despois, aproveitando a invitación da RAGC a participar neste recoñecemento a Colmeiro e a preocupación deste por este tema, dende a organización que representa os economistas galegos, o Consello Galego de Economistas, pretendemos reflexionar sobre a función dos profesionais do ámbito económico na actualidade.

Somos conscientes de que este obxectivo non resultará sinxelo. E é que, dende tempos inmemoriais, os economistas mantémonos de forma perenne no diván buscando resposta ás cuestións antropolóxicas por antonomasia da nosa profesión: quen somos?, de onde vimos?, a onde imos?; en suma, que papel desempeñamos e, o que é máis importante, que papel deberíamos desempeñar na sociedade actual.

As funcións dos profesionais da economía

De entrada, temos que denunciar que partimos dun ambiente con certos prexuízos derivados de que unha parte das respostas a estes interrogantes, sobre todo nestes últimos anos de crise económica case perenne, co seu correspondente impacto social, se produciron dende fóra da profesión, cun resultado pouco favorable para os economistas. Non só non se valora adecuadamente a

profesión, senón que se pon en cuestión o traballo dos profesionais da economía con xuízos críticos que poñen énfase, en especial, na deficiente capacidade predictiva sobre o devir dos acontecementos económicos, e impútasenos certo grao de responsabilidade, por non dicir a meirande parte, nos procesos de xestación e evolución das crises económicas.

Sen negar parte dos cargos que se nos imputan, resulta absolutamente inxusto sentenciar de forma xeneralizada contra o conxunto da profesión, especialmente por levar a cabo este xuízo sen ter en conta todos os antecedentes. Se se procedese cunha perspectiva histórica ampla abondo, deberíase concluír que a profesión de economista é unha das que máis contribuíu, especialmente nas últimas décadas, ao progreso da sociedade e á mellora do benestar dos que a conformamos.

Resulta aínda máis grave o errado das funcións que se nos atribúen. Malia que os postulados dalgunhas das correntes de pensamento económico puideron conducir á equivocación de equiparar a economía coas ciencias exactas, coa fiabilidade e capacidade predictiva das experimentais, a realización de previsións non constitúe unha das tarefas básicas dos economistas e, en todo caso, ás indicacións que facemos sobre a posible evolución da economía non se lles pode atribuír un carácter de certeza equiparable ao das ciencias sometidas ao rigor do método científico.

Isto ten a súa razón de ser no feito de que a evolución da actividade económica, en última instancia, é o resultado das decisións de multitude de axentes económicos —de feito, todos os individuos e entidades, tanto privadas como públicas, que conforman a sociedade—, que de forma continua, no seu desenvolvemento diario, van tomando e modificando sobre a marcha. Esta é a realidade que conforma o devir da economía, polo que resulta complicada a súa modelización e a posibilidade de avanzar previsións cun grao de certeza suficiente.

Isto tennos que permitir extraer unha primeira lección, que é a de que, máis aló da responsabilidade dos economistas no asesoramento especializado para axudar á toma das decisións antes referidas, todas as persoas teñen que ter certo grao de coñecemento en materia económica. Neste senso, hoxe debemos clamar por unha educación económica e financeira para o conxunto da sociedade, ao igual que Colmeiro reclamaba no ano 1850 a necesidade de estudos especializados e diferenciados de economía no ámbito universitario, «que preparen para a xestión dos intereses xerais [...] e para que a ciencia penetre na Administración», fito finalmente acadado case un século

máis tarde, en 1943, coa creación da primeira Facultade de Ciencias Políticas e Económicas da entón denominada Universidad Central de Madrid, cunha Sección de Ciencias Económicas.

É unha vella e reiterada demanda do colectivo dos economistas a implantación dunha sólida formación económica, de forma xeneralizada e nos diferentes niveis de ensino preuniversitario da nosa xuventude, dado que o conxunto da sociedade debería contar cunha formación básica neste ámbito que a habilite para a toma das decisións con implicacións económicas no seu que-facer diario. Sen ánimo de pór excusas, o actual déficit de coñecemento económico e financeiro da nosa sociedade, sen dúbida, actuou como elemento esporeador dos factores desencadeantes das recentes crises económicas. Resulta oportuno aquí recordar o proclamado no seu día por Joan Robinson, considerada a primeira grande economista muller, cando dicía que «todos debemos saber economía, aínda que só sexa para non ser enganados polos economistas e, sobre todo, polos que non o son».

Nesta tarefa imos con moito atraso no noso país. A diferenza do que acontece en países desenvolvidos do noso contorno, que contan con materias de índole económica nos seus sistemas obrigatorios de ensinanza, aquí atopámonos nun sistema no que a meirande parte do alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e do bacharelato non cursa ningunha materia de economía de maneira obrigatoria. No marco da actual lei educativa (LOMLOE), das horas obrigatorias totais que configuran os catro cursos da ESO, que se sitúan ao redor das 3800, nin unha soa é de contido económico. No bacharelato acontece máis ou menos o mesmo.

Parece obvio que esta realidade non garda correspondencia coa importancia das decisións que tomamos ao longo da nosa vida con repercusións económicas para nós mesmos e para o conxunto da sociedade, que se afrontan, na súa meirande parte, sen a preparación correspondente. Tampouco se corresponde coa realidade actual dos estudos de economía no ámbito universitario, no que os graos relacionados coa economía, a administración e dirección de empresas e o comercio son dos que contan cunha maior demanda por parte do alumnado e, o que é máis importante, con niveis destacados de empregabilidade. Neste senso, resulta moi preocupante a pobre bagaxe de coñecementos do ámbito económico coa que o alumnado afronta a súa formación especializada, o que, sen dúbida, afecta tanto a esta como ao seu desempeño profesional posterior.

Na mesma liña argumental antes apuntada por Robinson, tamén Ha-Joon Chang, destacado especialista na economía do desenvolvemento, afirma no seu libro *Economía para o 99 % da poboación* que todo cidadán responsable «necesita aprender un pouco sobre economía [...] para poder recoñecer os distintos tipos de argumentos económicos e desenvolver a facultade crítica de xulgar cal deles ten máis sentido nunha determinada circunstancia económica».

Neste escenario, corresponde por tanto que tomemos conciencia como sociedade da conveniencia de contar cunha cultura financeira, que necesariamente debe ser achegada polo sistema educativo nas etapas obrigatorias, para que a súa adquisición sexa xeneralizada. Isto suporá melloras en clave individual e, o que é máis importante, en clave colectiva, e facilitará pola súa vez as posibilidades de actuación dos economistas.

O traballo dos economistas na sociedade actual

Unha vez configurado o contexto social no que se debería desenvolver o traballo dos economistas e as súas funcións, toca necesariamente centrarse na responsabilidade que nos atinxe. Tradicionalmente, atribúesenos aos economistas o encargo de asignar de forma eficaz os recursos escasos para a satisfacción das necesidades humanas. Dende a profesión hai tempo que complementamos a definición anterior engadindo en primeiro lugar o adxectivo eficiente, para primar que a consecución dos obxectivos se realice cos menores custos posibles.

Nesa definición recóllense dunha forma clara e sinxela as dúas encomendas básicas atribuídas aos economistas: asignar os recursos aos mellores usos, cunha xestión eficiente deles, e lograr a satisfacción das necesidades individuais e da sociedade no seu conxunto.

Ambas as facetas constitúen a clave para o avance económico e social. Polo que respecta á primeira encomenda, aínda desempeñando un papel importante as análises macro e micro, o realmente definitorio nas últimas décadas é o coñecemento experto que os economistas achegamos aos axentes económicos para a toma das súas decisións, avaliando as implicacións destas en termos de custos e beneficios co obxecto de lograr unha acaída asignación dos recursos.

É neste eido no que máis se leva avanzado. Hoxe os profesionais da economía estamos case omnipresentes en todos os ámbitos e sectores, privados ou públicos, nos que se toman decisións con repercusións económicas. Son estas achegas a nivel micro as que, por agregación, configuran a evolución macro da economía. Obviamente, tanto o marco normativo como a orientación das políticas públicas son importantes. Non obstante, asumidas as regras do mercado como definitorias do funcionamento da economía e establecido o marco de actuación do sector público, son as decisións dos diferentes axentes económicos as que realmente configuran a economía. Axudando na procura da eficiencia dos diferentes axentes económicos, os economistas contribuímos ao progreso da sociedade e á mellora do benestar.

Aínda a risco de obviar algún ámbito de actuación, considero importante salientar aqueles en que o traballo dos economistas desempeña un papel relevante. Neste senso, primeiramente debemos referirnos á xeración e difusión do coñecemento económico. Os economistas docentes e investigadores, nos diferentes niveis de ensino pero de forma especial no universitario, no que se forman as novas xeracións de economistas, conseguen pór á disposición da sociedade capital humano con formación suficiente e adaptada a unhas necesidades que, ademais de incrementarse, evolucionaron constantemente nos últimos anos.

Este coñecemento experto é básico para orientar na planificación e na dirección das actividades económicas. Xa sexan estas públicas ou privadas, de pequeno ou gran tamaño, afrontadas individualmente ou baixo algunha das diferentes formas societarias, todas necesitan, e practicamente hoxe case todas dispoñen, do traballo executivo ou de asesoramento dos economistas.

É arredor das actividades económicas onde os economistas, despregando o carácter multidisciplinario da nosa profesión, realizamos importantes achegas que van máis aló da súa planificación e dirección e coas que contribuímos ao seu impulso e funcionamento dunha forma eficiente: no ámbito financeiro, dando resposta ás necesidades tanto das propias actividades económicas como dos particulares; no ámbito contable e de auditoría, subministrando a información necesaria para a toma de decisións e garantindo a súa fiabilidade; no ámbito laboral, optimizando a asignación dos recursos humanos e axudando a que se cumpran os dereitos dos traballadores; no ámbito concursal, reconducindo situacións de insolvencia ou axudando a sacar do sistema as actividades inviables

dunha forma ordenada; no ámbito fiscal, coa dobre perspectiva de facilitar o cumprimento das obrigas tributarias por parte dos contribuíntes e garantir os ingresos do sector público; no ámbito dixital, aproveitando o impulso da dixitalización no incremento da produtividade; no ámbito da sustentabilidade, encadrando as actividades no necesario marco de responsabilidade medioambiental, social e de bo goberno. Nesta liña poderíamos seguir enumerando ámbitos en que os economistas poñen o seu coñecemento ao servizo da sociedade, tanto no sector privado como no público.

Corresponde por tanto reivindicar, recoñecer e pór en valor o traballo desenvolto por todos os profesionais da economía que, dunha forma silenciosa e operando transversalmente no conxunto da economía, contribuímos ao avance económico e social.

Chegados a este punto, e esquecendo a reflexión de Alfred Marshall, quen sostivo que «toda frase curta sobre a economía é intrinsecamente falsa» —sen darse conta, quizais, de que nesta aseveración caera de plano no denominado «paradoxo do mentireiro»—, parécenos acaí da a afirmación do filósofo e politólogo José Ortega y Gasset que, na nosa opinión, exemplifica perfectamente a importancia dos profesionais da economía: «Sen uns poucos economistas non faremos absolutamente nada; con eles faremolo todo».

En todo caso, dende a perspectiva actual, é o segundo obxectivo que antes atribuíamos aos economistas o realmente definitorio da nosa misión. A eficiencia debe ser consubstancial a toda actividade económica ou profesión e nós, axudando a que o resto de actividades e profesións sexan eficientes, empurramos cara ao que é a nosa auténtica e xenuína responsabilidade: garantir a cobertura das necesidades humanas. Esta é a verdadeira misión da nosa profesión, que, xunto coas capacidades e competencias, leva engadidos os valores de compromiso e responsabilidade, que conxuntamente conforman o seu carácter social.

A economía é, por tanto, unha ciencia social. E non só por estar involucradas persoas e mais reaccións e relacións persoais, con toda a complexidade e implicacións que isto leva consigo. O carácter social da nosa profesión implica ir máis aló das análises técnicas para tomar decisións eficientes nos diferentes ámbitos. Supón pórnos ao servizo da sociedade, poñendo o foco nas persoas para que estas poidan satisfacer dignamente as súas necesidades.

Neste senso, e aínda que o papel dos economistas non é o de determinar as políticas económicas, senón o de axudar a definilas e, unha vez aprobadas, garantir a súa correcta e eficaz tradución e aplicación, mal fariamos se non fixésemos propostas en correspondencia coa nosa misión e carácter social. E aquí pouco temos que inventar. Perfectamente podemos dar por válidos os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) proxectados para 2030 polos estados membros da ONU, xunto con ONG e cidadáns de todo o mundo, que conforman unha boa folla de ruta que seguir: o fin da pobreza, a fame cero, o traballo digno, a redución das desigualdades ou o fomento da produción e do consumo responsables. Estes, entre outros, son fitos aos que debemos aspirar e contribuír os economistas.

Sendo conscientes de que é imposible garantir plenamente a eficacia e eficiencia das accións por desenvolver, ou de que se superarán as dificultades que sen dúbida ningunha aparecerán nos procesos de implantación duns obxectivos tan ambiciosos, a nosa tarefa como profesionais da economía debe ser a de dar forma a eses enunciados xerais e dotalos de plans de acción viables, fundamentados e xustificados nunha base teórica, de xeito que contribuamos ao éxito dos programas, sempre cunha meta clara: acadar a satisfacción das necesidades humanas.

Este é o papel que desempeñamos e debemos desempeñar os economistas na sociedade actual. E nesta mesma liña de pensamento atopábase o propio Colmeiro, sempre preclaro e que propugnaba que a principal misión da ciencia económica é a de «facen o benestar tan xeral como for posible». Aínda que os economistas non temos un como tal, este debería ser o noso particular e irrenunciable xuramento hipocrático como profesionais.



RAGC/
REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS